

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 1**

### **SESION ORDINARIA DO 28 DE XANEIRO DE 2008**

#### **ASISTENTES**

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Calviño Rodríguez, Xulio  
Coello Bufill, Antonio  
Comesaña Abalde, Carlos  
Díaz Vázquez, Raquel  
Domínguez Olveira, Santiago  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José Manuel  
García Míguez, María Angeles  
González Sagarra, Javier Pablo  
Guerra Fernández, Javier Jorge

Iglesias Bueno, Marta  
Lago Rey, María Jesús  
Larriba Leira, Elvira  
López Atrio, Laura  
López Carreira, Xesús  
López Font, Carlos  
Martiño Gómez, Antonio  
Méndez Piñeiro, María  
Molares Pérez, Lucía Emilia  
Porro Martínez, María Corina  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Velo Ríos, Iolanda

#### **NON ASISTE:**

Conde Gil, Jorge

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día vinteoito de xaneiro do ano dous mil oito, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Velo Ríos, actuando como secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. Conde Gil. Están tamén presentes

as membros da Xunta de Goberno Local Sras. Maure Noia e Silva Rego e mailo interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar los asuntos da orde do día.

1.- (1).- ACTA ANTERIOR. (SESIÓN ORD. 26.11.07).

(Está ausente o Sr. Conde Gil).

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria do Pleno da Corporación que tivo lugar o día 26 de novembro de 2007.

2.- (2).- MODIFICACIÓN DOS ARTIGOS 8.1 E 8.2 DO REGULAMENTO ORGÁNICO DA COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 7 de novembro de 2007, o concelleiro delegado de Distritos, presidente da comisión especial de Suxestións e Reclamacións, formula a seguinte proposta:

"O Concello Pleno, en sesión ordinaria do día 25 de outubro de 2004 aprobou definitivamente o Regulamento orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán. O texto regulamentario foi obxecto de publicación íntegra no BOP o día 30 de novembro de 2004.

O artigo 8.2 do Regulamento, incluído no Título II referente ó "Valedor do Cidadán" textualmente indica:

"2.- O Valedor que actuará con independencia, imparcialidade e obxectividade, será elixido mediante acordo da Comisión adoptado en votación que represente o voto dos dous terzos dos membros do Pleno. A elección será por un tempo non superior ó mandato da Corporación sen prexuízo da súa reelección. En todo caso continuará nas súas funcións ata a data de substitución."

O Regulamento concibe ó Valedor como órgano de enlace e colaboración da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e os cidadáns, que isto sexa así non implica que tal cargo institucional, pola súa relevancia, non deba ser elixido polo Pleno da Corporación.

Por outra banda non parece conveniente nin axeitado que tal figura institucional estea ligada á duración do mandato da Corporación, catro anos, pois as súas funcións de protección e defensa dos dereitos dos cidadáns nas súas relacións coa administración municipal e os servizos e actividades prestados por ela gozan de total autonomía e independencia respecto das funcións e atribucións tanto do goberno municipal coma do Pleno. Así mesmo é recomendable que tal cargo non se identifique permanentemente cunha persoa determinada razón pola que tamén resulta conveniente limitar a posible reelección a dúas veces, ampliándose non obstante a cinco anos o período para o desenvolvemento do cargo.

Finalmente o artigo 8.1. no apartado catro das funcións nel recomendadas indica:

“Anualmente, mediante informe, dará conta da súa xestión á Comisión, informe que acompañará ó que preceptivamente eleva a Comisión ó Pleno.”

A modificación anterior implica que tal informe anual non só deba ser coñecido directamente pola Comisión, o Pleno debe ter idéntico trato, non un coñecemento derivado das disfuncións e anomalías que se producen no funcionamento dos servizos municipais.

Polo anterior o concelleiro delegado propón ó Pleno da Corporación, previa a súa aprobación como proxecto pola Xunta de Goberno Local, a aprobación do acordo que figura na parte dispositiva.

O secretario xeral do Pleno, con data 8 de novembro de 2007, emite o seguinte informe:

"O contido material da modificación proposta obedece a razóns de oportunidade e discrecionalidade debidamente motivadas na proposta, 54.1 f. LXPAC, que non procede valorar.

Polo que se refire ó procedemento de aprobación, o art. 127.1.a) da LBRL sinala que, previa a súa aprobación plenaria, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto dos Regulamentos; debe entenderse que as modificacións destes tamén, isto implica que este expediente constitúe unha proposta do equipo de goberno, o máximo órgano municipal de representación. Realizada tal aprobación deberá someterse a ditame da comisión informativa correspondente en razón da materia que o elevará para a súa aprobación inicial ó Pleno. Conseguida esta co quórum antes mencionado o expediente someterase a información pública polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio no BOP a efectos de que os interesados en tal prazo efectúen as reclamacións e suxestións que coiden convenientes que, tralo informe técnico, serán resoltas polo Pleno na fase de aprobación definitiva (art. 49 LBRL), adoptada esta procederese á publicación

íntegra da modificación operada no BOP efectos da súa entrada en vigor (art. 70.2 LBRL)".

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 12 de novembro, prestou a súa aprobación ó anterior informe-proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de novembro, ditamina favorablemente.

Incluído o presente expediente na orde do día do Pleno que tivo lugar o día 26 de novembro de 2007, apróbase a súa retirada para ser tratado na comisión de Queixas e Suxestións previamente á súa aprobación plenaria.

A comisión especial de Suxestións e Reclamacións, en sesión do 21 de xaneiro, presta a súa conformidade á proposta formulada.

(Está ausente o Sr. Conde Gil).

**VOTACIÓN E ACORDO.-** Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Modificar os artigos 8.1. e 8.2. do Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestión e Reclamacións e do Valedor do Cidadán do seguinte xeito:

“Art. 8.1. (apartado cuarto das funcións encomendadas)

- Anualmente, mediante informe dará conta da súa xestión á Comisión e ó Pleno.

Art. 8.2. O Valedor, que actuará con independencia, imparcialidade e obxectividade, será elixido polo Pleno da Corporación mediante o voto favorable dos dous terzos do número legal dos seus membros. A elección será por un período de cinco anos, sen prexuízo da súa reelección por dúas veces. En todo caso continuará nas súas funcións ata a data da súa substitución.”

Segundo.- Someter o acordo da aprobación inicial da modificación a información pública mediante inserción de anuncio no BOP a efectos que os interesados, no prazo de 30 días hábiles, efectúen as reclamacións ou suxestións que coiden convenientes, debéndose entender definitivamente aprobada a modificación no suposto de que non se produciran.

Terceiro.- No caso de aprobación definitiva, proceder á publicación íntegra do texto regulamentario obxecto de modificación no BOP a efectos da súa entrada en

vigor.

Cuarto.- Considerar que o nomeamento do Valedor do Cidadán acordado pola Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións en data 29 de outubro de 2007 o é polo tempo sinalado na nova redacción efectuada ó artigo 8.2., cinco anos, e que tal nomeamento, ó recaeren na mesma persoa que o viña desenvolvendo, non poderá ser obxecto de reelección por mais dunha soa vez.

### 3.- (3).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS EN LA VÍA PÚBLICA.

ANTECEDENTES.- Con data 14 de xaneiro de 2008 a técnica de administración xeral da Área de Mobilidade, Tráfico e Seguridade, coa conformidade do xefe da citada área, informa do que segue:

"En cumprimento da orde de servizo do concelleiro-delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade do 29 de novembro de 2007 e 14 de xaneiro de 2008, emítase a seguinte proposta de aprobación de Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas na vía pública.

O texto da ordenanza que se pretende aprobar é froito do consenso entre as concellerías de Mobilidade, Transportes e Seguridade, Comercio e Turismo, e maila Federación de Empresarios de Hostalería de Pontevedra trala reunión realizada o pasado 11.01.2008.

#### I. NORMATIVA APLICABLE:

- CE: Constitución Española de 1978.
- LRXPAC: Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- LRBRL: Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- LMMGL: Lei 57/2003, do 16 de decembro, Medidas para a Modernización do Goberno Local.
- RSCL: Decreto 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- ROF: Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- TRRL: Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- LALGA: Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- RBEL: Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño.

## II. COMPETENCIA MUNICIPAL:

O Concello de Vigo debe establecer, vía ordenanza, a regulación do réxime xurídico do aproveitamento de terreos de dominio público dentro do termo municipal de Vigo mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas que constitúan complemento da actividade que desenvolven os establecementos de hostalería de carácter permanente. A estes efectos, enténdese por terrazas, as instalacións formadas por mesas, cadeiras, parasoles, toldos, xardineiras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal de hostalería tal como bar, café-bar, cafetería, restaurante ou similares.

A instalación destas mesas e cadeiras na vía pública constitúe un uso común especial do dominio público. O RBEL 1372/1986 dispón no seu artigo 77.1 que o uso común especial normal dos bens de dominio público suxeitarase a licenza, axustada á natureza do dominio, aos actos da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral.

Co fin de regular o outorgamento deste tipo de licenzas de xeito que sexa compatible a utilización do espazo público para goce e tránsito dos usuarios da vía pública coa ocupación da mesma por parte dos titulares de establecementos de hostalería, apróbase a presente ordenanza na que se adoptan unha serie de medidas tendentes a buscar un equilibrio e distribución equitativa e razoable do dominio público. Asemade, procúrase adecuar a estética das instalacións ao contorno dos seus emprazamentos co obxecto de dotar dun atractivo singular o espazo urbano da nosa cidade.

Considerando que o municipio, conforme aos artigos 25.2.b) da LRBRL 7/1985 e 80.2.b) da LALGA 5/1997, posúe competencia en materia de ordenación do tráfico de persoas nas vías urbanas, e coa finalidade da procura dunha mellor calidade de vida da nosa cidadanía (art. 45.2 CE), propónse aprobar a Ordenanza Municipal de reguladora da instalación de terrazas na vía pública, de acordo coa potestade recoñecida ás Corporacións Locais de intervenir na actividade dos cidadáns a través de ordenanzas (artigos 4.1.a, 84.1.a da LRBRL e 5 do RSCL).

Segundo o disposto na LMMGL 57/2003, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (art 127.1.a) e ao Pleno Municipal a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (art. 123.1.d).

De acordo co disposto no art. 49 da LRBRL, seguirase o seguinte procedemento para a aprobación da ordenanza: Aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia dos interesados por un prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. Asemade, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. Conforme co previsto no artigo 70.2 da LRBRL, a ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno, publicarase integramente no BOP entrando en vigor na data disposta na disposición final

segunda, aos 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra."

Polo anteriormente exposto, a técnica informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 21 de xaneiro, presta a súa aprobación ó proxecto de ordenanza contido no expediente.

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, en sesión do 21 de xaneiro, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: É a primeira vez que se presenta neste Pleno, polo tanto neste Concello, unha ordenanza que pretende regular o uso de terrazas na vía pública para establecementos de restauración. Facémolo porque entendemos que é unha regulación xeral con vocación de permanencia, por iso superamos o xeito do facer ata o momento, que era a través dun bando anual que obviamente non é o que lle corresponde, así estamos avanzando no que é unha obriga dun goberno municipal e por suposto deste Pleno. Presentamos ó mesmo tempo a ordenanza cun consenso total cos representantes dos empresarios da hostalería a través da súa Federación.

Con esta ordenanza téntase precisamente regular para dar ou non licenza de uso de dominio público, permitindo ós establecementos de hostalería a ocupación da vía pública con mesas e cadeiras.

O prioritario para este goberno, e confío que para este Pleno, é facer compatible o goce e mobilidade dos usuarios na vía pública coa ocupación por medio de terrazas axeitadas esteticamente que permitan o lecer da cidadanía ó mesmo tempo que se fai atractivo o espazo urbano da nosa cidade.

Respecto ós bandos anteriores esta ordenanza ten bastantes novidades que vou resumir sinxelamente.

É importante que se asegúrase que sempre exista un espazo de 1,20 m. libres de obstáculos para o tránsito dos peóns e por suposto sen barreiras, tanto para os carros de nenos como para as posibles cadeiras de discapacitados, de xeito que o ancho mínimo das beirarrúas, que se mantén en 2,5 m., ten a seguridade que no caso de que sexan menos de tres as cadeiras terán que estar enfrontadas por mesas e apegadas á liña de fachada, é dicir, en cada mesa só poderá haber dúas

cadeiras precisamente para que se cumpra a estrita necesidade de 1,20 m. libres. En beirarrúas de ancho superior a 5,5 metros permitirase só unha dobre fileira de mesas e, por suposto, nas zonas peonís e prazas requirirase un estudo especial axeitado ás características da rúa ou praza, ampliándose as posibilidades de uso para terrazas, asegurando sempre a calidade estética e o seu axuste á realidade arquitectónica do contorno e o goce xeral dos espazos públicos para calquera cidadán.

É intención de todas as concellerías implicadas deste goberno, que estas zonas peonís e prazas teñan un uso importante deste bo xeito de lecer que enriquece á cidade, pero para iso é necesario obviamente que se cumpra ese estudo especial axeitado ás características desa rúa ou praza.

Ó mesmo tempo regúlase o horario de funcionamento das terrazas precisamente para garantir o dereito ó descanso da cidadanía. A apertura vai ser ás 10,00 horas e o peche os laborais e festivos ás 0,00 horas e os sábados e vésperas de festivos á 1,30 da mañanciña. Entre o 1 de maio e o 31 de setembro eses prazos ampliáanse ata 2,00 horas e 2,30 horas. Por suposto que nas zonas que este Pleno acorde como zonas sas o horario será o que se acorde no seu momento neste Pleno.

Evidentemente como en toda ordenanza establécese tamén un réxime de sancións -leves, graves e moi graves- para asegurar o seu efectivo cumprimento. Precisamente o que se presenta nestes intres é para que, unha vez aprobada provisionalmente, co mes de exposición pública para alegacións, poidamos ter a seguridade de que a Policía Local, coa axeitada formación e información, poida organizar este servizo que ven sendo todos os anos un dos problemas que converte moitas desas terrazas en auténticas barreiras, que fan que durante toda a noite estea en moitas ocasións ese mobiliario urbano afeando a cidade. Procuraremos que iso non se volva repetir.

SRA. MOLARES PÉREZ: Gustaríanos facer tres reflexións. Estamos de acordo en que se cambie a regulación das terrazas públicas a ordenanza en troques de bando, de feito o anterior responsable estaba traballando nun borrador neste sentido, pero si nos gustaría matizar tres cousas.

En primeiro lugar que precisamente tratándose dun cambio na regulación a unha ordenanza, así o dixemos na correspondente comisión informativa pero queremos



tamén dicir publicamente neste Pleno que nos semella lamentable que o único punto que aparece como materia de goberno xuntamente coa anterior modificación do Regulamento de Suxestións e Reclamacións, que por outra banda xa se eliminara da orde do día do Pleno do 27 de novembro porque non se consensuara coa oposición, precisamente esta ordenanza se incorporara fóra da orde do día na comisión informativa, o mesmo día que se aprobaba en Xunta de Goberno e polo tanto que non se deu a oportunidade de que esta ordenanza se incorporara nas comisións informativas de xeito normal tratándose dun cambio de regulación, un cambio normativo que é importante. Parécenos un defecto formal que pode seren legal pero que coidamos fallan as formas.

O concelleiro do ramo fala do total consenso co sector e con referencia a isto preocupánnos as declaracións que nesta última semana saíron nos medios de comunicación que nos fan dudar dese total consenso. Preocúpanos en dous sentidos, primeiro, queremos que neste Pleno nos responda o concelleiro da área se realmente con este regulamento se respecta a casuística específica que se pode dar coas terrazas do Casco Vello. Coidamos que a dinamización da hostalería no Casco Vello ten que ser un obxectivo prioritario e sobre todo cando o responsable de Turismo anunciou que se vai solicitar este ano ese Plan de excelencia turística, no que xa se estaba traballando e que nestes intreos se está actualizando que por suposto todos coñecemos, ou polo menos o responsable de Turismo sabe que unha parte dese Plan de excelencia turística está enfocado no ámbito de dinamización do Casco Vello e sobre todo da súa hostalería.

Polo tanto parécenos preocupante e non temos claro que nesta ordenanza se respecte esa casuística específica, así nolo fixeron chegar ademais representantes do sector e queremos que neste Pleno se aclare esa situación.

En referencia ó artigo 16 no que se fala da apertura ás 10,00 da mañá, tamén nos chegaron queixas do sector referentes a que a instalación das terrazas a esa hora, cando a apertura dos locais pode ser unha ou dúas horas antes, pode ocasionar problemas mesmo á hora de xestionar o propio negocio, posto que a maioría dos locais teñen as mesas e cadeiras nos propios locais unha vez que pechan. Polo tanto parécenos que pode afectar á operativa do comercio, neste caso da hostalería.

Por último tamén queremos que, como ben dicía o concelleiro de Mobilidade e

Seguridade, nos confirmen se hai que compatibilizar os intereses do sector co dereito que teñen todos e todas as cidadás a gozar das rúas. En referencia ás rúas de máis de 5,5 metros, respecto ó borrador anterior hai unha diminución do paso de 1,50 a 1,20 e gustaríanos saber se na Comisión de Accesibilidade se tratou este tema e tamén que opina. Dende logo que é beneficioso para a hostalaría posto que ten máis espazo de utilización das terrazas, pero tamén nos gustaría saber se este tema se tratou na Comisión de Accesibilidade e se persoas como as de mobilidade reducida en cadeiras de rodas, están de acordo en que esta ordenanza vaia nestes termos.

Estes son os tres puntos que nos gustaría que nos aclarara o concelleiro de Mobilidade e Seguridade para poder dar o voto a favor do Partido Popular.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sinxelamente para lle aclarar á Sra. Molares algunhas cuestións das que pediu.

En primeiro lugar teño que dicir que dende o primeiro momento, en canto o concelleiro de Mobilidade me remitiu o proxecto de ordenanza, estivemos traballando coordinadamente porque evidentemente era un tema que ademais da mobilidade, accesibilidade e todo o demais como ben dixo vostede afecta claramente a un sector como é o da hostalería. Dende ese primeiro momento puxémonos en contacto coa Federación Provincial de Hostalaría, á que lle remitimos ese borrador e á súa vez remitiunos unha serie de suxestións e isto rematou cunha reunión co concelleiro de Mobilidade e representantes da Concellería de Comercio, na que se acordou esta ordenanza. Polo tanto aquela entidade que está representando hoxe a todos os hostaleiros da provincia e polo tanto de Vigo está de acordo coa ordenanza e mesmo se puideron asumir suxestións que eles mesmos presentaban.

Con respecto ó Casco Vello coidamos que si cumpre a ordenanza a súa tipicidade concreta e tamén quero informar que estamos en contacto directo e cotiá coa Asociación de Comerciantes Casco Vello de Vigo.

Tamén lle informo, e supoño que xa o sabe, que esta ordenanza terá un prazo de exposición pública de 30 días e polo tanto se nalgún intre houbera algunha cuestión, e así llo comunicamos á Asociación de Comerciantes do Casco Vello, coa que aínda puidéramos mellorar a ordenanza nese prazo de exposición ó público a

través das alegacións dos distintos colectivos, dea por feito que así o faremos. Cremos que é unha boa ordenanza, ademais é a primeira vez que vai haber unha ordenanza e polo tanto coidamos que é moi bo regular todos os servizos que se lle poden ofertar á cidadanía para que ninguén se sinta danado nin discriminado por eles. Coidamos que esta ordenanza cumpre todos eses requisitos e repito que conta co apoio do sector.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Para responder ás inquietudes da Sra. Molares e porque tamén convén que se saiba neste Pleno que o Grupo do Partido Popular ten esta ordenanza na súa versión orixinal e ten tres ou catro pequenos cambios dos que informei axeitadamente na comisión informativa correspondente dende hai máis dun mes. Non ten sentido polo tanto presentar un problema de fondo cando o único que houbo neste caso foi unha absoluta pequenez no tema das formas.

Respecto ó Casco Vello dicirille que temos perfectamente clara a importancia da excelencia turística da cidade e particularmente desa zona do Casco Vello. Precisamente por iso, porque o que se pretende é potenciar o uso das terrazas nestas zonas peonís e prazas e o Casco Vello ten moito de ambas cousas, ponse esa necesidade de estudo especial que os representantes da Federación de Hostalería entenderon absolutamente e por suposto tamén están informados os representantes dos comerciantes do Casco Vello.

Outra cousa é que, aproveitando a conxuntura, a oposición sacara o feito de que nos xornais dos pasados días houbera algunha incidencia respecto a dúas cafeterías, Don Gregorio e Escala na Porta do Sol, cara á entrada do Casco Vello, motivadas por reiterados incumprimentos do seu bando do ano pasado e numerosas denuncias por ruídos e por instalar máis mesas das autorizadas, que comprobadas repetidamente pola Policía Local fixeron que teñan aberto un expediente dende o ano pasado. O feito de que algo que corresponde ó pasado tivera lugar, permitiulles a vostedes facer o de sempre: facer catastrofismo que en todo caso sería achacable a vostedes porque nós estamos resolvendo o problema e para iso presentamos aquí esta ordenanza.

Por suposto que cando tivemos as diversas reunións os representantes da hostalería non nos presentaron nada respecto ó horario das 10,00 da mañá; saíu este tema precisamente polo que saíu nos xornais sobre algunha destas cafeterías

da Porta do Sol. Exclusivamente saíu esa preocupación das 10,00 horas porque é certo que algúns establecementos están acostumados a utilizar a rúa pública para almacenar mesas e cadeiras, iso si que é ben certo. Pois trátase de poñer punto e final a iso. Ese mes de alegacións permitirá estudar se hai argumentos consistentes que permitan e aconsellen modificar esa apertura, farémolo por suposto coa maior preocupación polo sector e pola cidadanía de Vigo.

Con respecto á diminución dese paso de 1,50 a 1,20 no caso de que haxa dúas fileiras porque a beirarrúa teña máis de 5,5 metros, dicir que a Federación de Hostalería, que parece que é o que motiva as súas preocupacións, entenderon perfectamente esta situación porque ademais se asegura que haxa non 1,20, senón 2 metros porque o requirimento como vostede sabe de 5,5 metros a 1,75 que é cada fileira ó final ven resultando un paso de 2 metros. Non se preocupe porque faremos as xestións oportunas para que as organizacións representativas de incapacitados desta cidade entendan que isto é perfectamente compatible co uso, con liberdade e sen barreiras, por parte de todos eles.

Polo demais dicir que en efecto houbo unha total comunicación entre as concellerías implicadas nesta ordenanza e que ademais é totalmente extensible a todo o sector como vostede ben sabe.

SRA. MOLARES PÉREZ: Realmente non me contestou ó que eu lle preguntaba sobre se pasara ou non pola Comisión de Accesibilidade, pero pola resposta que me dá entendo que a partir de agora verán publicada no boletín correspondente a ordenanza. Pensamos que sería necesario que esta ordenanza pasara por esa Comisión de Accesibilidade.

Segundo, referente ó que a vostede lle parece un pequeno defecto formal, a nós e a calquera que saiba de normativa parécenos realmente desaxeitado ou polo menos que responde a unha improvisación que unha ordenanza coma esta non vaia incluída na orde do día da comisión informativa do correspondente Pleno.

En canto ás terrazas da Porta do Sol dicirlle que non é oportunismo, realmente non están arranxando problemas dun goberno anterior, senón que vostedes tardaron en dar unhas licenzas que de corresponderen tiñan que estar dadas o 1 de xaneiro e de incumprir non llas terían que conceder logo de que saíra en prensa, precisamente ó día seguinte de que iso se denunciara en prensa. Entón, unha de

dúas, ou cometeron infraccións e non se lle poden dar esas licenzas, ou se vostedes llas deron o día despois de que saíran nos medios de comunicación vostede como responsable saberá o que fixo. Nós cremos que se este Concello deu licenza dende logo será porque está ben concedida.

Seguimos dicindo que a nós nos chegan queixas. Vostede e o concelleiro responsable de Turismo tranquilízanme en canto a que a casuística do Casco Vello está resolta, pero a nós nos chegan preocupacións do sector e tamén estamos en continuo contacto co movemento asociativo e neste caso deste sector en concreto e en referencia á apertura das terrazas ás 10,00 da mañá evidentemente tamén nos chegan queixas de que isto pode alterar o funcionamento cotiá destes establecementos.

Polo tanto estas seguen a ser preocupacións que temos pero como estamos diante dunha aprobación inicial o Partido Popular vaise abster para saber se realmente estas inquietudes que nos traslada a nós o sector son realmente así e polo tanto se manifestarán a través de alegacións neste período de exposición que se abrirá unha vez que se aprobe esta ordenanza.

Dicir tamén que unha ordenanza coma esta que se pode traballar con tempo e con total unanimidade de todos, parécenos preocupante que ó responsable de Mobilidade e Seguridade lle pareza un tema menor que se inclúa ou non na orde do día porque realmente as normas están para as cumprir e o lóxico é que se incluíra na orde do día porque, malia ter un borrador, se non coñecemos o texto real que se vai traer este Pleno e polo tanto que se aproba en comisión informativa, preocúpanos que a través das súas explicacións pretendan que nós fagamos xuízos de valor. No Partido Popular gústanos ler os papeis e ter a nosa propia opinión, agradecemos pero non nos fai falla que nos expliquen vostedes o que ven escrito porque temos capacidade para o interpretar polos nosos propios medios.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Semella que non o entenderon porque precisamente esta ordenanza está para resolver, entre outras cousas, problemas de accesibilidade así que non veña vostede presentando un problema absolutamente inexistente.

Respecto ós expedientes correspondentes ás denuncias motivadas pola mala aplicación do bando do goberno anterior é algo que vostede coñece moi ben, un expediente está para se resolver, non dubido que tivera os seus atrasos pero aí

está unha resolución motivada pola redacción do bando anterior pero pensando xa tamén no futuro, no xeito de organizar as terrazas, que non ocupen todo ese importante acceso que ten o Casco Vello cara á Praza da Constitución coas cafeterías que nomeei anteriormente. Polo menos xa está normalizado con dúas fileiras para que non se volvan repetir situacións anteriores.

En cantos ás meras desculpas que vostedes poñen para non votar de novo unha cousa positiva para esta cidade como é por primeira vez esta ordenanza de terrazas, xa somos suficientemente maiores para saber que vostedes están nunha posición política na que non queren aprobar absolutamente nada por unanimidade, non queren aportar, nin apoiar co seu voto ningunha iniciativa deste goberno. Como xa estamos acostumados sigan vostedes así que dende logo non coido que lle vaian ben as cousas.

(Está ausente o Sr. Conde Gil).

**VOTACIÓN E ACORDO.-** Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez e Porro Martínez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas na vía pública (exp. nº 74215/210), co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

Terceiro.- Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da ordenanza no BOP, entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa completa publicación.

# **ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DAS TERRAZAS NA VÍA PÚBLICA**

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A instalación de mesas e cadeiras na vía pública constitúe un uso común especial do dominio público.

O Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, dispón no seu artigo 77.1, que o uso común especial normal dos bens de dominio público suxeitarase a licenza, axustada á natureza do dominio, aos actos da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral. O artigo 9.7.b do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1955, e mailo artigo 44.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, aplican a estas licenzas a doutrina do silencio negativo, o que implica que o peticionario da licenza non ostenta un dereito preexistente á súa obtención.

Co fin de regular o outorgamento deste tipo de licenzas de xeito que sexa compatible a utilización do espazo público para goce e tránsito dos usuarios da vía pública coa ocupación da mesma por parte dos titulares de establecementos de hostalería, apróbase a presente ordenanza na que se adoptan unha serie de medidas tendentes a buscar un equilibrio e distribución equitativa e razoable do dominio público. Asemade, procúrase adecuar a estética das instalacións ao contorno dos seus emprazamentos co obxecto de dotar dun atractivo singular o espazo urbano da nosa cidade.

## **TÍTULO I OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

### **Artigo 1. Obxecto**

1.- A presente ordenanza ten por obxecto a regulación do réxime xurídico a que debe someterse o aproveitamento de terreos de dominio público dentro do termo municipal de Vigo mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas que constitúan complemento da actividade que desenvolven os establecementos de hostalería de carácter permanente.

2.- Esta ordenanza non será de aplicación aos actos de ocupación do dominio público de carácter hostaleiro que se realicen con motivo da celebración das festas patronais, feiras e festexos populares, os que se rexerán polas súas normas específicas.

3.- Non son obxecto desta ordenanza a instalación de quioscos ou instalacións permanentes en espazos exteriores de dominio público municipal. Ditas ocupacións suxeitaranse a previa concesión administrativa.

## **Artigo 2. Instalacións autorizables.**

Aos efectos desta ordenanza, entenderanse por terrazas, as instalacións formadas por mesas, cadeiras, parasoles, toldos, xardineiras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal de hostalería tal como bar, café-bar, cafetería, restaurante o similares.

## **TÍTULO II RÉXIME XURÍDICO**

### **Artigo 3. Autorizacións.**

1.- A implantación destas instalacións require a previa obtención de licenza municipal nos termos previstos nesta ordenanza e na normativa sectorial aplicable. Prohíbese a instalación de terrazas na vía pública sen licenza municipal. Todas as licenzas outorgaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, entendéndose concedidas en precario. O exercicio da actividade desenvolverase a risco e ventura dos interesados.

2.- O petionario da licenza non ostenta un dereito preexistente a súa obtención, polo que nin a presentación da solicitude de autorización de ocupación de vía pública nin o pagamento das taxas correspondentes, autorizan ao interesado para instalar a terraza.

3.- A instalación de terrazas sen a preceptiva autorización ou sen se axustar ás condicións da licenza, dará lugar a inmediata orde de retirada que, de non ser executada voluntariamente polo interesado, executarase subsidiariamente polo Concello, a custa do obrigado, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer.

### **Artigo 4. Solicitudes-Autoliqidacións.**

1.- Poderán solicitar licenza para este tipo de ocupacións, os titulares de licenzas de actividade-apertura dos establecementos de hostalería que linden co espazo exterior que se pretende ocupar, sempre que a actividade se desenvolva de conformidade coas normas urbanísticas e sectoriais que regulan a mesma.

2.- As solicitudes-autoliqidacións, que se presentarán cun mes, como mínimo, de antelación á data de instalación que se interesa, deberán formularse no impreso normalizado establecido ao efecto, debendo especificar os datos persoais, nome comercial do establecemento e licenza de actividade do mesmo, ámbito temporal da instalación, dimensións da terraza, ancho da beirarrúa libre para peóns, número de cadeiras, mesas, toldos, parasoles e demais elementos decorativos.

3.- De se tratar da primeira instalación, a solicitude-autoliqidación acompañarase necesariamente da seguinte documentación:

3.a) Fotocopia compulsada da licenza de actividade-apertura do establecemento



de hostalería A licenza deberá estar en vigor e non atoparse incurso en expedientes de disciplina urbanística e contaminación acústica que afecten ao devandito establecemento.

- 3.b) Documento que acredite non ter débedas pendentes coa Facenda Municipal.
- 3.c) Memoria descritiva do tipo de ocupación que se vai realizar e do mobiliario que se pretende instalar. Deberá expresar o número de mesas e cadeiras a instalar e a superficie de m<sup>2</sup> a ocupar. Achegarase unha fotografía do mobiliario e da fachada do establecemento.
- 3.d) Plano de situación da terraza, no que se reflicta a superficie a ocupar, a lonxitude da fachada do establecemento, ancho da beirarrúa, distancias ás esquinas, paradas de autobuses, saídas de emerxencia, pasos de vehículos, así como todos os elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación.

4.- No caso dunha instalación xa autorizada en períodos anteriores, non será necesario presentar a documentación esixida no apartado anterior.

O interesado fará constar na súa solicitude-autoliquidación o feito de non ter débedas pendentes coa facenda municipal e maila circunstancia de ter realizado instalación de terraza en período anterior, indicando o número de expediente e a data da licenza de ocupación de dominio público, sinalando que se mantén o mesmo titular, a mesma actividade e as mesmas condicións da instalación da terraza.

#### **Artigo 5. Período impositivo.**

1. Os aproveitamentos obxecto da presente ordenanza estarán suxeitos ao pagamento das correspondentes taxas establecidas na ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial do dominio público local.
2. Os períodos impositivos establécense na devandita ordenanza fiscal. No momento de facer a autoliquidación, os interesados especificarán o período impositivo polo que optan e para o que desexan obter autorización. En todo caso, os períodos impositivos serán períodos naturais completos.
3. Cando o interesado desexe continuar coa instalación da terraza autorizada, deberá presentar unha nova solicitude, como mínimo, cun mes de antelación á expiración da licenza de ocupación, logo do pagamento das novas taxas.

#### **Artigo 6. Forma de efectuar a autoliquidación da taxa.**

1. Por regra xeral, para o cálculo dos metros cadrados, considerarase que unha mesa e catro cadeiras dun modelo estándar común ocupan unha superficie de 3,06 metros cadrados (1,75 mmts. x 1,75 mts.). O número de metros cadrados máximos autorizables, que haberá de autoliquidar, virá determinado polos metros liñais de fachada do establecemento de hostalería multiplicados por 1,75 metros, o que determinará o número de mesas que se poderán instalar.
2. Unicamente nas beirarrúas de ancho igual ou superior a 5,50 metros permitirase unha dobre fileira de mesas debendo deixarse, en todo caso, 1,20

metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes. Os interesados que desexen instalar esta dobre fila, aos efectos da autoliquidación da taxa, para obter o número de metros cadrados máximos autorizables, multiplicarán por tres os metros lineais de fachada do establecemento de hostalería

### **Artigo 7. Tramitación.**

O procedemento iniciárase mediante solicitude-autoliquidación, en impreso normalizado que conterá, polo menos, os datos sinalados no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRX-PAC), ao que se achegará, no seu caso, a documentación prevista no artigo 4 da presente ordenanza, que se presentará no rexistro xeral do Concello de Vigo, sen prexuízo do disposto nos artigos 38.4 e 38.9 da Lei LRX-PAC. Asemade, poderanse crear rexistros telemáticos para a recepción e saída de solicitudes, escritos e comunicacións.

Os servizos municipais disporán dun prazo de dez días para examinar a solicitude e a documentación aportada e, no seu caso, requirirán ao interesado para que subsane a falta ou achegue a documentación preceptiva, con indicación de que se non o fixera teráselle por desistido da súa petición, arquivándose sen máis trámite, cos efectos previstos no artigo 42.1 da LRX-PAC.

Unha vez completada a documentación, emitirase informe técnico e xurídico que finalizará con proposta nalgún dos seguintes contidos: denegación ou outorgamento da licenza de ocupación-terraza.

### **Artigo 8. Obriga de resolver.**

1. O órgano competente para a concesión da licenza é o Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue. Sen prexuízo da obriga de resolver, a non contestación do pedimento no prazo de un mes implicará a súa desestimación tácita a efectos da interposición dos correspondentes recursos.

2. A concesión ou denegación das licenzas efectuarase en función do cumprimento dos requisitos previstos na presente ordenanza, das características da vía ou terreo onde se pretende a instalación e das circunstancias obxectivas en cada caso concorrentes e constatadas nos informes que a eses efectos se soliciten. No caso de se denegar a licenza procederase á devolución da taxa autoliquidada.

### **Artigo 9. Supostos de transmisibilidade e subrogación.**

1. A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostalería que linde co espazo exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.

2. As licenzas para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e o novo titular comuniquen dita circunstancia ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as

responsabilidades que se derivasen para o titular de acordo co disposto no artigo 13.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

3. No caso de falecemento do titular da licenza, subrogaranse na mesma os seus herdeiros, sempre que se manteña a licenza para a actividade do establecemento principal e a terraza. Dita subrogación deberá ser solicitada ante o Concello, aportando o interesado a documentación que acredite a súa condición de herdeiro e xustificando o cambio de titularidade da licenza de actividade do establecemento principal.

#### **Artigo 10. Suspensión e revogación da autorización.**

1.- Cando concorran circunstancias de interese público que impidan a efectiva utilización do solo para o destino autorizado, tales como obras, acontecementos públicos, festexos populares, situacións de emerxencia ou calquera outras, a autorización municipal quedará sen efecto ata que desaparezan ditas circunstancias, sen que xere dereito a indemnización ningunha.

2.- Cando xurdan circunstancias imprevistas ou sobrevidas de urbanización, así como de implantación, supresión ou modificación de servizos públicos, ou se produzan danos no dominio público, a Administración concédente mediante resolución motivada poderá revogar a licenza concedida sen dereito a indemnización ningunha. Igual facultade alcanzará no caso de que da actividade autorizada se deriven molestias graves para o tráfico peonil, se produzan queixas ou reclamacións por parte dos veciños debidamente acreditadas ou denuncias da Policía Local por molestias de rúidos e por perturbación do descanso nocturno.

#### **Artigo 11. Vixencia das autorizacións.**

A vixencia das autorizacións de ocupación que se concedan corresponderase co período de funcionamento autorizado.

### **TÍTULO III DAS INSTALACIÓNS.**

#### **Artigo 12. Condicións de situación.**

As instalacións, deberán cumprir as seguintes condicións:

1. Condicións xerais:

A colocación de terrazas nas vías públicas deberá en todo caso respectar o uso común xeral preferente das mesmas. En consecuencia, non suporán obstáculo para o tránsito peonil nin poderán prexudicar a seguridade deste ou do tráfico rodado.

A autoridade municipal competente denegará a autorización destas instalacións temporais en calquera dos seguintes supostos:

- Cando se incumpran os requisitos esixidos na presente ordenanza.
- Cando a instalación se pretenda realizar en calzada ou zona de aparcamento de vehículos.
- Cando supoña un prexuízo para a seguridade vial (diminución da visibilidade, distracción para o condutor, etc.) ou dificulte sensiblemente o tráfico dos peóns.
- Cando poida incidir na seguridade (evacuación) dos edificios e locais próximos.
- Cando supoña para a súa atención atravesar a calzada.
- Cando impida ou dificulte gravemente o uso de equipamentos ou mobiliarios urbanos (fontes, cabinas telefónicas, etc.).
- Cando se instalen en xardíns públicos ou comunitarios.
- Cando resulte inadecuada ou discordante co seu entorno, por exemplo, menoscabando o interese de edificios públicos ou espazos públicos ou de carácter histórico-artístico.

## 2. Características das beirarrúas e ocupación permitida:

2.a. Será requisito indispensable para autorizar a instalación da terraza que a beirarrúa na que se instale teña un ancho mínimo de 2,50 metros e que se deixe, polo menos, un espazo de 1,20 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

2.b. Nas beirarrúas de ancho igual ou superior a 2,50 metros e inferior a 3 metros, tan só se permitirán dos cadeiras por mesa, debendo colocarse a mesa apegada á liña da fachada do establecemento principal e as cadeiras enfrontadas, co fin de que quede, polo menos, un espazo de 1,20 metros libres de obstáculos para o tránsito dos peóns.

2.c. Unicamente nas beirarrúas de ancho igual ou superior a 5,50 metros, permitirase unha dobre fileira de mesas debendo deixarse, en todo caso, 1,20 metros libres de obstáculos para o tránsito dos peóns. Asemade, entre as dúas fileiras de mesas deixarase un paso para servir ás mesmas de 0,80 cm.

2.d. Como regra xeral, a instalación da terraza realizarase nunha soa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinan, sen z superar en lonxitude, e deixarase expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais lindantes. En principio, poden instalarse as mesas na totalidade do ancho da fachada do establecemento de hostalería se outras circunstancias (paso de peóns, paradas de autobuses, saídas de emerxencia, bocas de rego, hidrantes, rexistros dos distintos servizos, respiradoiros dos aparcadoiros subterráneos, etc) non o impiden.

Exceptúanse desta esixencia, as zonas peonís e prazas, onde a colocación das mesas requirirá, en cada caso concreto, un estudo especial, atendendo ao ancho e demais características da rúa ou praza, se ben, non se poderá instalar a terraza durante o horario en que estea permitida a circulación de vehículos para carga e descarga.

Non obstante, excepcionalmente, previo informe técnico, poderase permitir que as

instalacións rebasen a liña de fachada do establecemento, pero en calquera caso o solicitante deberá acreditar documentalmente a conformidade das fincas (vivendas e locais comerciais) lindantes.

2.e. As ocupacións a que se refire esta ordenanza non se poderán autorizar cando o establecemento e a terraza estean separados por calzada de rodaxe de vehículos.

### **Artigo 13. Mobiliario.**

1. O mobiliario utilizado nestas instalacións deberá ser acorde coas características urbanas da zona onde se sitúe, quedando expresamente prohibida calquera tipo de publicidade en mesas, cadeiras, parasoles ou similares. A estes efectos, non se considerará publicidade a inserción do nome comercial do establecemento no mobiliario, manteis ou outros elementos da terraza.

2. Mediante a publicación do correspondente Bando, o Concello poderá esixir que o mobiliario se axuste a determinadas características estéticas e de uniformidade entre os diversos establecementos, en consonancia coa realidade arquitectónica do contorno. Ditas características poderán ser esixidas tanto ás novas instalacións como ás xa autorizadas.

3. O material do mobiliario que ocupe o espazo acoutado (mesas, cadeiras, etc) deberá ser de boa calidade, discreto, hixiénico, sen arestas nin saíntes e con certo estilo e deseño. Acéptase o emprego de materiais tales como madeira, aluminio ou enreixado plástico, que xa existen no mercado para mobles de xardinería. Non poderán colocarse cores rechamantes ou charramangueiros. En todo caso, o Concello supervisará e autorizará o mobiliario a instalar na terraza.

4. En caso de instalar parasoles, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento e non supoña perigo para os usuarios e viandantes. En ningún caso poderán fixarse no pavimento mediante coraxes. Tanto o voo como o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasoles unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar aos peóns.

## **TÍTULO IV OBRIGAS E PROHIBICIÓNS**

### **Artigo 14. Obrigas.**

Os titulares das licenzas de terrazas quedarán obrigados especialmente a cumprir o seguinte:

1.- Cumprir as condicións impostas polo Concello na autorización concedida.

2.- Cingirse estritamente á zona autorizada sen a pasar por ningún concepto, evitando que os clientes o fagan. Deixarase expedito o acceso a edificios, vivendas, vaos de vehículos e locais comerciais.

3.- Manter as terrazas e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.

4.- Colocar en sitio visible mediante un marco axeitado ou funda de plástico, o permiso correspondente para que poida ser visto e consultado pola Policía Local dende a rúa, sen necesidade de esixir a súa exhibición. A autorización deberá estar adherida á porta ou ao escaparate do establecemento.

5.- Fora do horario autorizado para a terraza, o titular da licenza virá obrigado a retirar do exterior a totalidade dos seus elementos, incluíndo as bases dos parasoles. As mesas, cadeiras e parasoles serán recollidos diariamente no interior do local ao que pertenza a terraza ou en local habilitado para tal finalidade polo interesado. Non cabe deixalos na rúa, amontoados e suxeitos con cadeas. A recollida realizarase co menor ruído posible co obxecto de garantir o descanso da cidadanía.

6.- Corresponde ao titular da licenza a limpeza da superficie ocupada. En todo caso, o espazo ocupado pola terraza deberá quedar limpo todas as noites trala retirada da terraza.

7.- Unha vez retirada a terraza, se resultase afectado o pavimento pola instalación, o titular da licenza será responsable dos danos causados, debendo repoñer as cousas ao seu estado inicial, nun prazo máximo de sete días hábiles. Igualmente serán responsables dos danos ocasionados ás persoas ou ás cousas con motivo da instalación ou retirada da terraza.

### **Artigo 15. Prohibicións.**

1.- Por razóns de estética, decoro e hixiene, non se permitirá almacenar ou amorear produtos, caixas de bebidas e outros materiais xunto as terrazas, así como tampouco residuos propios das instalacións.

2.- Non se permitirá a instalación de mostradores e outros elementos para o servizo da terraza no exterior desta, que deberá ser atendida desde o propio establecemento.

3.- Non se permitirá a instalación e uso nas terrazas de aparatos audiovisuais, equipos de música, amplificadores e outros elementos que produzan emisións acústicas de calquera tipo.

4.- Prohíbese instalar nas terrazas billares, futbolíns, máquinas recreativas, máquinas expendedoras de produtos ou instalacións análogas.

### **Artigo 16. Horarios.**

O funcionamento das terrazas axustarase ao seguinte horario:

- 1.- O horario da apertura será o das dez horas.
- 2.- O horario de peche será:
  - En días laborais e festivos ás 00:00 horas.

- En sábados e vésperas de festivos 01:30 horas.
- 3. Durante o período comprendido entre o 1 de maio e 31 de setembro, os establecementos poderán ampliar o seu horario de terraza ata as 02:00 horas, excepto os sábados e vésperas de festivos que poderase ampliar ata as 02:30 horas.
- 4.- O horario de funcionamento das terrazas nas zonas que sexan declaradas acusticamente saturadas polo Pleno da Corporación será o establecido no acordo plenario aprobado ao efecto.

## **TÍTULO V RÉXIME SANCIONADOR**

### **Artigo 17. Inspección.**

Corresponde aos axentes da Policía Local e aos inspectores municipais a inspección do cumprimento do disposto na presente ordenanza.

### **Artigo 18. Potestade sancionadora.**

As infraccións a esta ordenanza serán sancionadas polo órgano competente municipal, previa instrución do correspondente expediente, de conformidade cos principios e procedemento regulados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e no Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se regula o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

### **Artigo 19. Infraccións.**

Constitúen infraccións a esta ordenanza os actos ou omisións que contraveñan o disposto nela, que se clasifican en leves, graves e moi graves.

### **Artigo 20. Infraccións leves.**

Considéranse infraccións leves:

1. O incumprimento da obrigaón de colocar en sitio visible, adherida á porta ou ao escaparate do establecemento, mediante un marco axeitado ou funda de plástico, o permiso/distintivo correspondente para que poida ser visto e consultado pola Policía Local dende a rúa, sen necesidade de esixir a súa exhibición.
2. Ocupar coa terraza maior superficie que a autorizada na licenza.
3. O incumprimento da obrigaón de manter as terrazas e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.
4. O deterioro leve nos elementos do mobiliario e ornamentais urbanos anexos ou lindantes ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto da licenza.
5. O incumprimento da obrigaón de retirar do exterior a totalidade dos elementos da terraza ao finalizar o horario autorizado.
6. O incumprimento do disposto nos apartados 3) e 4) do artigo 13 desta

ordenanza.

7. Almacenar ou amorear produtos, caixas de bebidas e outros materiais xunto as terrazas, así como residuos propios das instalacións.
8. Instalar mostradores e outros elementos no exterior da terraza para o servizo desta.
9. Instalar e usar nas terrazas aparatos audiovisuais, equipos de música, amplificadores e outros elementos que produzan emisións acústicas de calquera tipo.
10. Instalar nas terrazas billares, futbolíns, máquinas recreativas, máquinas expendedoras de produtos ou instalacións análogas.
11. O incumprimento do horario de funcionamento das terrazas establecido no artigo 16.
12. As infraccións que non teñan o carácter de graves ou moi graves.

### **Artigo 21. Infraccións graves.**

Considéranse infraccións graves:

1. A instalación dunha terraza carecendo da preceptiva licenza municipal.
2. A negativa ou obstrución ao labor inspectora, como sería negarse a facilitar, cando sexa requirida polos inspectores ou axentes da Autoridade, a licenza da instalación autorizada.
3. Cando a instalación da terraza supoña un prexuízo para a seguridade vial (diminución da visibilidade, distracción para o condutor, etc.) ou dificulte sensiblemente o tráfico dos peóns.
4. Cando a terraza se instale en xardíns públicos ou comunitarios.
5. Cando a instalación poida incidir na seguridade (evacuación) dos edificios e locais próximos.
6. Cando impida ou dificulte gravemente o uso de equipamentos ou mobiliarios urbanos (fontes, cabinas telefónicas, etc).
7. O deterioro grave nos elementos do mobiliario e ornamentais urbanos anexos ou lindantes ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto da licenza.
8. A reincidencia por dos veces, pola comisión no termo dun ano, de infraccións leves da mesma natureza.

### **Artigo 22. Infraccións moi graves.**

Considéranse infraccións moi graves:

1. A ocultación, manipulación ou falsidade dos datos consignados na solicitude ou da documentación anexa aportada en orde á obtención da correspondente autorización.
2. Cando a instalación se realice en calzada ou zona de aparcamento de vehículos.
3. A reincidencia por dos veces, pola comisión no termo dun ano, de infraccións graves da mesma natureza.



### **Artigo 23. Sancións.**

1. As infraccións á ordenanza tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas:

- As leves, con multa de ata 600 €.
- As graves, con multa de 601 a 1.200 € que poderá acompañarse da clausura temporal da terraza por un espazo de tempo non superior a un mes.
- As moi graves, con multa de 1.201 a 2.000 € que poderá acompañarse da retirada da licenza da terraza con carácter definitivo.

2. Na imposición das sancións, deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade da infracción cometida e a sanción aplicada, debéndose seguir para a graduación da sanción a aplicar os seguintes criterios:

- A gravidade da infracción.
- O prexuízo causado.
- O beneficio obtido.
- A reiteración.
- As circunstancias do responsable.
- A reincidencia, pola comisión no termo de 1 ano de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así se declarase por resolución firme.
- A intencionalidade.

### **Artigo 24. Prescrición.**

1. As infraccións leves prescriben aos 6 meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos 3 anos.
2. As sancións impostas por faltas leves prescribirán ao ano, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.
3. O prazo de prescrición das infraccións comezará contarse desde o día en que a infracción se cometese e o das sancións desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

### **Disposición transitoria única.**

As licenzas concedidas con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza deberán axustarse ao disposto nela no prazo máximo dun mes desde a entrada en vigor.

### **Disposición derogatoria única.**

Queda expresamente derogado o Bando da Alcaldía do 7 de febreiro de 2007.

### **Disposición final primeira.**

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ao desta ordenanza que afecten ás materias reguladas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, da ordenanza.

## **Disposición final segunda.**

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta ordenanza entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, postas en pé todas as persoas presentes no salón de Plenos, gárdase un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

- 4.- (4).- DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO SOLICITAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL UNHA NOVA ESTRUTURA ORZAMENTARIA, DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS E TRANSFERENCIA DE COMPETENCIAS.

ANTECEDENTES.- A concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de xaneiro de 2008, formula a seguinte moción:

"Na actual arquitectura institucional as deputacións teñen asignadas unhas funcións precisas e determinadas que constitúen as súas obrigas e competencias fundamentais e ás que deben respostar coa máxima eficacia e eficiencia: a solidariedade e equilibrio interterritorial, a prestación integral e axeitada dos servizos de competencia municipal, a coordinación de ditos servizos, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos e a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal. En particular, a propia lexislación establece que a asistencia das deputacións aos concellos dirixirase preferentemente ao establecemento e axeitada prestación dos servizos públicos mínimos.

O funcionamento da Deputación de Pontevedra, dirixida polo Partido Popular, non ten garantido nestas décadas a prestación deses servizos mínimos por parte dos concellos pois seguen existindo graves carencias na asistencia xurídica (Secretaría, Intervención, Urbanismo, Asesoría xurídica, etc), estradas provinciais nun desastroso estado, e hai cidadáns/ás que carecen de abastecemento domiciliario público de auga potábel e de saneamento, de cobertura de bombeiros, praias abandonadas e descoidadas, etc.

A situación cada vez camiña máis cara a deixación das súas funcións por parte da Deputación de Pontevedra que paradoxalmente presuposta un gasto en funcións

complementarias e alleas aos cometidos propios da Deputación que superan amplamente aos gastos obrigatorios que deberían atender de acordo coas súas competencias específicas.

Así, no orzamento de 2008, dos 145 millóns de euros previstos, unha vez descontados os gastos xerais de funcionamento propios cifrados en preto de 30 millóns, atopámonos coas seguintes cifras aproximadas:

- Gastos non estritamente competenciais..... 59 millóns
- Gastos en cooperación cos Concellos..... 29 millóns
- Gastos en estradas provinciais..... 18 millóns
- CPAM, ORAL, Caixa Anticipos..... 3 millóns

Esta anómala estrutura do gasto non ten parangón nin comparación en ningunha outra institución. Calquera concello ou comunidade autónoma adica a práctica totalidade do seu orzamento a cubrir competencias propias, básicas e obrigatorias, a Deputación Provincial de Pontevedra non, ao ser utilizada ademais polo Partido Popular como un contrapoder e un instrumento de competencia e confrontación con outras administracións, concretamente coa Xunta de Galicia. Isto explica a teima do Partido Popular de impulsar desde as deputacións actuacións en materia de solo industrial, vivenda protexida, políticas de benestar social, actuacións en materia de agro-gandería, etc., todas elas alleas ás competencias propias destes entes.

Pola contra, de actuar conforme á finalidade e funcións propias das deputacións, os orzamentos de 2008 poderían recoller para gastos en cooperación económica cos concellos 48 millóns fronte aos 29 previstos e para asistencia 10 fronte aos 3 recollidos. En estradas provinciais, fronte aos 18 millóns contemplados o orzamento podería acadar os 29 millóns e en prestación de servizos municipais 11 millóns. Todos estes incrementos produciríanse mediante unha redución substancial dos gastos non estritamente competenciais.

É pois hora de que as deputacións, mentres segan subsistindo e até a súa superación cun novo modelo de organización territorial, actúen de acordo coas súas propias competencias e cometidos, que non son outros que prestar apoio aos concellos.

Por todo o dito propomos ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Solicitar da Deputación Provincial unha nova estrutura orzamentaria que implique adicar, unha vez descontada a porcentaxe do orzamento adicado aos gastos xerais de funcionamento, o 50% do gasto en cooperación cos concellos, o 10% en prestación de servizos de competencia municipal e o 25% en estradas provinciais.
- 2.- Solicitar da Deputación Provincial a prestación de servizos de competencia municipal non obrigatorios en función dos tramos de poboación fixados por lei: protección civil, medio ambiente (praias), etc., ben directamente ou ben a través de mancomunidades.

3.- Solicitar da Deputación Provincial o inicio das xestións necesarias para cinguir a súa actuación ás súas competencias propias negociando a transferencia ás administracións competentes de servizos e equipamentos alleos ás competencias da Deputación (Escola de Enfermería, Cidade Infantil Príncipe Felipe, Finca de Mouriscada, Estación Fitopatolóxica de Areeiro, Centro de Vacacións A Lanzada, Castelo de Soutomaior, etc.)."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 21 de xaneiro, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: As deputacións teñen asignadas unha serie de funcións precisas e determinadas que constitúen as súas obrigas e competencias fundamentais. Estas funcións están reguladas na Lei de bases de réxime local do ano 85. Así vemos que no seu artigo 31.1 defínense os fins propios e específicos da provincia e un deles é o de "garantir os principios de solidariedade e equilibrio interterritorial asegurando a prestación integral e axeitada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal".

Así vemos no seu artigo 36 que se definen as competencias da Deputación e di que entre estas estarían "A coordinación dos servizos municipais entre si, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica ós concellos e a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal ou, no seu caso, supracomarcal". A Lei orgánica está en vigor, como todos e todas sabemos, dende o ano 85, é dicir, hai máis ou menos 22 anos.

O éxito da xestión das políticas levadas adiante pola Deputación de Pontevedra témolo que mirar en función do cumprimento das funcións que teñen encomendadas e só unha vez cumpridas e cubertas estas funcións, cumpríranse outras diferentes ás competencias estritas. Polo tanto a Deputación de Pontevedra, se facemos unha análise da súa xestión, diríamos que está funcionando ben se, por exemplo, os concellos de toda a provincia tivesen unha asistencia xurídica que suplira en moitos caso e sobre todo nos concellos pequenos as deficiencias existentes na actualidade.

Diríamos que está funcionando ben se os cidadáns e cidadás da provincia tivesen por exemplo abastecemento domiciliario de auga potable en todos os domicilios; por exemplo se tivesen un servizo de extinción de lumes, cousa que non hai en moitos concellos pequenos; se as praias da provincia estivesen ben coidadas por

parte da Deputación; se a Deputación sostivese pola súa conta as instalacións deportivas dos concellos de menos de 20.000 habitantes; se as estradas provinciais estivesen en perfecto estado e constituísen unhas vías alternativas de comunicación válidas e eficaces.

Pois ben, en troques disto a situación maioritariamente é a oposta e a Deputación está camiñando cara á deixación das súas funcións primordiais, así no orzamento do ano 2008 no que hai 145 millóns de euros, unha vez descontados os gastos xerais que son de 30 millóns temos a seguinte división dos orzamentos: En gasto de cooperación dos concellos que definíamos que eran tan necesarios, hai 29.1 millóns; en gastos en estradas provinciais hai 18.5 millóns; en programas como CAMPO, ORAL, Caixa de Anticipos temos 3.2 millóns; e en gastos que non son estritamente competencia das deputacións temos case 60 millóns, para seren máis exactos 59.2 millóns. Como se ve por esta análise as que son funcións complementarias da Deputación superan amplamente os gastos que serían obrigatorios.

Nós sabemos que calquera concello ou comunidade autónoma dedica a práctica totalidade do orzamento a cubrir as competencias propias e obrigatorias e o resto para as que non o son. No caso da Deputación de Pontevedra semella que as decisións están tomadas xusto ó revés, cobre o que son competencias non obrigatorias e deixan por cubrir moitas veces as obrigatorias.

Pola contra o que vemos nos pequenos concellos é que teñen uns déficits tremendos tanto na súa xestión administrativa e xurídica, como no que é máis importante, nunha serie de prestacións ós cidadáns. Por exemplo, a prestación de servizos mancomunados ás veces é ridícula e para lles dar un dato en canto ás estradas provinciais hai que dicir que hai 1.800 km de rede de estradas que son da Deputación e o que se bota en falla neste caso da rede de estradas que sería unha competencia específica da Deputación, é un plan de estradas claro e con obxectivos definitivos e as obras vanse facendo dalgún xeito tarde e mal e na meirande parte carecen de tramitación axeitada. Por outra banda, no que é a competencia de servizos municipais, como dicía antes o tema bombeiros, protección civil, subministracións de auga potable, etc., deixan moito que desexar. Polo tanto coidamos que a Deputación debería elaborar unha planificación e reestruturación da competencia nas súas funcións e coidamos que sería unha

mellor xestión se ós gastos xerais de funcionamento se lle dedicara un 20% que veñen sendo máis ou menos 29 millóns (pensemos que agora se dedican 30), se o gasto de cooperación dos concellos fose un 50%, o que representaría 58 millóns en troques dos 29 que representa actualmente; se a prestación de servizos de competencia municipal representase un 10% serían once millóns en troques dos 3,2 que son agora; se nas estradas provinciais se investisen 29 millóns ou se ás actuacións propias non estritamente competenciais nas que actualmente gasta 59 millóns, se dedicasen 17,5 millóns.

A ese respecto dicir que moitas veces a Deputación de Pontevedra está utilizada polo Partido Popular como un "contra poder" e instrumento de competencia e confrontación con outras administracións, neste caso maiormente coa Xunta de Galicia. Isto dalgún xeito explica a teima do Partido Popular de pular dende as deputacións actuacións en materia de solo industrial, de vivenda protexida, de políticas de benestar social e tamén por exemplo políticas en actuacións en materias agro-gandeiras.

Coidamos pois que é hora de que as deputacións, mentres sigan subsistindo e ata a súa superación cun novo modelo de organización territorial, actúen de acordo coas súas propias competencias e que presten asistencia ós concellos e sobre todo a aqueles que máis o precisen.

*A seguir a Sra. Méndez Piñeiro procede a ler a parte resolutiva da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.*

SR. FIGUEROA VILA: Penso, Sra. Méndez, que os representantes do BNG erraron o foro, é dicir, hai foros para tratar estes temas e neste caso vostede é deputada provincial e sabe ben que o pasado venres tratamos este tema no Pleno da Corporación Provincial, polo tanto tamén sabe que se constituíu unha comisión formada por todos os grupos políticos e polo presidente do Comité de Persoal para analizar a situación de cada un dos centros da Deputación.

Isto é parte de decisión que se tomou xa o venres pasado, o que nos sorprende é que o Bloque Nacionalista Galego adoptara a actitude de levar esta moción fotocopiada a todos os concellos da provincia. Aquí é onde realmente entra o grave da situación porque vostedes na Xunta de Galicia, onde todos os cidadáns

pensabamos que se ía conformar un goberno único, teñen dous gobernos con dous modelos territoriais totalmente distintos e presentan esta moción para salvar a súa cara ante a opinión pública. Xamais estiveron de acordo coas Deputacións onde non gobernan porque onde gobernan, como nas Deputacións de A Coruña e Lugo, aí si teñen todas as competencias e asumen as responsabilidades de goberno, acoden a xuntas de goberno, ós plenos, teñen dedicacións exclusivas, etc.

Se vostedes non están de acordo coas deputacións non critiquen só á de Pontevedra. Vostedes forman parte do goberno da Deputación da Coruña e do de Lugo, no da Coruña xa levan catro anos, agora catro e medio, polo tanto coido que é importante ter un pouco de coherencia para non criticar onde non gobernan pero onde si gobernan vostedes loxicamente participan e non din absolutamente nada. Que nós saibamos na provincia da Coruña e na de Lugo non presentaron vostedes esta moción-tipo que levan a todos os concellos.

O que tamén nos preocupa é a denuncia que fixeron os sindicatos da Deputación de Pontevedra, CCOO e UXT, que nos sorprende porque di que non nos sentemos a negociar ou que non queren as transferencias porque non se fían de vostedes. Os sindicatos da Deputación de Pontevedra din que non se fían do BNG porque está montando "*chiringuitos*" onde goberna e privatizando absolutamente todos os servizos. Para que o entendan os cidadáns, o argumento que dan os sindicatos da Deputación de Pontevedra, representantes sindicais, nun escrito que nos remitiron ó goberno da Deputación de Pontevedra, é que non queren transferir ningún dos centros porque están satisfeitos co traballo e co labor que están realizando porque non se fían do BNG porque en Vicepresidencia están montando todos os quioscos do mundo e máis, é dicir, que está privatizando os servizos que vostedes están asumindo. Que contradicións e que voltas dá a vida, que voltas dá isto da política, os sindicatos apoiando ó Partido Popular para que non nos sentemos a negociar coa Xunta de Galicia e que non se transfiran os centros porque están satisfeitos co labor que se está realizando.

Con respecto a competencias xa lles dixemos que se teñen tanto interese en colaborar coa Deputación de Pontevedra, tomen decisións e dende a Xunta de Galicia cos centros que nós temos agora abertos e que algúns é certo que son competencia dela como pode ser "Príncipe Felipe" onde hai douscentos nenos e nenas supoño que de toda a provincia e de Galicia que teñen problemas e sobre

todo con dificultades familiares, se vostedes queren aporten unha cantidade importante para ese centro e resólvese o problema. Saben vostedes ou saben os cidadáns que “Príncipe Felipe” ten un custo de aproximadamente uns 16 millóns de euros e vostedes dende a Xunta de Galicia aportan só 400.000 euros? É dicir, de 2.000 millóns das antigas pesetas que ten de custo o “Príncipe Felipe” vostedes dende Vicepresidencia da Xunta de Galicia aportan 75 millóns das antigas pesetas. Nós xa lles fixemos a proposta de que se vostedes queren colaborar poñan os mesmos cartos enriba da mesa e verán como en “Príncipe Felipe” se poden ampliar as funcións, tarefas e as súas actividades.

Pero coído que tras todo isto subxace un problema que vostedes teñen na Xunta de Galicia de modelo territorial porque o BNG e o Partido Socialista non son quen de se poñer de acordo co modelo que queren de territorio para Galicia, iso é evidente. Mentres uns falan dunhas áreas metropolitanas, outros falan doutras; vostedes falan de supresión das deputacións pero o incoherente de todo, Sra. Méndez, é que na Deputación da Coruña e na de Lugo vostedes se engaden ó goberno e esquecen as competencias. O realmente importante das competencias e o que queren os cidadáns é que lles resolvamos os problemas cotiás, o que lles preocupa, os seus problemas, as súas demandas, as súas propostas.

Por unha banda vostedes falan disto e pola outra, dende o Ministerio de Administracións Públicas suprimen un proxecto que se chama POL que tiña un investimento para a deputación con criterio claro de territorio e poboación porque non había ningún criterio político senón que 11 millóns de euros que suprime o Ministerio de Administracións Públicas do Partido Socialista en Madrid ás deputacións sen ningún cambio e eses cartos traspásano á Xunta de Galicia para que esta tome a decisión de onde ten que ir ese diñeiro e non polo criterio que agora mesmo estaba establecido de poboación e territorio, senón que pola contra por unha comisión que decidirá en base ós proxectos que se presenten en toda Galicia. O que pode suceder é que unha provincia como Pontevedra ó mellor recibe cero e outra como A Coruña e Lugo pode recibir unha porcentaxe importante que se traslade a cada unha das deputacións. Diante diso evidentemente si que nós estamos tamén preocupados.

Pero hai temas moito máis graves. Fala da extinción de lumes, é certo que temos que buscar colaboración e axuda entre todos para os concellos de menos de



20.000 habitantes pero vostedes na Xunta de Galicia hai uns meses constituíron un organismo de emerxencias onde resulta que con dezaioito membros non está presente a Deputación de Pontevedra. Supoño que se hai unha emerxencia na provincia de Pontevedra, só co parque de maquinarias que ten a Deputación será imprescindible tamén a súa participación. Son temas incoherentes que nós non chegamos entender.

Repito de novo que en calquera caso os datos que vostede dá nesa moción non se axustan á realidade en canto a números. Poderíalle explicar agora con pausa cada unha das cuestións pero coido que este non é o momento nin o foro para falar destes temas, tivemos xa un amplo debate o outro día na Deputación de Pontevedra, o positivo de todo foi que se constituíu unha comisión e que hoxe pola mañá se remitiu o escrito ó presidente da Xunta de Galicia para tentar que nos designe ó interlocutor válido para poder sentarnos por veren as propostas que podemos consensuar entre a Xunta e a Deputación, pero tamén pensamos que detrás de todo isto hai unha cortina de fume que o BNG quere espallar.

O BNG está atrapado na súa propia incoherencia porque repito a miña pregunta que me gustaría que nos contestara: por que na Deputación da Coruña e na de Lugo vostedes non fan a mesma proposta? Porque alí gobernan e na de Pontevedra non? É esa a única diferenza que lles leva a vostedes a tomar unha decisión nunha ou noutra liña? Na Deputación de Pontevedra piden que as competencias que non sexan da Deputación se trasladen á Xunta de Galicia e na Deputación da Coruña e na de Lugo como vostedes, representantes do BNG, forman parte do goberno, das decisións, participan nas xuntas de goberno e nos plenos con todos os seus dereitos e deberes, alí non fan nin unha soa proposta?

Isto haillo que trasladar á cidadanía porque os cidadáns de Pontevedra teñen que saber que vostedes non son coherentes politicamente porque están facendo unha cousa distinta na provincia de Pontevedra ó que fan nas provincias da Coruña ou Lugo.

En calquera caso non me vou estender máis porque este é un debate que xa se fixo. Imos esperar que sae desa comisión, hoxe comunícaselle ó presidente da Xunta de Galicia o acordo por unanimidade que tomamos todos os grupos no Pleno da Corporación Provincial e esperaremos a súa resposta para nos sentar a falar e ver que posibilidades hai de chegar ou non a acordos.

Dende logo nós consideramos que eses centros ós que vostede fan referencia son modélicos e non só a nivel galego, senón que mesmo estatal porque o “Príncipe Felipe” é un referente importante dentro dos asuntos sociais de Galicia; coido que non se pode cuestionar o ORAL que está prestando un magnífico traballo e servizo a case todos os concellos da provincia de Pontevedra; de Areeiro e Mouriscade algún día todos os cidadáns da provincia deben saber, sobre todo os da parte sur que son os que menos coñecen eses centros, que hoxe a nivel de investigación son centros punteiros e ademais cun traballo e cuns profesionais magníficos ó seu fronte.

Imos esperar polo tanto ó que diga o presidente da Xunta porque temos certas dúbidas porque depende de quen governe unha ou outra consellería as cousas poden ser distintas porque o Partido Socialista non está presentando esta cuestión de fondo dentro das Deputacións, son vostedes. Maxine que ó mellor chegamos a acordos con consellerías gobernadas polo Bloque nun sentido e as gobernadas polo Partido Socialista nos presentan outras cuestións distintas. Coido polo tanto que o interlocutor válido ten que ser o presidente da Xunta de Galicia que nos terá que remitir ó departamento ou departamentos para que coordinen esta comisión e evidentemente nós estamos dispostos a falar de todo pero con condicións porque cando chegue o momento o goberno que forma parte da Deputación, sustentado polo Partido Popular, porá tamén as súas condicións enriba da mesa.

Con isto quero dicir que nós imos votar en contra desta proposta remitíndonos a que hai constituída unha comisión e que non podemos adiantar cuestións sen que se traten nela, ademais sería o lóxico e razoable porque todos os grupos políticos formamos parte desa comisión que se aprobou por unanimidade polo Pleno provincial.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Sinxelamente voulle puntualizar ó Sr. Figueroa e ademais como sempre di que a opinión pública debería saber, tamén lle vou copiar e a opinión pública debería saber cales son as competencias da Deputación e para que se crearon.

Como vostede sabe creáronse para axudar a aqueles concellos que por cuestións orzamentarias non podían prestar determinados servizos.

Quérolle lembrar que a Deputación de Pontevedra ten algunhas cousas realmente

curiosas como por exemplo a de dar unha subvención ós “Amigos da Boina” de Pontevedra; paréceme que esa si é unha subvención moi importante, que a recuperación da boina é algo importante como elemento da nosa cultura pero ó mellor tería que estar arranxando unhas estradas e non facendo iso.

É vostede especialista en desviar o debate. O que se votou o outro día na Deputación de Pontevedra foi a creación dunha comisión que defina as competencias da Deputación. Vostede entón xa di que se crea a comisión e mándaselle ó presidente da Xunta e este di que non, que un momento. Si, eu non me decatou, pero xa está vostede para o explicar e falar durante media hora e que non o entenda ninguén. Foi a creación dunha comisión que defina as competencias da Deputación. Cando se crea unha comisión na que imos estar os tres partidos políticos, primeiro hai que definir as súas competencias, concretar exactamente que é o que se pretende e despois trasladalo á Xunta de Galicia.

O debate sobre o “Príncipe Felipe” xa se tivo hai oito anos. Parecíanos unha incoherencia que se estivera dando ensino primario no “Príncipe Felipe” cando había colexios en Pontevedra que podían asumir perfectamente esas competencias. Non falen vostedes de privatizar cando lle acabamos de votar en contra da privatización da Escola Infantil no “Príncipe Felipe”.

Creo que pode vostede falar durante tres horas e non dicir absolutamente nada pero insisto que os cidadáns deberán saber que as deputacións teñen unhas competencias moi concretas, posiblemente o saiban a Deputación de Lugo e a da Coruña e vostedes aínda non se decataron. O que vostedes están facendo é distribuindo unha cantidade inconmensurable de millóns de euros cuns criterios totalmente discriminatorios segundo lle conveña ó PP. Por certo, nos orzamentos para Vigo cero euros en contra da millonada de euros das etapas anteriores. Presentáronse as mocións por esta deputada en Pontevedra e non se aceptou absolutamente ningunha no Pleno dos orzamentos.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Este debate deuse xa na Deputación e o Sr. Figueroa trae os mesmos argumentos que deu alí.

Preguntábanse por que presentabamos precisamente estas mocións na provincia de Pontevedra e non nas de Lugo ou da Coruña. É moi sinxelo, porque nas provincia de Lugo e da Coruña resulta que ó mellor as deputacións si se están

atendo ás competencias que lles corresponden sen se meter en competencias propias doutras administracións, ó mellor precisamente por iso non se presentan as mocións nas outras provincias.

Hai outra cuestión, cando vostede fala de competencias e pregunta por que pedimos transferencias nesta provincia e non noutras, quérolle lembrar que nestes intres que eu saiba coido que xa se empezou o ano pasado, estase en proceso de transferencia por exemplo do Hospital Provincial de Lugo e dos hospitais psiquiátricos. É dicir, esas competencias si se están solicitando noutras deputacións e si se queren facer as transferencias que lles corresponden ás outras administracións.

Sr. Figueroa, o debate non é o modelo territorial, non é que se o PSOE e o BNG teñen o modelo territorial diferente. O debate neste caso e a moción neste aspecto está moi clara, é que a Deputación utilice axeitadamente os recursos; isto é o que presentamos para debater, que axude ós concellos que non teñen posibilidades económicas porque é a súa función; que traballe na rede de estradas que están mal como todos saben e sae en notas de prensa solicitando o arranxo. Iso é o que se quere, que traballe nas competencias que lle son propias e que non detraia recursos das competencias que cobren outras administracións. Vostedes o que queren coa Deputación é crear organismos paralelos.

Dicía que os sindicatos non se fían dos “chiringuitos” que está creando a Xunta. Non é novo que os sindicatos non se fíen, hai unha cuestión moi sinxela que é que cando se tenta transferir calquera administración local a un ente autonómico ou estatal sempre hai problemas cos traballadores, pero eses problemas tamén os tiveron aquí vostedes co traspaso dende o Concello ó Sergas do Hospital Nicolás Peña, por exemplo. A cuestión é ben sinxela, xeralmente os traballadores locais teñen mellores salarios cas outras administracións e loxicamente como traballadores, é absolutamente digno que reclamen e soliciten que sexan traspasados nas mesmas circunstancias, cousa por outra banda que non é mala e é lóxica e por iso nas comisións que se establecen para facer as negociacións das transferencias están presentes os presidentes dos comités de empresas porque loxicamente teñen que defender ós traballadores, cousa na que non está en contra para nada o BNG.

Lembrarlle que foi precisamente o BNG quen solicitou que se crease unha comisión

de transferencias e o Sr. Louzán, presidente da Deputación de Pontevedra, aceptou sen ningún tipo de problema. Malia isto semella que vostedes agora están poñendo unha serie de atrancos, poñendo enriba da mesa que primeiro o presidente da Xunta e todas as demais consellerías se fai falla reciban ó Sr. Louzán; é dicir, estano utilizando para o que vostedes queren. Sr. Figueroa, ademais non se esqueza na época que estamos, en época de eleccións e quedaría moi mal transferir competencias neste momento.

Todos e todas sabemos que para a Deputación dezaseis millóns de euros que se gasta en “Príncipe Felipe” son moi custosos e no fondo o que se vai facer, e senón aquí nos veremos dentro de dous anos, seguramente será esa transferencia de “Príncipe Felipe”.

Por outra banda dicía vostede que Vicepresidencia só pon 400.000 euros. Sr. Figueroa, é o mesmo incrementado co IPC que poñían vostedes hai dous anos e medio cando estaban na Xunta de Galicia. Tampouco metían máis no “Príncipe Felipe”, é dicir, os cartos que lle viñan a “Príncipe Felipe” a través da Xunta de Galicia hai dous anos e medio cando vostedes estaban na Xunta de Galicia eran os mesmos que están metendo agora, pero claro agora Vicepresidencia son moi malos porque poñen os mesmos cartos. Transfíranos e entón terán 16 millóns que se poden aproveitar para arranxar a rede de estradas provinciais.

Con esta moción o que queremos é rematar, como ben lle dicía o compañeiro César Mosquera, con esa historia de mendicidade de que todos os concellos pasan polos diferentes despachos das deputacións, tamén doutras administracións, ben é verdade, mendigando que por favor se cumpran as competencias que a eles lles corresponden.

Por outra banda falaba do bipartito, dicía que nos puxeramos de acordo; pois se ó mellor temos diferencias a algúns niveis non me digan que tiveron a batalla entre “boinas e birretes”, é dicir, nós somos dous partidos que estamos compartindo un goberno na Xunta de Galicia e en moitos concellos; vostedes tivérona dentro do propio partido.

Coido que este debate tampouco dá para moito máis, o único que pretendemos é que estas transferencias sexan unha realidade, que as administracións correspondentes asuman as competencias que lles corresponden e que a Deputación invista os seus recursos onde os ten que investir e que axude

fundamentalmente ós concellos pequenos.

Por outra banda dicir que a Deputación de Pontevedra soluciona os problemas onde goberna o PP, cando este deixa de gobernar estamos no caso de Vigo por exemplo, onde non chegamos a ningún acordo e cambia de criterios cando non goberna a cidade.

SR. FIGUEROA VILA: Hai cuestións que hai que rebater porque que se diga que se creou unha comisión para enmarcar as bases e as condicións, coido que ou alguén non estivo no Pleno o venres ou non se decatou moito do que pasou alí. Iso redactei eu, o que se acordou foi constituír unha comisión para solicitar ó presidente da Xunta de Galicia unha entrevista para que nos remitise á persoa competente para resolver os problemas das transferencias. Niso foi no que se quedou primeiro na Xunta de Voceiros na que estiven presente e no acordo que redactei eu cos técnicos da Deputación para incluír na orde do día do Pleno. En calquera caso esta, aínda que é unha cuestión menor, é importante.

Sra. Méndez, o problema das competencias e do modelo territorial é un debate que está enriba da mesa e vostedes están facendo o máis espantoso dos ridículos coa área metropolitana e algún día teremos que saber que área metropolitana vai estar presente no contorno da cidade de Vigo. É lamentable o espectáculo que están dando vostedes porque ademais había un acordo proxectado e apoiado polo Partido Popular cando gobernaba nesta cidade o Sr. Pérez Castrillo, un acordo por consenso de todos os grupos políticos e de todos os concellos que a día de hoxe non sabemos que aconteceu con el. Seguramente haberá algún interese doutra cidade ou doutras zonas de que Vigo non teña área metropolitana. Hoxe din que doce, logo vinte e catro, trinta e oito..., de verdade que eu xa non sei cal é a proposta que ten a Xunta de Galicia, neste caso o conselleiro de Presidencia.

Primeiro dicía que un consorcio e ó final vai ser o que denunciámos no seu día, vostedes querían un consorcio para esta cidade e como houbo rexeitamento por parte da cidade, non o puideron levar a cabo. Logo se presentou por parte do actual alcalde outra proposta e a día de hoxe non temos absolutamente nada, non sabemos, estamos totalmente desconcertados. Iso si que realmente debería preocuparnos neste Concello e neste Pleno para tratar ese tema e dunha vez por todas saber claramente os posicionamentos de cada un dos grupos políticos.

A día de hoxe hai unha desbandada, coido que mesmo unha confrontación político-territorial que non ten ningún sentido pero é o que se lle traslada á opinión pública dende todas estas decisións. Que un conselleiro de Presidencia tome unha decisión, faga unha proposta de modelo de área metropolitana para a cidade de Vigo e o faga en Santiago de Compostela, ou é que non ten moita confianza en vir aquí para lles explicar ós cidadáns, ou é que realmente non ten a valentía suficiente para vir a esta cidade, ou á cidade de Pontevedra para o poñer en funcionamento.

O que lles pasa a vostedes coa Deputación de Pontevedra é que se lles acabou o discurso porque nos últimos anos a Deputación de Pontevedra en todas as súas políticas está totalmente modernizada. Critican que estamos con desenvolvemento de solo industrial; evidentemente que o temos que facer porque dende que están vostedes na Xunta de Galicia non foron quen de poñer nin un só metro cadrado novo de solo industrial en marcha. Díganme un proxecto novo que non viñera dos gobernos anteriores porque nós estamos analizando e non o atopamos. Todos os que teñen en marcha agora mesmo son polígonos que estaban xa en marcha en Xestur dende hai tres ou catro anos. O que están facendo é recoller un traballo do pasado que está aí.

Nós tivemos que acudir a políticas de solo industrial porque vostedes non eran quen do poñer en marcha e agora mesmo temos en proxecto dous millóns de m2 cunha situación estratéxica en Barro-Meis, en pleno nó de autoestrada que coido ninguén pode cuestionar e ó que ademais vostedes votaron a favor porque é un tema importante para o contorno metropolitano de Pontevedra.

A maiores coido que as políticas sociais da Deputación son exemplo a seguir por outras moitas institucións, están aí, que non as inventamos nós. En recursos para temas sociais, que vostedes sempre se enchen a boca de falar disto pero cando os fai o Partido Popular parece que non, parece que vostedes capitalizan todo o tema social. Por que? Non é certo, as políticas sociais que está facendo a Deputación demóstranse nos orzamentos da Deputación onde estes capítulos son mesmo máis importantes do que vostedes ás veces salientan.

En temas deportivos e culturais a Deputación é un exemplo de axudas. Vostede fala de que as deputacións non axudan ós concellos en cuestións deportivas pero só lle vou dar un dato: só en campos de fútbol de herba sintética nestes momentos

coa Deputación de Pontevedra se van acadar máis de cincuenta instalacións deportivas e a Xunta de Galicia nos tres anos e medio non chega nin á metade. Gustaríame saber cantos campos de herba sintética fixo a Xunta en toda Galicia nos últimos dous anos e medio de goberno do seu compañeiro, Sr. Domínguez Olveira. Estou convencido de que non chegan nin á metade do que puxo a Deputación en marcha no último ano e medio.

Poderíalle falar de moitos máis proxectos. Claro que nós estamos con proxectos de vivenda, evidentemente porque son cuestións que están demandando moitos concellos e vostedes ó final o que fan é propaganda. O outro día lía por unha banda que a Sra. Táboas ía poñer 40.000 pisos de vivenda protexida e logo sae o presidente da Xunta e di que 4.000, o Sr. Quintana fala de 8.000, vostedes mesmos non se aclaran, non sabemos se son 4.000, 40.000, 8.000.

Logo repasamos os proxectos que veñen de vivenda e non hai ningún proxecto novo. Séguenos vendendo Navia e creo que en Vigo xa hai que pasar con Navia, é un proxecto que está aí, que ven deseñado de anos anteriores e se vostedes cren que seguir vendendo Navia é un proxecto novo, nós entendemos evidentemente que non. Pero collemos máis, por exemplo o parque empresarial de Pontevedra de Reigosa, imos de un en un. Eu teño a vantaxe de estar en Xestur e estar mirando o que se fai e de que anos veñen todos os proxectos e por iso se vostedes queren facer un debate facémolo en profundidade e con todos os datos.

Claro que a Deputación ten 1.800 Km de estradas provinciais que está atendendo, está atendendo a todos os Concellos da provincia. Evidentemente non facemos como vostedes cando chegan a unha Consellería como Medio Rural que anulan todos os proxectos, en concreto un de Bembrive de preto de cen millóns de pesetas que vostedes anulaban e deixaron á cidade de Vigo sen ese proxecto e despois o tivo que facer o Concello con axuda doutras administracións. Ese é un exemplo, ou quere que lle fale tamén das competencias que ten Medio Rural que resulta que agora se dedica a humanizar rúas segundo quen governe? Se na Consellería está o Bloque Nacionalista Galego si que invisten, invisten relativamente se é o PSOE e onde goberna o Partido Popular non invisten. Polo tanto non abra este debate aquí porque teremos que entrar en todas as cuestións.

Se vostedes teñen tanto interese en colaborar en "Príncipe Felipe" xa lles dicimos que incrementen esa partida pero non me veñan con desculpas do pasado. Nós



non estabamos falando deste debate, quen abriu o debate foi o BNG pero o fixeron porque non teñen argumentacións suficientes para defender ás deputacións como as defenden na Coruña e en Lugo. Na Coruña e en Lugo tamén hai centros como o Hospital de Lugo que segue sen transferir, na Coruña seguen con centros que tampouco son competencia estrita da Deputación e con proxectos semellantes ós da Deputación de Pontevedra. Se colle o orzamento da Deputación da Coruña analizará que os proxectos da Deputación de Pontevedra son similares en moitos casos.

Criticáronnos os campos de fútbol e agora na Deputación da Coruña están poñendo en marcha o mesmo proxecto que puxemos nós. Nós agora estamos con proxectos novos de centros termiais, de lecer, de piscinas, pero eses son para benestar dos concellos. Non llo vou rebater máis e llo demostraremos co tempo pero por suposto que a Deputación de Pontevedra ten o mesmo orzamento para a cidade de Vigo que no ano 2005, 2006 e 2007 e se queren lles explico os capítulos porque están os mesmos. A mesma partida que había para a cidade de Vigo no ano 2006 e no 2007 está contemplada nos orzamentos do ano 2008 porque foi a primeira vez dende a Deputación que se puxeron partidas específicas para as cidades de Pontevedra e Vigo.

Se quere lles damos máis exemplos das nosas axudas á cidade de Vigo: en instalacións deportivas, en axudas a actividades culturais xa me gustaría que o Concello de Vigo aportase unha cantidade similar á que aporta a Deputación de Pontevedra para axudas culturais, musicais, bandas de música, coros, etc. En actividades deportivas igual, se queren un día sacamos os datos. Asegúrolles que en temas culturais, deportivos e sociais inviste máis a Deputación de Pontevedra en gasto ordinario na cidade de Vigo que o propio Concello de Vigo e se queren llo demostro con datos aínda que evidentemente non vou aburrir agora a este Pleno con todas esas cuestións. Sacámolo cando queiran vostedes e non aguanta ningún debate porque os datos e as realidades están aí e as asociacións culturais, deportivas e sociais sábeno, non é unha cuestión que nos esteamos inventando.

As estradas provinciais estanse modernizando e mellorando acotío e evidentemente que é un rede importante de 1.800 km.

Sra. Méndez, o único que nos gustaría como cuestión de fondo que é o importante é que vostedes tivesen a mesma coherencia na Deputación de Pontevedra, que na

da Coruña e que na de Lugo. Cando vostedes sexan quen de facer iso polo menos teremos un respecto político e institucional para tentar ver se a súa proposta é ou non coherente.

Está claro o que acaba de dicir vostede, que estamos nas datas que estamos e vostedes son os que sacaron esta moción, non fomos os que fixemos a proposta, foi o BNG que a fixo na Corporación provincial e nós aceptámola, seguramente vostedes non pensaron que nós estaríamos dispostos a sentármonos para dialogar pero o importante é que hai unha comisión constituída, que se lle remitiu ó presidente da Xunta un escrito para que constituída esa comisión delegue nas persoas competentes para nos poder sentar nunha mesa e cando así sexa tomaremos as decisións convenientes e por suposto que sexan beneficiosas para todos porque o que nos ten que mover é a mellora dos servizos. Dende a Deputación de Pontevedra estamos nesa liña: mellorar os servizos polas demandas que nos presenten os veciños e veciñas de toda a provincia e por suposto que tamén os da cidade de Vigo.

A PRESIDENCIA: Sra. Abelairas, voulle dar a palabra literalmente un minuto e tente non reabrir o debate, por favor.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Tentarei non reabrir o debate pero logo do mitin do Sr. Figueroa vaime ser moi difícil.

Lembrarlle ó Sr. Figueroa que sendo como é Vicepresidente Primeiro da Deputación segue sen saber cales son as súas competencias e por certo, está falando de solo industrial pero gracias á aprobación do Plan Xeral de Vigo vai haber solo industrial en Vigo.

Fala vostede das subvencións que lles está dando a centros culturais o que demostra que non ten nin idea de cales son as competencias da Deputación.

Fálase de crear unha comisión e esta terá que definir cales son as súas competencias, definir os criterios (que veñen dados por lei) e logo pedir a entrevista para a interlocución válida dentro da Xunta de Galicia.

Posiblemente cren vostedes moitos campos de herba sintética pero lle lembro que as peticións que lles fixo o Alcalde dende o Concello de Vigo non atenderon a ningunha.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO. Sr. presidente eu tamén vou utilizar pouco tempo porque a este grupo e concretamente á miña persoa non lle interesa utilizar a estratexia do Sr. Figueroa que eu lle chamo sempre “a política de rega por aspersión” porque cando se saca un tema o Sr. Figueroa trae a colación trescentos mil e como ten unha memoria prodixiosa e leva moitos anos na Deputación e moitos neste Concello, evidentemente lle sae de todo.

Nós só pretendíamos traer unha moción en sentido positivo, é dicir, que a Deputación utilizase verdadeiramente os seus cartos, un orzamento de 140 millóns, nos que os ten que utilizar, nas competencias que lle son propias; na axuda a recursos fundamentalmente para os concellos que o precisan, concellos pequenos que moitas veces dá pena ver mendigando polos diferentes despachos para ter un servizo de bombeiros ou para que se lles limpe unha praia. Só pretendíamos traer isto e para falar precisamente da necesidade de transferencia dunha serie de competencias.

Coido que en troques de arranxar estradas efectivamente vostedes fixeron moitos campos de herba sintética, non se lles nega que naqueles concellos pequenos onde eran necesarios e ó mellor non os podían facer que os fixera. Hai unha serie de cousas que é positivo que faga a Deputación, ninguén o pon en dúbida, pero fíxense que cando hai titulares de prensa coma este que din: “FECIME reclama á Deputación melloras nos viais de Castiñeiriñas”, vostedes din o ben que o están a facer que van montar centros de lecer termal. Por favor, esa non é unha competencia estritamente da Deputación nin é estritamente necesaria.

Un exemplo de que vostedes gobernan segundo lles interese, fan política alí onde gobernan e invisten onde goberna o Partido Popular é, o que aconteceu con Vigo. A estas alturas aínda estamos pendentes de que a Deputación invista na nosa cidade. O ano pasado non se tivo ningún recato en vésperas de eleccións en arranxar rúas do centro da cidade que era unha competencia estricta da Deputación; este ano estamos esperando a ver se por fin se deciden vostedes a investir algo nesta cidade.

Dalgún xeito nos están dando a razón. Na súa exposición o único que fixo foi darnos a razón; invistan vostedes no que son estritamente as súas competencias e déixense de investir en cousas que poden facer outras administracións.

Por último dicirlles que se aceptaron a comisión que se creou foi porque nestes momentos o que lles interesa tamén é que reciban ó Sr. Louzán na Xunta. Nós miramos polos intereses de todos os cidadáns e cidadás, non nos interesa facer propaganda dun determinado ente. Moitas grazas.

(Están ausentes o Sr. Conde Gil e a Sra. Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Porro Martínez, acórdase:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, ós servizos que presta a Deputación provincial de Pontevedra, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

*Logo de que a Presidencia consulte cos grupos municipais, trátanse conxuntamente ambas mocións referidas ó servizo postal.*

- 5.- (5).- DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Ó FUNCIONAMENTO DO SERVIZO POSTAL.
- 6.- (6).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO SOLICITAR Ó GOBERNO CENTRAL A MODIFICACIÓN DO RD 503/2006 DE SERVIZOS POSTAIS.

ANTECEDENTES.- A concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de xaneiro de 2008, formula a seguinte moción:

"En Galiza o servizo postal é un dos grandes medios de cohesión socioeconómica, sobre todo neste medio rural espallado xeográfica e poboacionalmente e, por

engadido, un dos garantes da información e a comunicación, e tamén da xestión económica a través do xiro postal; unhas positivas virtualidades que agora se están a poñer en grave risco.

Dende hai máis de dez anos, o modelo deseñado polos Gobernos do Estado para o servizo postal foi o de conseguir a longo prazo unha privatización do Servizo de Correos: externalización de servizos concretos, creación de empresas de reparto de paquetería e progresiva supresión dos postos de persoal funcionario, para transformalos en postos de persoal laboral adscritos a unha sociedade anónima e non directamente á Administración do Estado.

Os/as funcionarios/as de correos xa non son corpo especial, o que pode favorecer a súa marcha: mobilidade para poder trasladarse a outras administracións. O propósito é eliminar funcionarios/as. Fanse repetidas reducións do cadro de persoal, as xubilacións non son substituídas por novos traballadores/as, as condicións laborais sofren un deterioro paulatino, engadidas as presións que sofren os/as traballadores/as; e a calidade do servizo vaise empobrecendo.

Preténdese así facer de Correos unha entidade rendíbel, fronte ao modelo de servizo público destinado a atender as necesidades cidadáns.

Esta tendencia veu provocando moito dano ao servizo e ao seu persoal, dano aínda máis notable en Galiza, e que o noso concello está a sufrir, polas súas peculiaridades de asentamento poboacional disperso.

Neste contexto cómpre salientar a aprobación polo Goberno do Estado do Regulamento reitor da prestación dos servizos postais. Mentres que coa anterior normativa establecíase a obriga de entregar correspondencia cinco días laborábeis á semana, o novo decreto reduce esa obriga e crea os chamados “contornos especiais”, nos que se elimina a entrega domiciliaria. Nestes “contornos” a entrega dos envíos postais ordinarios realizarase a través de “buzóns individuais non domiciliarios” e de “casilleiros concentrados pluridomiciliarios”. E a entrega dos envíos a través de tales buzóns será -dise- “todos os días laborábeis e, alomenos, cinco días á semana”.

Prevese, ao propio tempo, que a entidade prestadora do servizo postal universal poderá “convir cos usuarios, os concellos, así como os promotores o establecemento, situación e financiamento de instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ordinarios”.

Prevese asemade que “se as vivendas ou edificacións do contorno afectado non dispuxesen das instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ou estas non se atopasen en condicións de uso adecuadas, o operador universal facilitará a entrega dos envíos postais na oficina postal máis próxima, previa comunicación escrita aos/ás destinatarios/as de dita circunstancia e do horario no que poderán ser retirados”. É dicir, se non hai buzón, a xente terá que se desprazar á oficina máis próxima.

A isto cómpre engadir que, segundo o novo regulamento, a consideración de “contornos especiais” é moi ampla. Abonda con ter en conta, por exemplo, que

terán esa consideración (e é un só suposto) “as vivendas illadas ou situadas en contornos cualificados como diseminados e que estean situadas a máis de 250 metros da vía pública habitualmente utilizada por calquera dos servizos públicos”.

Xa se ve, polo dito, que practicamente todo o rural galego queda baixo estas condicións. Non se esqueza que Galiza non só ten 32.000 núcleos de poboación (a metade do Estado), senón tamén máis do 50 por cento dos carteiros de España.

Atopámonos así nunha situación que é particularmente grave en Galiza, que minora a condición de servizo público dos correos, que non ofrece garantías de inviolabilidade da correspondencia, que obedece a criterios puramente económicos e non de seguridade e eficacia do servizo, e que, a mais de todo iso, pode supor, de se implantar, a perda de máis de 400 postos de traballo en Galiza, sobre todo no deprimido medio rural; todo iso, por non insistir na perda de calidade, o trastorno dos usuarios e un incumprimento do espírito da Lei.

Esta situación estámola xa a sufrir no noso concello, polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego insta ao Pleno da Corporación Municipal, a adoptar o seguinte acordo:

1.- Dirixirse ao Goberno Galego para que inste ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a garantir, sen detrimento das condicións laborais do persoal, a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal en condicións de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia, revocando, asemade, calquera medida que poida menoscabar o dereito cidadán á inviolabilidade da comunicación postal.

2.- Enviar o presente acordo ao Presidente e ao Vicepresidente da Xunta de Galiza, ao presidente do Goberno do Estado e á ministra de Fomento."

Por escrito con entrada no Rexistro Xeral na mesma data do 18 de xaneiro, o concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

"Con data 9 de maio de 2007 publicouse no BOE o Real Decreto 503/2007, de 20 de abril polo cal se modificou o Real Decreto 1829/1999, de 3 de decembro, no que se aproba o Regulamento para a prestación dos servizos postais no desenvolvemento do establecido na lei 24/1998, de 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais.

No dito Real Decreto régúlase como único artigo a entrega de envíos postais en contornos especiais, concretamente no seu único artigo número 37 apartado carto “a” onde se indica a consideración dos contornos especiais nos que se repartirían os envíos Cabe sinalar que consecuencia de aplicación deste artigo as primeiras prexudicadas serán aquelas vivendas que se atopen situadas a máis de 250 metros dunha vía pública habitualmente utilizada por calquera dos servizos públicos.

Desde o Partido Popular entendemos que todos os cidadáns temos os mesmos dereitos, polo que esta medida adoptada polo Goberno Central é anticonstitucional xa que fai que existan españois de primeira e de segunda clase, dependendo de que vivan preto dunha vía pública ou que vivan nos arrabaldes.

Esta medida afecta directamente á Vigo, pois a nosa cidade, debido a súa configuración urbana, conta cunha gran dispersión da poboación no rural froito do número de parroquias que contamos.

Polo que desde o Grupo Municipal do Partido Popular propoñemos ao Pleno da Corporación, co fundamento legal invocado ao principio desta moción, que se tome o acordo que segue:

Instar ó Goberno Central a levar a cabo a reforma lexislativa precisa para que se modifique o Real Decreto 503/2006 do 20 de abril, no seguinte sentido:

Que se modifique o artigo único número 37 do Real Decreto no seu punto 4 a fin de eliminar calquera referencia ao límite máximo de 250 metros da vía pública habitualmente utilizada por calquera dos servizos públicos como se recolle no seu apartado "a" para que todos os cidadáns teñamos o dereito a recibir nas nosas casas os envíos postais, e ó mesmo tempo se proceda á anulación do apartado "b".

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de xaneiro, quedou informada do contido de ambas mocións.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: A moción número 5 do Grupo municipal do BNG ten unha ampla coincidencia coa moción número 6 do Grupo do Partido Popular, entendo que hai un acordo entre os grupos do Pleno de debatelas conxuntamente adoptando o texto da primeira das mocións?

SR. FIGUEROA VILA: Facemos un debate conxunto e logo que cada quen defenda a súa proposta, se coincidimos estará ben.

A PRESIDENCIA: De acordo. Sometémolas a debate conxunto e veremos se no transcorrer do debate chegamos a un acordo sobre o texto que se poida aplicar.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: A coincidencia non é exacta pero de todos os xeitos imos falar un pouco do texto.

Un dos servizos públicos máis valorados polos cidadáns é precisamente o servizo postal e unha das razóns é que é o único que chega a cada domicilio en todos os

casos.

Isto está a cambiar ultimamente. Hai máis de dez anos que dende os sucesivos gobernos do Estado, sexan PP, sexan PSOE, estase a apostar pola progresiva privatización dos servizos de Correos e isto estase a ver na externalización de servizos, a creación de empresas de reparto, a progresiva supresión de postos de funcionarios cambiando por persoal laboral. Isto leva a que a calidade dos servizos se vaia empobrecendo ós poucos pretendendo facer de Correos unha entidade rendible en troques dun servizo público destinado a atender as necesidades da cidadanía.

Neste contexto o 20 de abril aprobouse o RD 503/2007, que ven modificar o Regulamento reitor de prestación de Servizos Postais do 3 de decembro do ano 99. Este RD revisa as condicións de entrega dos envíos nuns ámbitos digamos que son específicos, como aqueles que teñen baixa densidade de poboación, onde hai illamento de fincas e casas e onde índice do uso do servizo postal dalgún xeito poida crear inseguridade xurídica ou problemas no repartimento da correspondencia.

Neste RD créanse os chamados contornos especiais nos que se elimina a entrega domiciliaria. Nestes contornos a entrega de envíos postais ordinarios, dise literalmente no RD que “se realizará a través das caixas de correos individuais non domiciliarios, ou de casilleiros concentrados pluridomiciliarios”. Prevese neste RD que se as vivendas afectadas non dispoñen de instalacións axeitadas para a entrega o operador facilitará a entrega dos envíos na oficina postal máis próxima. É dicir, se non hai buzón non vai haber entrega.

O máis grave para Galicia parécenos que é o que se considera como “contornos especiais” xa que segundo di textualmente o decreto terán esa consideración “as vivendas illadas ou situadas en contornos cualificados como diseminados que estean a máis de 250 m da vía pública habitualmente utilizada por calquera dos servizos públicos”. Lembrar que o rural galego está maioritariamente nesas condicións. Galicia ten 32.000 núcleos de poboación e o 50% de carteiros de toda España.

Polo tanto estase discriminando coidamos que negativamente ós habitantes do medio rural con respecto ós das cidades ó non lles levar ás súas portas os envíos postais e isto vai repercutir no reparto naqueles núcleos de poboación afectados



nestes momentos pola dispersión, polo avellentamento e pola despoboamento. Se se están a facer políticas de fixar poboación no rural, evidentemente non se van facer a base de desmantelar servizos tan importantes como o de Correos.

Dicir que a estas alturas a medida legal xa está aprobada e as xefaturas de Correos están a facer estudos naquelas áreas rurais susceptibles de seren consideradas contornos especiais.

Cando vemos este tipo de decretos e este tipo de medidas semella ás veces que están feitas para a paulatina amortización do servizo no rural galego e coidamos que é polo elevado custo que implica.

Por outra banda esta medida non ofrece garantías de inviolabilidade da correspondencia e obedece a criterios económicos xa que de se implantar pode supoñer a perda de máis de 400 postos de traballo en Galicia e isto é especialmente grave no medio rural.

Coidamos que o rural do noso Concello tamén se ve afectado porque en Vigo hai máis de 80.000 habitantes que viven nas nosas parroquias e por iso cremos que ven a conto presentar esta moción e pedimos ó Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo: Primeiro, dirixirse ó goberno galego para que inste ó Ministerio de Fomento do goberno do Estado a garantir sen detrimento das condicións laborais do persoal a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal en condicións de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia, revogando asemade calquera medida que poida menoscabar o dereito cidadá á inviolabilidade da comunicación postal.

Segundo, enviar o presente acordo ó presidente e ó vicepresidente da Xunta de Galicia, así como ó presidente do goberno do Estado e á ministra de Fomento.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Primeiro indicar que aínda que efectivamente as dúas mocións tratan sobre o mesmo tema nós centrámonos sobre as persoas que reciben as cartas, é dicir, sobre a cidadanía.

Indicar tamén que o RD do que se pide a modificación é o 503/2007, que se publicou o 20 de abril e que regula tan só un artigo, o artigo 37 que no seu apartado 4, a) e b), é onde realmente especifica o que nos clarexou a nosa compañeira anteriormente. Efectivamente son vivendas situadas a 250 m da vía pública.

O que si é certo é que con esta circunstancia que se esixe realmente que haxa un repartimento a buzóns comúns e non cheguen as cartas ó noso domicilio, estase vulnerando non só o principio constitucional do artigo 14 que é a igualdade de todos os españois, senón que tamén se pode chegar a vulnerar a Lei de protección de datos porque a eses casilleiros ou buzóns comúns onde van chegar ten acceso calquera tipo de persoa, é dicir, eu podo ter acceso ó da miña zona, outra persoa pode chegar abrir a caixa de correos, coller a súa documentación e, como todos sabemos, a Lei de protección de datos di que todos os datos cos que se poida identificar, sexa identificable ou identificada a persoa teñen que ser protexidos e por conseguinte pode alterar estes dous principios: o anteriormente comentado, o principio de igualdade e o principio de protección de datos.

Debido á nosa orografía, á nosa situación xeográfica, Vigo é unha persoa que ten moita poboación dispersa debido a que temos parroquias, que nunca hai que esquecer, e temos un sector rural onde aparece moita vivenda disgregada tal e como indica a Lei no seu artigo 37.4, “vivendas illadas ou situadas en contornos cualificados como dimensionados e estas estean situadas a máis de 250 metros dun vial público”. Entón entendemos que se se chega producir esta situación entraríamos nunha situación que realmente provocaría a desigualdade entre as persoas.

Fomento constantemente nos advirte que non haberá problemas, que esa situación non se chegará producir, que realmente as situacións nunca serán tan dramáticas senón que sairá ós poucos e non co RD, senón coa dinámica da poboación, etc. O que realmente nos tenta vender é que non haberá unha situación que nos leve pensar que ninguén vai recibir as súas cartas na súa casa. Tamén é certo que cando estamos franqueando unha carta para mandar a unha determinada vivenda, nos están cobrando o traslado á propia casa e non a outra situación, entón non nos poderían cobrar as mesmas cantidades.

O que si é certo é que nós instamos para que o goberno central leve a piques a reforma lexislativa precisa para que se modifique o RD 503/2007, do 20 de abril, no seguinte sentido: “Que se modifique o artigo único núm. 37 do RD no seu punto 4 a fin de eliminar calquera referencia ó límite máximo de 250 metros da vía público habitualmente utilizada por calquera dos servizos públicos, como se recolle no seu apartado a), para que todos os cidadáns teñamos o dereito a recibir nas nosas

casas os envíos postais e ó mesmo tempo procédase a anulación do apartado b).

SR. LÓPEZ FONT: Dende o primeiro momento en que se suscitou esta cuestión provocou a correspondente preocupación no Grupo municipal Socialista en canto ó grao de afectación que puidera ter para os cidadáns de Vigo e non quero insistir nos argumentos da nosa estrutura de poboación. Nese sentido por parte do alcalde se realizaron unha serie de xestións institucionais, tanto a nivel estatal como a nivel autonómico, trasladando a preocupación do que esta norma no seu desenvolvemento puidera afectar ós cidadáns de Vigo.

Eu quero sinalar aquí primeiro que este RD é translación dunha directiva do Parlamento Europeo e que evidentemente corresponde a súa aplicación a todo o territorio nacional e será a empresa pública Correos quen fixará as correspondentes situacións, rutas e demais. Nese sentido e logo das xestións realizadas nós temos un certo grao de tranquilidade, por non dicir total, con respecto á aplicación desta norma no que se refire a Vigo en especial e a Galicia en xeral dado que tamén por parte do presidente da Xunta trasladouse a preocupación sobre este tema.

Nese sentido nós si entendemos que hai unha diferenza entre a proposta que realiza o Bloque Nacionalista Galego e a que realiza o Partido Popular. Inclinámonos e entendemos que o Partido Popular tamén o debería facer así, nun grao de consenso e na intención de realmente buscar a solución ó que máis nos atinxe que neste caso concreto é o reparto do correo na cidade de Vigo, porque realmente o que debemos pretender é que, como se di na proposta, exista unha prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal. É posible que esta supresión do artigo que pide o Partido Popular sexa, e así acade o acordo, noutras zonas do territorio español.

Coidamos que sería bo que a proposta que aprobase conxuntamente o Pleno deste Concello fose a presentada polo Bloque Nacionalista Galego. Como consecuencia, cando falaba anteriormente do grao de tranquilidade case total que temos dende o Grupo municipal, eu remítome ás declaracións textuais do presidente da empresa pública, José Damián Santiago, que unha vez que este tema se suscitou asegurou que o RD non vai implicar un cambio futuro na forma ou nas rutas establecidas e en concreto ten unha frase totalmente concluínte que coido que precisamente,

polo que aquí se argumentou polos tres grupos, se traslada á situación de Vigo e o carteiro de Correos seguirá chamando á porta dos destinatarios dos envíos, vivan nunha cidade ou en casas espalladas.

Polo tanto entendemos que hai un compromiso dende a empresa pública para atender a realidade social, demográfica de municipios como o noso e polo tanto si manifestamos o noso acordo coa proposta presentada no sentido de ratificar dende o Grupo municipal Socialista a reclamación de que este servizo postal universal se manteña nas condicións actuais e polo tanto solicitamos expresamente do Partido Popular que en aras de que haxa un acordo conxunto sobre este tema se abriaran á proposta presentada polo Bloque Nacionalista Galego.

En todo caso nós, decantándonos por esa proposta, se o Partido Popular quixera manter a súa e dada a certa coincidencia, no relativo á presentada polo Partido Popular absteríamos, non por cuestión de fondo, senón mais ben por cuestión de forma.

A PRESIDENCIA: Proponho que suspendamos a sesión literalmente durante dous minutos por veren se os voceiros chegan a un acordo sobre o texto definitivo.

*Sendo as 10,41 horas, a Presidencia suspende a sesión para que os proponentes de ambas mocións acorden un texto para a súa votación conxunta. Continúase a sesión ás 10,53 horas.*

A PRESIDENCIA: Continuamos o Pleno. Semella que hai acordo nun texto, que o lea a Sra. Méndez.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Proponemos que se chegue ó seguinte acordo: “Dirixirse ó goberno galego para que inste ó Ministerio de Fomento do goberno do Estado a garantir, sen detrimento das condicións laborais do persoal, a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal, modificándose o artigo núm. 37, apartados a) e b), para que este servizo se preste en condicións de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia, revogando asemade calquera medida que poida menoscabar o dereito cidadán á inviolabilidade da comunicación postal.

O segundo apartado queda igual que estaba: Enviar o presente acordo ó presidente

e ó vicepresidente da Xunta de Galicia, ó presidente do goberno do Estado e á ministra de Fomento”.

(Están ausentes os Sres. Conde Gil e Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Dirixirse ao Goberno Galego para que inste ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a garantir, sen detrimento das condicións laborais do persoal, a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal, modificándose o artigo núm. 37, apartados a) e b) para que este servizo se preste en condicións de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia, revocando, asemade, calquera medida que poida menoscabar o dereito cidadán á inviolabilidade da comunicación postal.

Segundo.- Enviar o presente acordo ao Presidente e ao Vicepresidente da Xunta de Galiza, ao presidente do Goberno do Estado e á ministra de Fomento

7.- (7).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A CREACIÓN DUN ÓRGANO CONSULTIVO EN MATERIA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE EN VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de xaneiro de 2008, o concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr González Sagarra, formula a seguinte moción:

"Desde o Partido Popular somos conscientes e partícipes do crecente interese ó mesmo tempo que preocupación, por parte da comunidade científica, axentes sociais e económicos e a sociedade no seu conxunto, respecto ó cambio climático e o desenvolvemento sostible.

Xa en 1992 na conferencia sobre Medio Ambiente e desenvolvemento celebrada en Río de Janeiro, aprobouse un programa global de desenvolvemento sostible denominado Programa 21, entendido como un extenso plan de acción para ser asumido global, nacional e localmente por organizacións pertencentes ó sistema de

Nacións Unidas, gobernos e grupos maioritarios en todas as áreas nas que o home exerce impactos sobre o medio ambiente. Así no seu capítulo 28, anímase ás entidades locais a iniciar un proceso de diálogo con seus cidadáns para desenvolver a Axenda 21.

Posteriormente a AXENDA 21 implementouse, ó mesmo tempo que se reafirmaron os seus compromisos, no cumio sobre Desenvolvemento Sostible celebrado en Johanesburgo en setembro de 2002.

A Unión Europea no V e VI programas comunitarios en materia de medio ambiente e dentro da súa Estratexia de desenvolvemento Sostible renovada no Consello de Bruxelas de 2006, establece o obxectivo de “contribuír a elevar a calidade de vida e o benestar social dos cidadáns mantendo un entorno onde os niveis de contaminación non alcancen niveis daniño para a saúde humana e para o medio ambiente, e de impulsar un desenvolvemento urbano sostible”.

Ademais recolle entre outros principios fundamentais na toma de decisións a democracia, a responsabilidade compartida, a transparencia e a participación cidadá. Todo isto “por medio da participación óptima de todos os sectores da sociedade con ánimo de compartir responsabilidade, incluídas as Administracións Públicas, as empresas e a poboación, en xeral, como cidadáns e consumidores”

O Concello de Vigo debe afrontar na próxima década importantes retos para facer efectivos os compromisos cara á sustentabilidade urbana e contra o cambio climático, sendo como é a cidade máis dinámica e con maior crecemento de Galicia. Deberá abordar cuestións como a conservación e xestión dos seus recursos naturais, o aforro enerxético, enerxías renovables, a construción sostible, a contaminación acústica e a atmosférica, o consumo responsable de auga, a reciclaxe, etc.

Desde o Grupo Popular consideramos por tanto necesario, que o Concello de Vigo avance cara unha política de integración do desenvolvemento económico e social da cidade e de protección do medio ambiente, marcándose obxectivos que convertan a Vigo e o seu entorno nun referente de desenvolvemento sostible, que mellore a calidade de vida de todos os seus cidadáns. Para o cal é sen dúbida imprescindible, a participación de toda a sociedade pois só coa súa implicación e o compromiso de todos os actores sociais poderanse conseguir estes obxectivos.

Por isto o Grupo Municipal Popular propón ó Pleno da Corporación Municipal de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

A creación e regulación para o seu funcionamento, dun órgano consultivo que permita articular a participación social na planificación estratéxica e execución do desenvolvemento sostible de Vigo. Un órgano no que estean integrados ademais dos grupos políticos do Concello de Vigo e os seus técnicos, representantes das organizacións sindicais e empresariais, asociacións veciñais, asociacións ecoloxistas, comunidades de montes, universidade (comunidade científica), consumidores, e expertos de recoñecido prestixio."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de xaneiro de 2007, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. GONZÁLEZ SEGARRA: Esta é unha iniciativa que presentamos hoxe aquí acorde ás liñas políticas desenvolvidas no anterior goberno de D<sup>a</sup> Corina Porro do Grupo Popular; acorde coa nosa sensibilidade cos temas medioambientais e tamén cos tempos que corren e coa importancia que estas cuestións están empezando a ter por parte de toda sociedade, da comunidade científica, dos axentes sociais e económicos.

Facendo unha breve historia da cuestión direi que neste sentido xa no ano 92 na conferencia internacional que tivo lugar en Río de Janeiro se aprobou o chamado “Programa 21” entendido como un extenso plan de acción para ser asumido global, nacional e localmente no que se animaba ás entidades locais a iniciar un proceso de diálogo cos cidadáns para desenvolver a chamada “Axenda 21”.

Posteriormente, na conferencia que tivo lugar en Johannesburgo no ano 2002 reiterouse este compromiso a nivel internacional e tamén a Unión Europea desenvolveu diversos programas comunitarios en canto a cuestión de estratexia de desenvolvemento sostible, renovada tamén no Consello de Bruxelas de 2006 no que se establecía como obxectivo contribuír a elevar a calidade de vida e benestar social dos cidadáns mantendo un contorno onde os niveis de contaminación non acaden niveis danosos. Todo isto por medio da participación óptima de todos os sectores da sociedade con ánimo de compartir responsabilidade, incluídas as administracións públicas, as empresas, a poboación; en xeral cidadáns e consumidores.

Nós pensamos polo tanto que os retos ós que se vai enfrontar a cidade de Vigo son amplos e moi importantes na próxima década, nos próximos anos, son retos en canto a diversas cuestións como poden ser a construción sostible mediante o desenvolvemento da enerxía solar de ACS e enerxía solar fotovoltaica, a conservación e xestión dos recursos naturais da nosa ría, das nosas praias e montes e en xeral do noso contorno, a contaminación atmosférica, a reciclaxe de residuos, consumo de auga responsable, o desenvolvemento de enerxías renovables e aforro enerxético, medidas todas que van supoñer sen ningunha dúbida un amplo esforzo por parte de toda a cidade e de todos os cidadáns. Non só

se vai mellorar con estas medidas a calidade de vida dos cidadáns, senón que ademais vai supoñer un grande esforzo por parte deles e polo tanto tamén uns deberes e unhas obrigas.

Por iso presentamos esta iniciativa co ánimo de acadar unha maior participación social, de achegar a democracia ós cidadáns e acadar que todos os cidadáns vigueses se sintan involucrados e copartícipes desta iniciativa, máis que nada porque lles van afectar todos eles estes aspectos dos que falaba antes. Por iso pensamos que co diálogo social, co consenso e sen quitar a importancia que nos corresponde a todos os que estamos aquí presentes, ós partidos políticos que ó final son os que sen dúbida teñen que tomar as decisións pero sempre escoitando á cidade e ós cidadáns e buscando dialogar con eles.

Ademais Vigo ten que se converter nun referente político en todo o que se refire ó desenvolvemento sostible e ás medidas relacionadas fronte ó cambio climático. Debe converterse nun referente político e nun referente a todos os niveis porque ten moitos máis recursos que a maioría das cidades españolas, cremos polo tanto necesario, imprescindible e que é un deber e unha obriga nosa cos cidadáns.

Por iso é polo que de acordo cos grandes retos e compromisos internacionais que todos os gobernos de Nacións Unidas están dispostos a desenvolver nos vindeiros tempos e que se están acordando nos últimos tempos, dos que aparecen novas todos os días nos medios de comunicación, é por polo que propoñemos esta iniciativa.

Tamén nas últimos meses e semanas hai importantes declaracións do sector da comunidade científica a este respecto e non vou poñerme agora facer un resume extenso pero só dicir que Fundación Entorno aposta por un triple enfoque da construción sostible para implicar a todos os actores; no pasado cumio de Bali no mes de decembro falouse de que as cidades, o mundo local non é só unha parte do problema senón que é unha parte moi esencial da solución, etc. Por iso é polo que en definitiva presentamos esta iniciativa.

SRA. LAGO REY: Comeza vostede na motivación desta moción afirmando que dende o Partido Popular son conscientes e partícipes do crecente interese e ó mesmo tempo preocupación respecto do cambio climática e desenvolvemento sostible.

En todo caso non será en todo o seu partido porque o seu líder, D Mariano Rajoy,



afirmou en Palma de Mallorca e leo textualmente: “Non se pode converter o cambio climático no grande problema mundial”, utilizando como argumento un curmán seu catedrático de Física de Sevilla.

Hai dous meses esta Concellería organizou unha xornada de medio ambiente e cambio climático en colaboración coa Federación Española de Municipios (por certo, non o vin por alí) e nela, entre outras cousas de grande interese, afirmou que ningún científico hoxe por hoxe nega a existencia do cambio climático. O seu líder debería estar máis informado das cuestións medioambientais e tomar exemplo das medidas implantadas polo actual Ministerio de Medio Ambiente e da Consellería. Fai ben vostede en contradicilo como fixeron xa entre outros “Ecologistas en Acción” ou “Green Peace”.

Esta Concellería ten un profundo compromiso co medio ambiente e co desenvolvemento sostible e considero unha frivolidade o dito polo líder do PP, que o inhabilita para gobernar dada a gravidade de ignorar as consecuencias do cambio climático. Sen embargo téñoos que felicitar pola valentía de contradicir o que defende o máximo dirixente do seu partido.

Considero fundamental acadar que o conxunto da cidadanía se engada ós valores fundamentais de desenvolvemento sostible para o que é fundamental establecer un proceso de diálogo coa cidadanía a través de campañas de sensibilización, proxectos educativos e concienciación para acadar que os contidos medioambientais formen parte da cultura global da cidadanía. Isto obriga ás administracións a apostar fortemente polo desenvolvemento de políticas actuais neste sentido.

España dende abril de 2004 ten unha ministra socialista que está sendo un referente no mundo na defensa dos valores e no desenvolvemento de políticas que permitan concretar os principios e medidas, o que por certo nunca foi prioridade para o PP e tampouco o é agora tal e como o expresou o Sr. Rajoy.

O mesmo está a acontecer na Xunta de Galicia cun conselleiro tamén socialista que está poñendo en marcha actuacións que vostedes non fixeron durante catorce anos aínda que vostede fala na súa moción de programas que se iniciaron en 1992, como foi a Conferencia de Rio. Polo tanto coincido coa necesidade de potenciar a participación social pero me chama a atención unha vez máis que non o presentaran vostedes cando gobernaban e sorpréndeme a súa falla de

coñecemento dos órganos que xa ten creados este Concello.

Un órgano, di a moción, onde estea integrados ademais dos grupos políticos do Concello de Vigo, os seus técnicos, representantes de organizacións sindicais, empresariais, asociacións veciñais, ecoloxistas, comunidades de montes, Universidade. Ben, está vostede a falar do Consello Sectorial de Medio Ambiente de Vigo, constituído no Pleno do 3 de novembro de 1994 que, por certo, xamais se convocou mentres gobernaban vostedes. Ademais contamos, como saben, coa Comisión de Medio Ambiente e tamén coa Comisión do ruído que vostedes non constituíron legalmente xa que non contaba con regulamento nin estaba nomeado o secretario ou secretaria. Estamos niso.

Non se trata de duplicar órganos e comisións, senón de seren eficaces, de aportar contidos novidosos que realmente dean resposta ás necesidades medioambientais. Pola contra esta Concellería si está a realizar actuacións que dan respostas.

Independentemente de que aínda non está rematado o Plan de Acción da Axenda 21, xa temos o borrador concluído sobre a enerxía e practicamente rematado o da auga, este Concello xa está abordando medidas ó respecto que lles paso a contar.

Auditorías enerxéticas que comezaron no mes de novembro no Concello, no Verbum, en nove colexios, no parque central, están financiadas na maior parte pola Concellería de Medio Ambiente e tamén subvencionadas polo INEGA. En breve teremos os resultados e pasareillos á concelleira encargada do plan de acción, D<sup>a</sup> Isaura Abelairas, co obxecto de ir estendendo as auditorías a todos os colexios e edificios municipais.

Como xa saben nas taxas aprobadas por este Concello se ofrecen bonificacións para vehículos non contaminantes. A Concellería de Vías e Obras arranxou as fontes e coa incorporación de botóns automáticos conseguíuse aforrar 28.000 litros de auga e tamén se están a introducir circuítos pechados nas fontes ornamentais da cidade.

En canto ás campañas, por exemplo de reciclaxe e educación medioambiental temos: campaña de reciclaxe de vidro que foi o pasado verán. Campaña de recollida de aceite: ó día de hoxe levamos recollidos 7.800 litros gracias ó pulo dunha campaña de publicidade nas televisións locais e nas radios. Campaña de reciclaxe de papel co lema "O teu papel é importante", que se está a desenvolver

en 90 colexios nos que se repartiron 2.000 papeleiras de cartón reciclable e nos que se están a dar 90 charlas de medio ambiente por parte de persoal técnico e con apoio de unidades didácticas.

Unidades didácticas e charlas informativas sobre o consumo sustentable da auga con charlas a realizar por un biólogo experto en divulgación e conservación medioambiental destinadas a centros educativos e que están a piques de comezar. Elaboración de 120.000 trípticos e dípticos sobre consellos para aforrar auga: “reduce, reutiliza e recicla no teu fogar”. Outros 120.000 máis: “Aforra enerxía no teu fogar” e 120.000 máis pagados pola Concellería de Medio Ambiente a piques de seren distribuídos e con cuñas publicitarias que xa se emitiron nos meses de decembro e xaneiro.

Tamén estamos a piques de presentar un ambicioso programa para coñecer os nosos carreiros naturais, areais e zonas de ribeira de mans de biólogos, educadores medioambientais destinados a familias e talleres de reciclaxe para os cativos, Como ven, conciencia non nos falla. Non se trata de duplicar órganos e comisións, senón de seren eficaces, de aportar contidos novidosos que dean resposta ás necesidades do medioambiente.

Por iso imos votar en contra desta moción, porque coidamos que xa o temos.

SR. GONZÁLEZ SEGARRA: Vai un pouco acelerada, Sra. Lago, imos ir aos poucos. Imos comezar polo final.

Di “conciencia non nos falla”, pero coido que o problema que ten vostede é que non le as mocións, pasoulle noutras ocasións, é que non se enteira ou non as sabe interpretar, ou non as entende. Entón lle terá que preguntar a alguén.

Aquí non se trata de se teñen ou non conciencia, se está moi ben iso que dixo, nós estamos a favor de todo iso que comentou que logo tamén o imos explicar un pouco máis polo miúdo.

Para empezar, cando fala do Sr. Rajoy vostede non se decata de nada, sabe vostede quen asinou o Protocolo de Kioto neste país? Dígamo agora. Non ten valor para o dicir porque non o sabe, pero eu llo vou dicir, asinouno o Sr. Rajoy, Sra. Lago, que non se decata absolutamente de nada. Iso para empezar. O Protocolo de Kioto asinouno o goberno do Partido Popular. Vostede non se decata de nada tampouco.

Aquí non se trata de dicir e de explicar todas as medidas que están tomando nas cuestións medioambientais, senón en crear un órgano consultivo para que os cidadáns se poidan sentir máis involucrados e copartícipes de todos os plans que se van desenvolver durante os próximos anos.

Cando di que nós non fixemos nada, voulle dicir todo o que se fixo durante o anterior goberno de D<sup>a</sup> Corina Porro, entre outras cousas a recuperación das dunas de Teis e O Vao, a creación dun órgano de Participación Cidadá xestor de praias, que iso xa o fixemos antes, vostede tampouco se decata porque non o sabe.

A recollida de aceites da que tanto lle gusta falar é un proxecto que iniciou o Partido Popular. A modificación da ordenanza e a creación dun mapa de ruídos foi unha iniciativa do anterior goberno. A posta en marcha da reciclaxe selectiva tamén foi outra iniciativa do goberno do Partido Popular. A ordenanza municipal sobre a captación de enerxía solar para usos térmicos e aproveitamento en edificios tamén foi iniciativa desenvolvida no anterior goberno do Partido Popular, ó igual que o proxecto de plantación de castiñeiros e pinos no municipio de Vigo, o plan de substitución de lámpadas convencionais por outras con tecnoloxía LED, un plan para a eficiencia e o aforro enerxético das luces dos semáforos e tamén foi unha iniciativa desenvolvida polo Partido Popular.

Aquí podemos falar de moitas iniciativas pero non se trataba diso, trátase dun órgano consultor no que se escoita ós cidadáns. Xa sei que o problema que teñen vostedes é o que temía eu, que ían rexeitar esta proposta porque todo o mundo sabe quen goberna nesta cidade e quen manda, Sr. Caballero, Sr. Alcalde, ou prefire que lle chame Sr. ministro? Porque o outro día todos lembrarán o lapso que tivo cando dixó textualmente: “Estou moi contento de recibir ó Sr. Conselleiro de Medio Ambiente na súa primeira visita oficial á cidade dende que son ministro”. Sabe que lle pasa? Que está vostede nunha nube dende hai vinte anos da que non se quere baixar, está nunha nube porque realmente o subconsciente lle traizo a e ten na cabeza outras cousas máis importantes para vostede que a Alcaldía de Vigo, ese é o problema que ten e, á parte de estar nunha nube, ten unhas maneiras e uns modos... Podía ter unha iniciativa positiva para esta cidade, por exemplo, podía vostede encabezar o próximo día 28 de marzo, Día da Reconquista, a representación das forzas dos soldados franceses porque todo o mundo lle identificaría sen levar vostede disface polas súas maneiras e modos autoritarios

que é polo que non queren votar a favor desta moción que tenta sinxelamente de buscar a participación social.

A semana pasada hai unhas declaracións dun concelleiro do seu Grupo, Sr. Rivas, que di que Vigo ten necesidade de que lle escoiten. Son moi oportunas esas declaracións. O máis importante é dialogar cos cidadáns. Vigo ten moita necesidade que se lle escoite e, saben cal é o problema de seu? Que non lles gusta escoitar ós cidadáns, non lles gusta dialogar. Ó Sr. alcalde o que lle gusta é abafar ós colectivos, ós interlocutores sociais que non están de acordo coas súas teses. Ese é o problema que teñen vostedes e por iso eu non nego que o Sr. Rivas poida dialogar, que haxa outros concelleiros do Grupo socialista ós que lles guste dialogar, non vou entrar eu niso porque sería inxusto, pero todos empezamos a coñecer as maneiras do Sr. alcalde e comézano a coñecer perfectamente nesta cidade.

Imos seguir co tema de Rajoy, xa que o nomeou, e xa lle dixen o que ocorreu neste país. Teño que dicir que Rajoy se comprometeu a aprobar a lei integral de loita contra o cambio climático, que non se decata, Sra. Lago, para avanzar cara unha economía de baixa intensidade de carbono que establecerá entre outras medidas un obxectivo de redución de emisións de gases, incentivos para premiar os comportamentos responsables co medio ambiente, a adaptación de políticas sectoriais á proposta do panel internacional sobre o cambio climático, que non sé se sabe o que é, Sra. Lago, porque pretende responder con isto ó desafío que supón o cambio climático con capacidade de liderado, responsabilidade e eficacia. Todo isto farao a partir do día 9 de marzo que será presidente, unha vez que chegue a un acordo se non acada maioría suficiente para gobernar, pero seguro que chega a acordos, para enfrontar a loita contra o cambio climático, “un compromiso ineludible de todos”, verbas do Sr. Rajoy. Pero vostedes seguirán na mesma, vostede seguirá facendo un resume do que lle gusta exclusivamente oír a vostede.

Pero tamén hai declaracións da comunidade científica que apostan por este tipo de iniciativas. Aquí temos declaracións moi recentes, deste mesmo mes, da presidenta do grupo de Economía Científica de "La Galicia" onde di: “Para iso ha comprometerse o traballo de toda a organización municipal no desenvolvemento de combustibilidade dende os marcos de xestión e técnicos e de democracia

participativa que aparecen na campaña europea de cidades sostibles nos compromisos de Carta Albor e no modelo de xestión medioambiental da Axenda 21. Hai moitas declaracións ó respecto da comunidade científica, dos cidadáns, da sociedade en xeral para a aprobar.

Vostede empéñase en seguir falando doutras cuestións. Pois imos seguir falando da ministra, da mala e nefanda ministra de Medio Ambiente que tivemos neste país, que o único que fixo en toda a lexislatura foi rexeitar e derogar o Plan Hidrolóxico Nacional, un plan para igualar a todas as rexións de España e que todas puideran ter suficiente abastecemento de auga. En troques fixo un plan chamado “Plan auga, actuacións para a xestión e utilización da auga” que a súa existencia baseábase precisamente na bonanza e viabilidade das plantas desalinizadoras. Incrible, alucinante.

Saben o que dixo recentemente ese comité de sabios que vostedes contrataron para esta cuestión? Esta é unha nova publicada nos medios a semana pasada que di exactamente: “O comité de expertos contratado polo Ministerio da Ministra de Medio Ambiente Cristina Narbona rexeitou a grande alternativa socialista á derogación do transvase do Ebro e do Plan Hidrolóxico Nacional, as plantas desalinizadoras. Un pau que se produce tras coidar os especialistas que son moi caras”, e leo textualmente as declaracións dese comité que vostedes, o Grupo Socialista Obrero Español, contratou: “A desalinización, malia o considerable progreso que tivo durante os últimos anos, continua sendo unha fonte de auga non convencional”. É dicir, que non vale para nada e senón vaian preguntar ós cidadáns de Canarias onde teñen unha planta desalinizadora e que ninguén bebe esa auga porque beben auga embotellada. Non se decatan de que vai a cuestión.

Se quere podemos seguir a falar desas e doutras cuestión como por exemplo que dende a Consellería de Industria da Xunta podían ter feito algo vostedes en favor de 160.000 familias de Galicia afectadas polo cambio da tarifa eléctrica. Na cuestión da enerxía tampouco fixeron nada, o único foi aprobar e facilitar que aproximadamente 160 familias sexan castigadas cunha subida do 50% polo cambio da tarifa eléctrica e niso a Consellería de Industria, o D. Fernando Blanco, (coñéceo verdade, Sr. Domínguez Olveira?) podería ter feito algo, pero tampouco fixeron ren ó respecto e van prexudicar clara e netamente a moitas familias que fixeron uns investimentos no seu día con acumuladores nocturnos. Non fixeron nada ó respecto

e estas familias se van ver claramente prexudicadas.

Como semella que vostedes así o queren, aquí o imos sacar todo e o último tema é ó que se dedica o Concello de Vigo que non é nin máis nin menos que a gastar os cartos dos cidadáns en propaganda e terían que llo explicar ben porque son propagandas de iniciativas case todas desenvolvidas e postas en marcha polo anterior goberno do Partido Popular como, por exemplo a recuperación de dunas, como xa dixen aquí, ou a recollida de aceite.

Sra. Lago, non se decata tampouco vostede, non se decata, non sei se llo dixen unha ou varias veces pero é que non se decata. Xa lle dixen en setembro que é unha cuestión exponencial, que unha vez que os cidadáns se decatan, reciben información suficiente, iso vaise incrementar exponencialmente e nós tamén estamos a favor diso, non estamos en contra de nada do que dixo vostede, o único que propoñemos é que se lles consulte ós cidadáns, a todos os interlocutores sociais. Iso é o único que pretendemos con esta iniciativa e non nos dedicar a outras cuestións.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. González Sagarra, vostede está satisfeito da súa intervención? De verdade que logo de facer unha intervención que efectivamente fala sobre o respecto ó medio ambiente, vostede está satisfeito da intervención que acaba de facer?

Os que respectamos o medio ambiente, os que queremos traballar e estamos traballando polo medio ambiente facémolo fundamentalmente porque respectamos as condicións de vida das persoas. Non coñezo eu a ninguén que sexa quen de enarborar a bandeira da defensa do medio ambiente e que alomenos non teña o mínimo respecto coas persoas, coas persoas que somos elixidas libre e democraticamente polos cidadáns. Eu xamais me atrevería a dicirlle a vostede reiteradamente que "non se decata de nada".

Vostede chega a esta Corporación municipal só hai seis meses; nesta Corporación hai xente, como quen lle fala, que levamos bastantes anos representando ós vigueses. O único que eu lle quero pedir é que non sexa vostede un provocador profesional, que respecte, que explique os seus argumentos, as súas ideas, que ten todo o dereito do mundo ao facer e, por favor, que sexa respectuoso.

Vostede falaba de maneiras e de modos; o primeiro que non pode facer é o que

acaba de facer abeirándose na defensa lexítima que ten vostede de presentar as mocións que considere, facer unhas maneiras e uns modos que evidentemente, e perdoe que llo diga, descualifícano.

Para lle dicir a alguén que "non se decata de nada" vostede ten, primeiro, que se preparar, se documentar, ler a historia desta Corporación e deste Concello e non falar de oídas. A reciclaxe nesta cidade empezou hai moitos anos cun goberno bipartito PSOE-BNG. Sábeo? Entón, méntese a vostede mesmo? porque acaba de dicir que foi algo iniciado polo anterior goberno.

A recuperación das dunas da praia do Vao comeza cun concelleiro nacionalista que se chama D. Amador Fernández e ponse en práctica cun goberno municipal BNG-PSOE, ponse en marcha todo un estudo e unha actuación na praia do Vao. Quen é o que non se decata?

En canto á Consellería de Industria. Claro que hai 160.000 familias afectadas pola supresión da tarifa nocturna pero a diferenza do Sr. Rajoy, que se dedica nestas campañas electorais a falar para acadar votos en Extremadura, en Andalucía e ponse falar dos problemas que o Castelán ten en Galicia, que diso é do que fala o Sr. Rajoy, pregúntelle a calquera cidadán galego se algún ten problemas na nosa terra por falar o castelán, diso é o que fala o Sr. Rajoy. En troques D. Fernando Blanco e o D. Anxo Quintana acaban de dicir publicamente...

Para se decatar, señor, tamén hai que escoitar de cando en vez e espero por vostede, eu si que lle teño respecto. Sr. alcalde, permítame, polo respecto que me merece o concelleiro e que el non ten polos demais.

A PRESIDENCIA: Sr. Domínguez Olveira, continúe, por favor.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A diferenza do Sr. Rajoy. D. Fernando Blanco e D. Anxo Quintana acaban de anunciar publicamente que se o BNG (vai no noso programa electoral) ten a forza decisiva en Madrid, imos cambiar este asunto e a diferenza do que fixo o Partido Popular gobernando dezaseis anos nesta terra, aforrar en enerxía e apostar polas enerxías alternativas significa facer o primeiro grande parque eólico que vai ter o noso país e que vostedes non foron quen de poñer en marcha.

Apostar polo aforro enerxético significa o primeiro plan que este país tivo de



aproveitamento dos recursos naturais do noso monte, que non foron quen do facer vostedes en dezaseis anos. Vou rematar dicíndolle que aforrar en enerxía é non se poñer en contra cando este goberno decide aforrar en enerxía luminosa cando decidimos atrasar o alumeado de Nadal, por lle poñer un exemplo.

SRA. LAGO REY: O nivel da súa intervención foi tan triste que só me queda dicirlle que hoxe os cidadáns tiveron unha proba clara do que é o PP.

Pense nunha cousa que lle vou dicir para rematar: Non se ataca a quen non se teme e non ofende quen pode, senón quen quere. Vostede non me chega.

SR. GONZÁLEZ SEGARRA: Sr. Domínguez Olveira, non ten ningunha autoridade moral para lle dar aquí unha reprimenda moral a ninguén.

Por outra banda lle teño que dicir que o tema de entrar nun debate de campaña xeral, digo no día completo, as vinte e catro horas do día, que eu tamén traballo pola noite, pero o debate da campaña en xeral non o iniciéi eu. Eu só fixen unha proposta para debater neste hemiciclo positiva, de participación cidadá e polo tanto eu non iniciéi ese debate, foron os señores do Grupo socialista.

Por outra banda dígolle que se lle ofendín nalgún momento eu pídolle desculpas pero tampouco veña aquí tentando dar reprimendas porque non é o axeitado.

Non vou entrar en ningún tema máis, en canto ó tema do alumeado de Nadal, é verdade que vostedes tomaron esa decisión pero ó mesmo tempo estaba o Concello acendido día e noite e polo tanto tamén hai que ter en consideración outras cuestións.

(Están ausentes os Sres. Conde Gil e Figueroa Vila e as Sras. Iglesias Bueno e Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Fidalgo Iglesias, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Larriba Leira, Martiño Gómez e Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. González Sagarra, instando a creación dun órgano consultivo en materia de desenvolvemento sostible, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

8.- (8).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO DO ANO 1991.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de xaneiro de 2008, o concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr Coello Bufill, formula a seguinte moción:

"Nas últimas semanas, a partir dos primeiros días de decembro, atopamos en distintos lugares da cidade, fundamentalmente nos accesos viarios á mesma, a instalación de sinais de carácter prohibitivo que impiden a circulación de camiós de gran tonelaxe de 10.000Kg.

Entendendo que se trata de executar o anuncio do concelleiro do ramo de aplicar canto antes as medidas correctoras para que o tráfico pesado deixe de circular polo casco urbano, consideramos que as medidas deberían acompañarse do apoio legal que lles corresponde.

O ordenamento actual que ten as súas orixes en estudos que partiron da nosa época de goberno e pendentos de aplicación por falta de tempo, teñen continuidade na actualidade. Sen embargo e para facer efectivas as medidas propostas e que poidan ter o seu efecto, e dicir, que a Policía Local sancione coa lei na man, deberíase articular á modificación da ordenanza reguladora de Tráfico, que data do 4 de febreiro do 1991, o que non se fixo ata o momento.

Unha vez máis, ponse ó carro antes de tempo, cando ó correcto sería levar a modificación da ordenanza a Pleno e con todas as consecuencias aplicar os cambios necesarios co apoio legal que permita garantir unha mellor actuación da Policía Local para a fluidez no tráfico e con menos riscos de accidentes.

O responsable do departamento volve caer en anuncios anteriores, onde promete ó que logo non cumpre. Tememos outra vez máis unha actitude chea de irresponsabilidade política que carece de consistencia legal obrigada.

Parécenos ben adoptar medidas que se apliquen paulatinamente pero tendo o apoio legal desde o primeiro momento. Unha cosa e prohibir coa sinalización instalada sen efectos legais e outra articular as medidas sancionadoras con certa

flexibilidade no seu inicio de aplicación pero con todas as garantías xurídicas que requiren.

Por todo isto o Grupo municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal á modificación da ordenanza de tráfico do ano 1991, co fin de aplicar as medidas que afectan ao tráfico pesado no seu paso pola cidade para que goce de apoio xurídico e os axentes de policía local poidan actuar legalmente, e o mesmo tempo retirar a sinalización de prohibición instalada para que non dea lugar a confusión.”

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 21 de xaneiro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: Nas últimas semanas, a partir dos primeiros días de decembro atopamos en distintos lugares da cidade, fundamentalmente nos accesos á mesma, sinais de prohibido que impiden a circulación de camións de tonelaxe de máis de 10.000 kg. Entendendo que se trata de executar un anuncio do concelleiro do ramo de aplicar as medidas correctoras para que o tráfico pesado deixe de circular polo casco urbano, coidamos que as medidas debían seren acompañadas do apoio legal necesario.

O ordenamento actual, que eu celebro, ten as súas orixes en estudos que partiron da nosa época de goberno e pendentos de aplicación por falla de tempo, teñen continuidade na actualidade. Para facer efectivas as medidas presentadas e poder ter o seu efecto, é dicir, que a policía sancione coa lei na man, deberíase, ó noso humilde entender, modificar a modificación da ordenanza de tráfico de 4 de febreiro de 1991, o que non se fixo ata agora, cando o correcto sería levar a modificación da ordenanza a Pleno e con todas as consecuencias, aplicar os cambios necesarios cun apoio legal que permita garantir unha mellor actuación da Policía Local para a fluidez do tráfico e con menor risco de accidentes.

Parécenos ben adoptar medidas que se apliquen ós poucos pero tendo apoio legal dende o primeiro momento. Unha cousa é prohibir cos sinais instalados sen efectos legais e outra modificar as medidas sancionadoras con certa flexibilidade no seu inicio de aplicación pero con todas as garantías xurídicas que se requiren legalmente.

*A seguir o concelleiro Sr. Coello Buñill procede a ler a parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes.*

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Está claro que non queren que a Concellería de Mobilidade se mova, diría que lles preocupa enormemente o moito que se está a mover.

Sr. Coello, o apoio legal débeo coñecer vostede. Eu voulle informar logo, supoño que o conserxe lle poderá facer chegar este informe xurídico e de paso lle envío a ordenanza municipal reguladora da carga e descarga onde vai tamén o do transporte pesado, nun proxecto que vostedes entenderán moi ben cando lles fale a continuación.

O apoio legal está no Regulamento xeral de circulación, normativa estatal que permite restricións temporais ou permanentes á circulación de camións con masa máximo autorizada superior a 3.500 kg. “cando se prevexan elevadas intensidades de tráfico, cando as condicións en que ordinariamente se desenvolva o fagan necesario ou conveniente...”

A decisión municipal o que pretende é solventar un problema urxente que vostede non foi quen no seu momento. como é o de controlar o tráfico pesado cara a axilizar a circulación e diminuír a conflictividade do tráfico nas vías conxestionadas da nosa cidade e facelo dun xeito consensuado con todo o sector. Todos os transportistas están incorporados ás medidas que se están poñendo en marcha, facelo tendo claro que ten que haber autorizacións especiais para circulación de vehículos de máis de 10.000 kg dentro dos itinerarios obxecto das restricións.

Dende logo tampouco se están a sancionar as infraccións ata que se aprobe a nova ordenanza municipal porque non é preocupación deste goberno sancionar, senón ir poñendo as medidas que poidan mellorar substancialmente o tráfico e a mobilidade nesta cidade progresivamente, dun xeito consensuado con todos os sectores e con todos os cidadáns que é o que estamos a facer dende o primeiro día e vostede, que debe saber moito de pacto e mobilidade, saberá que ese é o obxectivo final: ter un pacto de mobilidade na cidade que nos permita mellorar na calidade de vida polo que se refire a esa actuación importante.

Saben que estas medidas que se están a poñer de xeito práctico na cidade sen ningún tipo de sanción porque ese non é o obxectivo, está ademais absolutamente

consensuado mesmo co Ministerio de Fomento a través da Demarcación Provincial de Estradas e responde esta actuación ós criterios de celeridade e eficacia que debe ter calquera administración. Nós estamos a facelo pero semella que lles molesta que exista esa eficacia e esa celeridade na posta en marcha de medidas. Non me gusta falar do pasado, nin facer referencia a actuacións anteriores pero vostedes saben perfectamente, porque foron os primeiros no facer que non é necesario traer ó Pleno da Corporación diversas ordenanzas para facer modificacións puntuais en ordenanzas que obviamente necesitan esa eficacia e celeridade e voules poñer un exemplo de modificacións importantes. Por exemplo o Bando de setembro de 2006 no que se modifican non unha ordenanza, senón dúas sen pasar por este Pleno da Corporación e a ninguén se lle ocorreu presentar problemas respecto a iso porque respondía ó que realmente era necesario. Ese Bando asinado pola anterior alcaldesa modifica a ordenanza municipal de circulación e transportes polo que se refire á carga e descarga en determinadas zonas da cidade, fixo peonil a Alameda e o seu contorno e ademais modifica a ordenanza xeral de circulación que prohíbe estacionar nas beirarrúas ciclomotores e motocicletas cando antes se permitía. A ninguén se lle ocorre poñer problemas a algo que ten resposta a uns criterios de boa política e actuación cara ós cidadáns aínda que eu me atrevo a dicirlles que neste caso hai unha diferenza substancial porque a modificación que estamos poñendo en marcha responde a un plan estruturado, que ten todas as súas fases perfectamente marcadas, que pretende modificar toda a normativa no que se refire á circulación viaria na nosa cidade. Por iso lle envío tamén a ordenanza municipal reguladora das operacións de carga e descarga de mercadorías nas vías urbanas, ordenanza que xa está presentada a todas as asociacións de transportistas desta cidade, ás organizacións de comerciantes e de distribuidores, precisamente para regular non só a carga e descarga, senón con efectos xa legais o tráfico pesado e así mesmo as medidas para reducir a velocidade, os famosos pasos de peóns con resaltes dos que vostedes, por certo, puxeron só un na cidade sen modificar para nada a ordenanza porque sería realmente ridículo non tomar ese tipo de medidas que requiren as necesidades obvias do tráfico e da cidadanía. Pero ademais nesa ordenanza que lle envío, que esperemos que se debata no próximo Pleno do mes de febreiro, supoño que logo de que vostedes a estuden a

modiño, a propia disposición final primeira desa proposta de modificación da ordenanza fala e comprométese a algo tan sinxelo como aprobar no prazo de seis meses dende a entrada en vigor da ordenanza da que lle estou a falar, ordenanza de carga e descarga, transporte pesado e medidas de seguridade, un texto que refunda e actualice a normativa vixente en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial. Aí está o compromiso deste goberno. O que estamos a facer responde a ese plan que todos saben que esta cidade necesita.

SR. COELLO BUFILL: O informe que agora teño o gusto de ler, é curioso porque leva data de 16 de xaneiro de 2008, cando xa estaban estas medidas de tráfico, polo que perdoe que dubide e tamén podo ter, co respecto que vostede me merece, o criterio xurídico sobre o tema pero que dubide en canto ó fondo da cuestión porque ademais o que eu lle formulei é que os axentes (no informe dio e corrobóroa) non poden sancionar. Os axentes nestes momentos non están sancionando e iso vostede sábeo, ademais di: “Por outra banda tampouco se están a sancionar as infraccións que se poden cometer ata que se aprobe a nova ordenanza municipal que establecerá o réxime sancionador aplicable”.

Eu felicítolle por esa nova ordenanza que verá a luz, Sr. Calviño, porque unha ordenanza do ano 91 está xa obsoleta. Pero conte os que están aí, porque vostede volta de cando en vez ó pasado, os que eramos nós e sume os que son vostedes.

Ademais tamén lle podo dicir que nesta sesión de hoxe tivemos un exemplo claro, vostedes aproveitan a situación cando queren para a modificación dunha ordenanza como a que trae vostede de mesas e cadeiras, tróuxoa aquí para unha modificación puntual e nesta non o aproveita.

O técnico ó final do único que fala é de criterios de urxencia e celeridade, é o único co que me quedo do informe. Pero eu fágolle unha pregunta que se me ocorre agora: de houberen un accidente no casco urbano dun camión de grande tonelaxe, que seguen entrando, que na miña época tamén entraban porque evidentemente tampouco podemos ter un policía en cada esquina, pregúntelle á Policía Local que vostede coñece, que para min é a mellor Policía Local de Galicia nos seus mandos e nos seus axentes, que informe preceptivo daría o Xulgado no sentido de que un camión poida producir (Deus non o queira) vítimas e que informe daría en canto á seguridade xurídica e ás garantías que merecen os administrados, que son en

definitiva para os que gobernan vostedes e nós tentamos defender. Polo menos a min, na miña humildade de licenciado en Dereito prodúceme bastantes dúbidas. Eu tería moitas dúbidas nese sentido porque en Dereito non é todo exactamente igual, tería moitas dúbidas razoables respecto ó informe que os mandos policiais ou o axente de quenda tivese que dar ó Xulgado ó non haber un apoio xurídico. Di o informe, seino eu e tamén vostede, que non están sancionando e iso ó meu modesto entender, dende un punto de vista legal, é unha transgresión da norma. É a miña opinión e loxicamente a do grupo que me apoia. Eu trasládollo só como unha reflexión e celebro, Sr. Calviño, que miremos cara ó futuro que é o que nos preocupa, preocúpanos a seguridade dos cidadáns, o benestar dos vigueses e viguesas e vostede sabe que nese departamento hai moito que facer. Utilice a súa intelixencia, que eu sei que a ten, o seu esforzo e traballo a prol da cidade de Vigo, aí sempre me terá a min ó seu carón.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: O primeiro aplaudir a súa intervención, o respecto, a educación que ven sendo unha característica de seu de sempre, Sr. Coello, e dende logo terá sempre o meu recoñecemento. Despois de anteriores exemplos coido que é bo que haxa tamén voces sensatas no Partido Popular.

Non se preocupe, Sr. Coello, vexo que ten unha certa preocupación polo tema de sancionar. Tiñamos perfectamente claro que a posta en marcha de medidas tan importantes como esta require un proceso no que a sanción sexa o último. Non queremos sancionar, queremos ir aplicando as medidas que van supoñer unha considerable mellora de tráfico nesta cidade co convencemento, co consenso con todos os sectores que se teñen que convencer de que teñen que cumprir as ordenanzas municipais.

Déixoo perfectamente tranquilo porque sabe que a actual ordenanza de 1991 tamén impide que se metan camións pesados na cidade, así que non se preocupe por ese problema. Outra cousa é que non se aplicara esa ordenanza. Supoño que non estaremos a discutir polos 1.500 kg de diferenza que responden a unha rotunda renovación do que son os transportes pesados porque iso sería xa "rizar o rizo".

Non se preocupe porque non vai haber ningún problema legal, van seguir entrando camións e seguirán entrando sempre. Durante estes dous meses pasou que viñan

dous camiões de transporte pesado para deixar tremoia no Centro Cultural de Caixanova e, como non van pasar? Teñen que pasar pero con permisos especiais fóra do horario que prohiba a ordenanza, iso non se modifica con respecto á ordenanza anterior, seguirán pasando pero con permisos especiais, con tento e pensando que o tráfico nesta cidade ten que responder ó que queren os seus cidadáns e non “tomar o mundo por monteira” como fan algúns transportes pesados.

O que a min, á Concellería e ó goberno preocupaba máis era que todas as medidas se fixeran co consenso e co coñecemento de todas as asociacións e de todos neste caso transportistas, pero cada vez máis iremos implicando máis sectores.

O traballo que se está facendo estes meses é moi importante porque entre outras cousas permitiunos facer axustes que están acadando que o que era unha proposta inicial vaia tendo os axustes que permiten que no futuro, cando sexa sancionable, o que tampouco nos preocupa excesivamente, as cousas estean xa rodadas e en perfecta situación. Ese é o obxectivo, que coa maior urxencia porque o tema o require, se poñan as modificacións que se deban no tráfico nesta cidade.

SR. COELLO BUFILL: Felicitarlle e agradecer porque o traballo de campo que se fixo, traballo mo importante, como vostede sabe, Sr. Calviño, o poidan executar agora vostedes.

Respecto ó que é o fondo do tema dicirlle que loxicamente mantemos a nosa moción nos termos actuais e que na nosa época o noso afán xamais foi recadador, celebro que o de seu sexa o mesmo, senón que era mellorar e dar seguridade no tráfico ós peóns, ós cidadáns e ós condutores.

(Están ausentes os Sres. Conde Gil e Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Fidalgo Iglesias, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez,



Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Coello Bufill, instando a modificación da ordenanza de tráfico do ano 1991, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

9.- (9).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO Á SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO A CREACIÓN DUNHA NOVA DEPENDENCIA DA COMISARÍA DE POLICÍA NACIONAL EN VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 21 de xaneiro de 2008, o concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

"Para o normal funcionamento das institucións públicas e privadas, o mantemento da paz e a convivencia, o libre e pacífico exercicio dos dereitos individuais, políticos e sociais constitúe sen dúbida, un dereito inescusable para o sostemento dun estado democrático. Estas garantías foron outorgadas pola Constitución Española, concibida como un ben público e intanxible necesario para o progreso da liberdade. Así o artigo 104 da Constitución establece no seu apartado primeiro, que as forzas e Corpos de Seguridade, baixo a dependencia do Goberno, terán como misión protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades, garantindo a seguridade cidadá.

Na nosa cidade houbo no ano 2007 un incremento de denuncias de ata ó 34%, motivado ó aumento das denuncias por malos tratos e por roubos no interior de vehículos, datos que figuran no informe ofrecido pola Subdelegación do Goberno.

Ó mesmo tempo no mesmo informe de referencia se concretan os casos de violencia de xénero, que en Vigo teñen xerado un incremento das denuncias nun 31% ó longo deste ano, existindo nestes momentos case 400 ordes de protección, das que 238 corresponden ó Corpo Nacional de Policía, circunstancia preocupante xa que co mesmo número de axentes e mesmas dependencias debemos facer fronte a esta avalancha de actuacións.

Debido ó enclave xeográfico de Vigo e o seu aumento de poboación, nos últimos anos, tivese sido lóxico que para atender as denuncias con suficiente garantía, se aumentasen durante todo este tempo en proporción as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, circunstancia que non se ten producido.

Facendo referencia a outras cidades, con este mesmo nivel de poboación como poden ser Granada ou Córdoba, contan con tres dependencias da Policía Nacional

distribuídas estratexicamente polo seu territorio, para poder atender con maior celeridade as denuncias e as actuacións no caso de ser necesarias.

Nestes momentos en Vigo, contamos con só dous dependencias do Corpo de Policía Nacional, unha situada na Rúa Taboada Leal e a outra na Rúa Torrecedeira, entre as que se reparten toda a cidade de Vigo que debido a súa forma xeográfica, hai zonas onde a chegada dos axentes se ve prexudicada pola distancia entre os puntos.

Así pois, a xusta petición deste grupo popular consiste en dotar á cidade de Vigo, dunha terceira dependencia da Comisaría de Policía Nacional, incrementando os medios técnicos e humanos dispoñibles actualmente, para poder distribuír a cidade en tres zonas, gañándose así en eficacia e celeridade para o bo funcionamento tan necesario.

Urxe tomar medidas ó respecto para que o problema a curto prazo non se faga insoluble e teñamos que o lamentar por non ter actuado coa reflexión necesaria que o problema esixe.

Por último, queremos manifestar o noso recoñecemento ó traballo, esforzo e profesionalidade de todos os membros da Policía Nacional, Garda Civil e Policía local, que realizan as súas funcións no noso termo municipal.

SOLICITAMOS.

Que dende o Concello se inste á Subdelegación de Goberno, para que no prazo de tempo máis breve posible, se aprobe a creación dunha nova dependencia da Comisaría de Policía Nacional na Cidade de Vigo, dotándoa dos medios técnicos e humanos necesarios a tal fin”.

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 21 de xaneiro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Antes de nada indicar que as dependencias onde está a Policía Nacional unha é a de Taboada Leal e a outra é a da rúa López Mora. Indicar que o goberno é o garante de todas as liberdades, convivencia, libre pacífico e exercicio dos dereitos individuais. Para isto o artigo 104 da Constitución xa nos establece que para esta actividade o goberno dispón dos corpos e forzas de seguridade do Estado.

No exercicio 2007 xa no informe ofrecido polo Subdelegado do Goberno, indica que o aumentaron as denuncias o 34%, unhas por malos tratos e outras por roubo no interior dos vehículos. Disto a violencia de xénero leva o 31%, é dicir do 34% de aumento que se produciu, o 31% é de violencia de xénero. Emitíronse 400 ordes de

protección das que 238 corresponden ó Corpo da Policía Nacional. As ordes de protección consisten en ter localizadas ás persoas, saber onde están e no caso de necesidade actuar correctamente.

Volvemos novamente ó noso espazo vital e vemos que o problema está en que Vigo creceu e non se aumentou o número de corpos e forzas de seguridade do Estado, seguimos mantendo o mesmo persoal e instalacións para resolver os problemas que a cidade de Vigo ten con maior abundancia.

Hai cidades como Córdoba ou Granada, con case o noso mesmo nivel de poboación, Córdoba ten 322.000 habitantes mentres que Granada ten 237.000 e nós temos 300.000, pero si que é certo que temos unha poboación voante de uns 150.000, en total contamos cunha poboación de 450.000 persoas que a acotío utilizan a cidade de Vigo e coas dependencias coas que actualmente nos atopamos, Taboada Leal e López Mora, temos dalgún xeito que dividir a cidade de Vigo para que as persoas que queiran poñer algunha denuncia ou exercer algunha actividade relacionada coa Policía Nacional teña que pasar por estas dependencias. Efectivamente a orografía da cidade de Vigo é bastante ampla e debido a esta situación, cando teñen que actuar os axentes, poden chegar máis tarde debido á situación xeográfica das patrullas e ás localizacións das dependencias policiais.

Dende este Grupo popular entendemos que sería interesante que se resolvese este tema para non ter que lamentar situacións de non poder chegar ós sitios ou polas circunstancias orográficas tardar máis en resolver os problemas delituosos, ou atender ás persoas vítimas de violencia de xénero. É certo tamén, e así o queremos manifestar, todo o esforzo e o traballo que fan a Policía Nacional, a Garda Civil e a Policía Local que traballan nestas dependencias porque efectivamente non lles podemos pedir máis, senón que o que estamos solicitando é que realmente poñan máis persoal e máis localizacións para poder dalgún xeito resposta ás necesidades desta cidade.

Por isto solicitamos que dende o Concello se inste á Subdelegación do Goberno para que no prazo de tempo máis breve posible se aprobe a creación dunha nova dependencia da Comisaría Nacional na cidade de Vigo, dotándoa dos medios técnicos e humanos, non esquezamos estas dúas verbas, necesarios para tal fin.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Á hora de afrontar esta moción se me pasou unha

primeira idea pola cabeza. É obvio, quen non quere máis medios técnicos e humanos para a Policía Nacional, para a Policía Local, na que vostede sabe que estamos facendo esforzos que ó mellor vostedes non fixeron? Quen non quere máis dependencias da Policía Nacional? A verdade é que parecía que se opoñer a esta moción era un absurdo pero estudando un pouco máis profundamente, sobre todo porque esta moción posiblemente me permita falar un pouco desa especie de lenda negra que hai ó redor da cidade de Vigo como cidade insegura, onde hai carreiras ilegais todas as fins de semana en todos os sitios e practicamente en todas as rúas, entón pensei que un bo exercicio de responsabilidade era dicir que non a esta moción, que ademais non acertou precisamente á hora da presentar, xusto cando a Xerencia de Urbanismo acaba de dar vía libre ás obras da nova Comisaría que vai supoñer que a Comisaría de López Mora, vaia pasar dos 2.200 m<sup>2</sup> actuais a máis de 14.000 m<sup>2</sup>, cun investimento do Ministerio do Interior de 17 millóns de euros e unha previsión de remate das obras no 2010-2011.

Tampouco parece que o momento foi moi axeitado cando a Policía Nacional acaba de darnos esta fin de semana a grande satisfacción e alegría de quitar da circulación ó principal grupo expendedor de droga en Castrelos, Matamá e centro, unhas das zonas que eran puntos negros para a Policía Nacional e para a Local. Non parece realmente o momento máis oportuno para esta moción.

Pero é que ademais (con todo o cariño do mundo) acertou vostede cos exemplos de Granada e Córdoba en pleno porque lle vou expoñer unha serie de cadros que son moi bos, sobre todo para quitar esa imaxe que nos ven do conflito que vivimos nos anos 70 de Vigo, cidade insegura, etc.; vennos moi ben porque isto é absolutamente obxectivo porque a Policía Nacional depende da Dirección Xeral da Policía en todas as cidades de España exactamente igual, estes son criterios absolutamente obxectivos e por iso a min me molesta tanto escoitar sempre a representantes preclaros da nosa cidade falar da escaseza de policía, da falla de seguridade, do drama que temos todos os días na nosa cidade porque dos 33 municipios de España maiores de 150.000 habitantes clasificados polo número de delitos durante un ano por cada 1.000 habitantes, Vigo ocupa neste número de delitos o posto 27, xusto cunhas pequenas cidades por debaixo; a única con maior número de habitantes é Valladolid. Curiosamente unha das cidades que vostede puxo como exemplo ocupa o primeiro lugar en número de delitos durante o ano por

cada 1.000 habitantes: Granada, cos seus 237.000 habitantes menos ca nós, por certo, e Córdoba está no posto número vinte, é dicir, o exemplo é pouco afortunado. Pero na taxa de criminalidade, que é incluírle ó número de delitos as fallas, Granada ocupa o segundo lugar, Córdoba o dezasete e Vigo baixou ó trinta; quedan por detrás tres cidades máis pequenas que son Oviedo, Xixón e Pamplona. Vigo é das cidades máis seguras.

Se falamos de delitos esclarecidos a cousa invértese, Vigo empeza subir cara arriba porque de todas estas cidades ocupamos o posto número oito; das que máis, mentres que Córdoba e Granada están no vinteún e no vintenove, alá abaixo malia as súas tres comisarías.

En infraccións esclarecidas, delitos máis fallas, o mesmo, Vigo sobe máis aínda, pasa ó posto número cinco; Córdoba e Granada están no dezasete e no vintenove, alá abaixo.

Pero é que en Galicia, onde somos a cidade con maior número de habitantes e onde hai estudos nos municipios galegos de máis de 25.000 habitantes, á hora de número de delitos resulta que non estamos no posto número un, estamos no sexto, é dicir, estamos ben, estamos moito mellor.

Á hora de falar de taxa de criminalidade aínda baixamos máis, estamos no décimo posto e se falamos en números, dos 8.866 delitos do ano 1999 pasamos no ano 2006 xusto á metade. Perfecto, esta é a cidade insegura, perigosa, é a vella imaxe da nosa cidade que algúns gozan defendendo cando realmente a dimensión de Vigo é que actualmente é unha cidade comfortable, protexida, cunha boa calidade de vida, onde hai que facer que os difíciles tempos que xa pasaron pasen á historia e que defendamos outra imaxe da cidade que é a verdadeiramente real: a de cidade comfortable, segura, na que por desgracia seguirán acontecendo accidentes como o recente que ó mellor incrementan esa imaxe, sobre todo se algúns se dedican a difundila e ampliála que é algo moi negativo e para iso é do que estamos a falar agora, dunha marca de Vigo que dende logo non é a que se pretende defender cando se fala de Vigo como cidade insegura porque é absolutamente todo o contrario.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Como sempre observo que non escoitou nada porque eu nunca dixen a palabra inseguridade, xamais dixen que esta cidade fose insegura

pero tentarei explicarllo novamente para evitaren que vostede vaia por outros rumbos e evitaren calquera outra historia.

Efectivamente vostede fala de persoal e lémbrolle que nós presentamos nos nosos orzamentos persoal para a Policía Local e vostede rexeitounos, rexeitou esa dotación e por conseguinte non me fale vostede de persoal.

Falábame do tema de Urbanismo e demais e eu estou de acordo con vostede. Efectivamente saíu ultimamente na prensa que xa se lle concedeu (xa era hora) licenza para poder realizar as obras pertinentes á Comisaría de López Mora.

Eu non estou dicindo que non se fagan, que non sexa necesario, eu non falei disto, foi vostede. Xa contemplo esa localización porque xa existe, as dependencias están coma están e o servizo estase a prestar. O que si é certo é que a remodelación é necesaria para que realmente os servizos se presten con maior garantía e celeridade. Ninguén está en contra desa situación.

Xa que vostede retomou novamente a Comisaría, podemos ver como ten que abrir as dependencias de López Mora porque realmente o DNI o hai que facer polas tardes, coido que de houber outras dependencias posiblemente non habería que aumentar o horario de tarde e máis coas dependencias novas que está solicitando este partido, pero non vou entrar tampouco niso o que pasa é que vostede mencionouno e eu tiven que facer referencia a iso, cousa que non tiña prevista.

Tenta dar uns datos que lles facilitou a vostedes o informe do Subdelegado do Goberno porque eu tiven que buscar na hemeroteca para ter a información. Vostede fala de que descenderon os crimes e demais, eu dígolle que aumentou o tráfico de estupefacientes nun 52%, pero isto é bo no sentido de que realmente pasou de 2.000 a 1.300 pero, como di o Subdelegado do Goberno, é bo porque tiña os medios e porque estabamos alí, é dicir, como ben indica di que foi gracias ó estaren e ó faceren o requisito pertinente, acadaron diminuír esta circunstancia, aumentar as persoas detidas por este feito e por conseguinte unha boa vantaxe para a nosa poboación.

Tamén é certo que aumentou nun 16% a posesión de armas brancas e outros obxectos perigosos, de 300 a 400, pero isto foi non por nada, senón porque as persoas estiveron aí, porque a Policía Nacional en colaboración coa Policía Local e a garda de seguridade, no caso de que fose necesario, estiveron aí. Ó mesmo tempo tamén aumentou dun 50% a un 100% a utilización de tarxetas falsas que veñen

dos pequenos roubos ou furtos dos vehículos, dependendo en cada momento do que se produza, que como dixemos anteriormente aumentaron nun 34%.

Repito novamente que non é que Vigo sexa insegura, non falo de inseguridade, senón de dar á poboación de Vigo o que demanda. Estamos a falar de que ó aumentaren o número de denuncias, as persoas se teñen que desprazar a todo o contexto da xeografía de Vigo e para que isto non suceda poderíamos dalgún xeito dividir en zonas, porque as zonas de Taboada Leal e López Mora teñen dispersa a actuación e poderíamos ter outra que axudaría máis.

Mesmo o Subdelegado do Goberno, para evitaren a circunstancia do aumento das denuncias da violencia, puxo dous protocolos, un para o caso de actuación das vítimas de alto risco controlándoas cada seis días e en segundo lugar a protección a maiores e isto só se acaba con dúas condicións: con máis persoal humano e con máis localizacións para que as persoas se sintan seguras para poder denunciar, comunicar ós axentes e corpos de seguridade do Estado na situación na que se atopan.

Estamos falando dunha seguridade para os cidadáns, non de que a cidade sexa insegura, senón de dar maior servizo á cidadanía de Vigo para que dalgún xeito se poida sentir arroupada polos corpos e forzas de seguridade do Estado.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Por suposto, na demanda de maior e mellor servizo da Policía Nacional e de todo tipo de policía na nosa cidade estaremos sempre na primeira fila e quizais facéndoo dun xeito máis axeitado do que o están facendo vostedes hoxe.

Lembraríalles unha cuestión que igual dirán que repito acotío pero aínda así vostedes seguen na mesma co asunto.

A última incorporación de efectivos á Policía Local está realizándose nestes intres con este concelleiro responsable de Seguridade. Por certo, estarán na Academia en período de formación ata xullo; pero na penúltima incorporación de Policía Local a esta cidade tamén estaba quen lles fala de concelleiro de Seguridade, o que quere dicir que en tres anos e medio vostedes de recursos humanos e de mellorar á Policía Local nesta cidade, que é a primeira responsabilidade dun goberno, cero. Así que non me veña falar vostede de todos eses temas.

Puxo tamén outro exemplo moi interesante: a apertura polas tardes para expedir o

DNI. Felizmente hoxe xa estamos a falar noutros termos porque houbo hai pouco tamén outra moción ó respecto e como ven solucionouse. Non existe o problema e solucionouse, entre outras cousas con eficacia na xestión e eficiencia nos recursos, tamén cun servizo de atención especial ós cidadáns pola tarde. É unha boa medida tanto de xestión como de servizo ós cidadáns.

É obvio que vai haber unha nova comisaría pero é que vai pasar dos dous mil e pico de metros cadrados dos que estamos a falar ós catorce mil, é dicir, o salto é impresionante e non semella que teñamos moita forza moral para pedir do xeito que vostedes pedían porque normalmente é algo que tamén pensei respecto a esta moción: é positiva, pídense cousas, poderíamos pedir e mandar a correspondente carta que era o que facía a antiga alcaldesa e esquecerse, non volvería existir o tema logo de mandar a carta, cumpriuse pero non se fixo nada porque as mocións vaian cara adiante.

Pola contra nós imos rexeitar esta moción pero a preocupación pola seguridade vai ser tan importante que acadaremos maiores recursos técnicos e humanos e o mellor para a Policía Nacional dende este momento ata o remate do noso período de goberno.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Sr. Calviño, non quero que me traia aquí a colación cousas que vostede está tentando demostrar que fixo ou non. Lémbrolle que a RPT correspondente xa tiña achegados todos estes aspectos, así que non me indique nada do que vostede está facendo ou non, ou veu ou non facer. O que si é certo é que agora dalgún xeito está recollendo os froitos do noso traballo así que non me conte historias que xa sabemos que se ían producir porque se me di que recolleu o que nós sementamos, eu tamén sei facer iso estupendamente. Non se bote demasiados loureiros e tente facelo mellor para que cando esteamos nós no goberno poida dicir o que vostede fixo.

Non me contesta novamente á pregunta, como lle dixen que me concretase os puntos da miña moción vostede saíu pola Policía Local. Coido que na miña moción, agás para agradecer os seus servizos tanto á Policía Local como á Garda Civil e á Policía Nacional, non comentei para nada á Policía Local, non quere dicir que non traballen, senón que eu o que demando neste momento é o tema da Policía Nacional que necesita unhas dependencias para lle dar un servizo á cidadanía de



Vigo.

Vostede faloume do horario pero eu non quero entrar niso, paréceme estupendo que amplíe o horario polas tardes e se quere os sábados e domingos, pero non estamos falando desa ampliación, senón dun horario constante como puidéramos ter nunhas dependencias da Policía Nacional se de parte de vostedes tentasen montar outras dependencias como é o que solicitamos.

Por conseguinte eu tan só me reitero en que se vostedes non o queren facer porque xa me demostrou que vai traballar e todas esas cousas pero que non me vai aprobar a moción, ó mellor é que non quere que o Grupo popular leve os loureiros, como vostede ó mellor tenta. Son incongruencias que fai vostede como outras moitas pero non vou entrar niso.

Si é certo que eu entendo que se non aproba esta moción está deixando á cidadanía de Vigo sen un lugar máis onde poder reclamar, denunciar e sentirse segura.

(Están ausentes os Sres. Conde Gil e Figueroa Vila e a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e dez votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Fidalgo Iglesias, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Molares Pérez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Martiño Gómez, instando a creación dunha nova dependencia da Comisaría da Policía Nacional, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

10.- (10).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO IMPULSAR OS PROGRAMAS DE MAIORES DE FORMACIÓN, OCIO E TODOS OS RELACIONADOS CO ENVELLECIMENTO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de xaneiro de 2008, a concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. Iglesias Bueno, formula a seguinte moción:

"Durante os gobernos do PP nesta cidade, se desenvolveron e se potenciaron os programas de maiores relacionados coa formación, co ocio, co deporte e todo o que tiña que ver co envellecemento activo deste colectivo tan importante e numeroso na nosa cidade.

Dentro do variado programa que existía naquel momento se potenciaron actividades que xa existían como é o deporte e a música e danza, e se organizaron moitas novas, como encontros, cursos de informática, talleres de memoria, bailes, cursos de teatro e de risoterapia, viaxes e excursións, intercambio de experiencias con maiores de outras cidades, o programa de cine a un euro e outras moitas que foron demandando os maiores e que daban resposta ás necesidades e ós gustos deles.

Despois destes oito meses de goberno, temos que dicir que o panorama é completamente diferente, dende antes das eleccións municipais levamos escoitando por parte dos dous partidos que o sector dos maiores sería unha prioridade neste goberno, e os datos que temos despois destes oito meses nos din todo o contrario.

Polo de agora, non se puxo en marcha ningunha iniciativa e só temos anuncios todos os días de que se vai facer en breve, pero ese día nunca chega e este colectivo está a día de hoxe totalmente desatendido.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Impulsar os programas de maiores de formación, de ocio e todos os relacionados co envellecemento activo."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 21 de xaneiro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

*A concelleira Sra. Iglesias Bueno, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.*

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Di vostede que fixeron todo tipo de cursos para persoas maiores e que tras sete meses de goberno nós aínda non fixemos nada. Dicirlles que sete meses de goberno si, pero exactamente seis e medio sen orzamentos, realmente temos un orzamento dende hai exactamente 15 días.

Precisamente non tivemos orzamento porque cando nós asumimos as competencias no mes de xullo, cando comezamos a gobernar, atopámonos con que o primeiro que houbo que facer foi unha modificación orzamentaria importante que concretamente no que respecta á Concellería de Benestar Social foron 253.353 euros, é dicir, para pagar os gastos que vostedes deixaban pendentes tivemos que facer unha modificación orzamentaria deste calibre. Entre outros gastos dos que deixaron pendentes estaba o Servizo de Axuda ó Fogar, é dicir, os nosos maiores quedarían sen este servizo dende xullo ata decembro se esa modificación non fose adiante.

Por outra banda lembrarlles tamén que nesa mesma modificación que tivemos que facer, tivemos que meter 11.432 euros para pagar as receitas, os gastos farmacéuticos das persoas que estaban en situación de emerxencia social. Fíxese como deixaron as cousas que nin sequera a estas persoas que estaban nesta situación lles podíamos pagar os gastos de farmacia.

Iso si, cando fomos mirar todo ese tipo de cursos que vostedes fixeron, que efectivamente non imos negar que os fixeron, atopámonos con que por exemplo na piscina había unha lista de espera de 350 persoas que agora ós poucos imos tentando diminuír. Tamén había lista de espera nos cursos e actividades deportivas que, por certo, estaba sen pagar o IMD porque os 37.000 euros que lle había que dar ó IMD velaquí que estaban gastados noutras actividades.

Que me di de determinadas facturas? Unha concretamente de 6.000 euros que tivemos que arranxar dalgún xeito porque se lle dixo a unha persoa que dera cursos de manualidades e non se fixo o RC correspondente en Benestar Social, sinxelamente se lle dixo de palabra á persoa que dera ese curso, esta persoa fíxoo e logo a pobre da muller chegounos chorando porque non podía cobrar.

Pois teñen razón vostedes, efectivamente fixeron moitos cursos pero curiosamente sempre se beneficiaban as mesmas asociacións e hai determinado tipo de actividades que se fixeron en momentos moi concretos, en vésperas de eleccións: en outubro, en maio, como se o resto do ano os nosos maiores non necesitaran deste tipo de actividades. Por exemplo, sen ir máis lonxe hai un expediente de “Viajes Halcón” polo importe de 12.000 euros en viaxes de barco na primavera, abril, maio, en vésperas de eleccións como todos sabemos. Pagouse tamén, subvencionouse a determinadas persoas actividades como irse de cruceiros por

exemplo. É unha actividade saudable, os nosos maiores teñen dereito, pero en troques diso había montóns de maiores nas nosas parroquias que non tiñan sequer cubertas actividades mínimas como ximnasia, cursos de memoria, etc.

En canto ó programa de entradas de cine para maiores a un euro, efectivamente a Sra. alcaldesa daquela promocionou moito este programa e dicir que para esta actividade houbo un expediente por 14.400 euros. As actividades de cine para maiores empezaron tamén en abril-maio e a negociación cos cines foi ata o 30 de xuño, coido lembrar. Pasou que non sabiamos nada da actividade de cine para maiores, non sabiamos que pasara con esas entradas, pensabamos que se distribuíran todas convenientemente e en vésperas de Nadal alguén, rebuscando nunha caixa, alguén que estaba ordenando as cousas, atópase con un milleiro de entradas, exactamente novecentas noventa e pico. Atopouse con esas entradas e deuse conta de que estaban sen repartir. Tivemos que re-negociar para que non se perderan este milleiro de entradas cos responsables dos cines para que alomenos se utilizaran ó longo do mes de decembro e así o fixemos.

Tamén hai que contar isto, non só hai que contar que se fixeron moitas actividades para maiores. Os nosos compromisos son doutro tipo. Comprometémonos coa cidadanía non con actividades illadas, senón que o que queremos é que sobre todo haxa un seguimento destas actividades, unha atención integral e continuada ós nosos maiores e por iso incrementamos o orzamento de Benestar Social nun 13%, actualmente temos 5.790.000 euros, vostedes tiñan máis ou menos 4.400.000 e pico euros,

Non queremos falar de cursos ou actividades, senón que queremos falar dun plan estratéxico de asuntos sociais con obxectivos ben definidos e estudos das necesidades dos nosos maiores, barrio por barrio, parroquia por parroquia; mesmo de onde máis ou menos maiores, onde necesitan esas actividades e cara onde vai crecer a cidade no futuro e onde vai haber máis maiores para lles ofertar estes plans e programas.

Niso estamos, Sra. concelleira, con todo o cariño niso estamos. Imos facer cursos de prevención da dependencia que imos levar cara adiante en colaboración coas asociacións veciñais; tamén imos facer programas de avellentamento activo.

Vostedes, concretamente para os programas de actividades deportivas, de avellentamento activo, tiñan 37.000 euros; por outra banda tiñan unha partida de

77.000 euros. En total adicaban a estas actividades o último ano e tendo en conta todas estas actividades extraordinarias que se fixeron cando estabamos en vésperas de eleccións un total de 94.000 euros concretamente.

Nós nun só programa temos nestes momentos 160.000 euros pero a esa cantidade témoslle que sumar 35.000 para pagar convenientemente ás instalacións deportivas e 77.000 euros que imos utilizar en reformas e arranxos de vivendas de persoas que xa as están utilizando nestes momentos e que non se atopan en condicións axeitadas. Se vostede suma daralle que efectivamente é moitísimo máis do que vostedes fixeron.

Por outra banda a isto haberíalle que lle sumar todo o incremento do Servizo de Axuda a Domicilio que sufriu un incremento de 275.000 euros por riba do que vostedes puxeron. Vostedes tiñan 1.200.000 e nós imos ter 1.475.000.

Que dicir da posta en marcha do centro Atalaia que xunto co da Cruz Vermella nos vai custar 294.000 euros.

Nós coidamos que isto si é unha aposta polos nosos maiores e polos servizos sociais. Como dicía antes imos facer unha actuación integral e continuada que se vai levar a cabo en todos os barrios e parroquias de Vigo. Evidentemente o primeiro ano non nos vai dar tempo en metelo en todos pero ós poucos iremos introducindo estes programas.

Como digo, unha aposta integral e continuada polos programas de avellentamento activo, da prevención de dependencia, por verdadeiramente elevar o benestar e a calidade de vida dos nosos maiores. Prometémosllo, Sra. concelleira.

SRA. IGLESIAS BUENO: Sra. Méndez, maximaba a súa resposta, maximaba que diría o de sempre: que se cando chegaron non había cartos, que deixamos as arcas baleiras..., pero coido que a estas alturas iso xa non o cre ninguén porque unha Xunta de Goberno tras outra levaron todo o quixeron: contratacións, modificacións de crédito ó Pleno e seguiron traballando. Á parte isto non ten nada que ver porque como vostede sabe na primeira parte do ano o Concello adianta moitos cartos á Xunta de Atención Primaria que logo, cando chega a subvención da Xunta de Galicia, faise unha xeración de crédito e se recupera. Maxino que vostede sabe iso. Por iso cando chegou practicamente non había cartos porque nós estabamos adiantando os cartos da Xunta de Galicia que vostede puido dedicar a estas

cousas. Pero non, nin a estas nin a outras cousas.

O certo é que este tema non pasou a un segundo plano, senón que pasou a un terceiro ou a un cuarto plano. Eu vexo á súa compañeira, dona Iolanda Veloso, que sacou xa o programa a semana pasada. Isto convértese nun “imos facer”, “temos moito diñeiro”, “temos 160.000 euros”, “temos máis orzamento”, pero os resultados son cero. A estas alturas non temos nin programación, polo menos ter isto que xa non digo as cousas contratadas. Se a hai coñécea vostede pero entre que a saca, convoca ós maiores, etc., estamos en maio, logo chega o verán e os maiores non se apuntan.

Que vostede me poida botar en cara que deixei sen pagar unha factura de 6.000 euros? A min non me parece tan grave.

En canto ó cine a un euro pódolle explicar por que estaban as entradas no lixo: porque vostede mandou tiralas porque eran cousas de Corina. Foi así, logo arrepeniuse e volveunas coller.. Non se ría que é así e as miñas informacións son esas.

O caso é que ó 010, ó Rexistro e ó correo electrónico non chegan máis que queixas de por que se suspenderon todas as actividades que se estaban facendo con maiores. Esa é a realidade, vostede cargouse as actividades de maiores, segue facendo as únicas que non se puido cargar porque xa estaban contratadas por dous anos e había 20.000 persoas que estaban participando nesas actividades. O cruceiro e o dos balnearios non se fixo só ese ano, tamén o anterior e todas as actividades se viñan facendo. O cine a un euro era un proxecto novidoso e foi a primeira vez que se fixo pero todo o demais xa se fixera antes.

O único que pido coa miña moción en sentido positivo é que vostede se poña a traballar, que lle dedique moitas horas e que este tema, que semella que a vostede lle dá a risa, é moi serio e no que hai que traballar moi duramente.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Non me dá a risa pero verdadeiramente hai algo que me chegou á alma: non me pida que lle dedique máis horas porque lle xuro que no teño máis no día.

Ata agora, que eu saiba, aínda son moi nova para ter “Síndrome de Dióxenes”, non me dedico a buscar nos colectores as entradas que previamente mando tirar, aínda non estou diagnosticada de tal cousa e ogallá nunca o estea ninguén.

Sra. concelleira, non se suspendeu ningunha actividade, séguense realizando exactamente as mesmas que se realizaban, pasa que nós queremos poñer en marcha os programas e efectivamente se van poñer en marcha.

Cando vostede se atopa nunha concellería cunha cousa tan desartellada como o que había en Benestar Social, o primeiro que se ten que facer é reestruturar o departamento e facer que os programas se poñan en marcha como se teñen que poñer. Había catro persoas en Benestar Social diferentes e cada unha levaba unha cousa e unhas non conectaba coas outras, co que a mesma asociación podía ter cinco actividades mentres que había unha chea de asociacións, tanto de maiores como veciñais, que se quedaban sen absolutamente ningunha actividade. Xa non quero pensar en que había intereses políticos en darllos a determinadas asociacións, non vou ser mal pensada; vou pensar que o que había era tal descoordinación que nin sequera sabían as actividades que se estaban facer uns e noutros.

Realmente este debate non leva a nada. Como dicía alguén “obras son amores” e niso estamos. Estamos orgullosos de que recoñezan o traballo que fai a miña compañeira, Iolanda Veloso, pero ó mellor é que tivo máis sorte e atopou bastante máis estruturado todo o que nós atopamos absolutamente desestruturado no departamento de Benestar.

O primeiro, foi reestruturar o departamento, facer un departamento que se vai encargar de dependencia, de discapacidade, coas mesmas persoas encargadas de todas as cousas, para que unha persoa faga unha cousa e outra o diferente.

En segundo lugar efectivamente os programas están feitos e hai un compromiso dos poñer en marcha a mediados do mes que ven porque xa están preparados e ademais llo imos remitir.

SRA. IGLESIAS BUENO: Eu non quería ser moi dura con vostede pero dígolle de verdade que ten o servizo de Benestar Social abandonado, que non fixo nin unha soa xestión importante dende que está aí e ademais que deixou de facer cousas que funcionaban ben. Paralizou xestións como a do Centro de Día que vostede recoñece que segue sen funcionar, as citas de atención primaria tardan moito máis que antes, estamos acadando meses de espera para seren recibidos, aínda se acaba de convocar logo de sete meses o Consello de Accesibilidade, vostede que

tanto fala dos discapacitados; a oficina de Atención ó Emigrante que tiña catro persoas agora ten unha. Así poderíamos seguir en todos os asuntos que atinxen á Concellería de Benestar Social.

Eu sei que a vostede non lle gusta esta concellería, e non é que o diga eu, é que o dixo vostede en público varias veces, antes do reparto das concelleiras deste goberno dixo que quería Parques e Xardíns que era máis lucido, díxoo en público, e estar agora cunha Concellería de Benestar Social que non é nada lucida, amólalle. Pero si lle digo que o que ten entre mans é moi serio, que ten os colectivos máis desfavorecidos de toda a cidade e que necesitan unha atención absoluta e o único que lle pido é que se dedique a traballar e que lle bote moitas horas.

(Están ausentes os Sres. Conde Gil e Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Fidalgo Iglesias, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. Iglesias Bueno, instando impulsar os programas para maiores de formación, ocio e todos os relacionados co envellecemento, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

11.- (11).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Ó GOBERNO MUNICIPAL A EXECUCIÓN DO SANEAMENTO DA TRAVESÍA DE NUMANCIA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de xaneiro de 2008, o concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr Comesaña Abalde, formula a



seguinte moción:

"Existe no centro de Vigo unha bolsa de vivenda nun entorno sen urbanizar pero o mesmo tempo consolidado desde hai moitos anos, que non dispoñen de saneamento, tendo que recoller os verquidos en fosas sépticas.

En concreto, estamos a falar da Travesía Numancia, paralela á rúa Jenaro de la Fuente, no inicio da rúa en Travesía de Vigo, nunha zona interior entre novas edificacións que non ten saída ao vial principal polo que carece de conexión á rede xeral de saneamento.

Estudadas varias posibilidades e descartado o proxecto inicial de instalar un bombeo na parte inferior da rúa Travesía Numancia, os informes técnicos aconsellan a instalación dun colector que poida ofrecer o servizo idóneo de saneamento ós veciños e veciñas que residen na mencionada Travesía.

Entendendo que no Departamento de Servizos Xerais do Concello existe a información técnica disposta por Aqualia sobre o problema que estamos a falar e que asumir o custo da execución da obra, presupostada entorno aos 25.000 euros, non supón ningún quebranto para as arcas municipais, consideramos que deberían acometerse os traballos canto antes.

Falando como estamos a falar dun entorno residencial, tanto con novas construcións como con viais próximos máis ou menos recentes, debemos ofrecer e dotar á cidade dos servizos básicos de primeira necesidade para mellorar a calidade de vida dos nosos veciños.

Por todo isto o GM do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a executar o saneamento da Travesía de Numancia, co fin de permitir os vertidos das vivendas alí existentes, directamente á rede xeral de saneamento, eliminando as fosas séptica actuais".

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 21 de xaneiro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COMESAÑA ABALDE: Trátase de dotar con saneamento unha zona do Calvario, concretamente a terceira Travesía de Numancia onde se presta o servizo con fosas sépticas.

Dende o Grupo popular instamos ó goberno municipal a executar o saneamento na Terceira Travesía de Numancia co fin de permitir os verquidos das vivendas existentes directamente á rede xeral de saneamento.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Sr. Comesaña, teño a impresión de que vostede vai buscando os proxectos que teño preparados na miña concellería e logo presenta a moción, cousa que lle agradezo moito porque nos dá a oportunidade, como diría o Sr. Figueroa, de lles poder explicar ós cidadáns a diferenza que hai entre as actuacións do Partido Popular, totalmente propagandísticas, e as dun goberno, neste caso PSOE-BNG, concretas e en beneficio dos cidadáns.

Vou facer un pouco de historia moi breve para lles lembrar que no período 1999-2003 nesta mesma Concellería había un concelleiro socialista que investiu 71,54 millóns de euros en saneamento. O saneamento é algo que queda aterrado, que non se ve, non loce moito pero si facilita a vida dos cidadáns. En investimentos directos de saneamento foron 52,3 millóns de euros.

No período 2003-2007 cun goberno do Partido Popular gastáronse vostedes en saneamento 15,68 millóns de euros dos que 3 foron en investimentos en Zamáns que, por certo, quedou sen rematar e nós tivémolo que proxectar.

Non só na rúa Numancia que xa se vai arranxar agora mesmo, deixaron vostedes 22 vivendas na rúa Mimosa, 36 na rúa Seara, 63 na rúa Areal, 500 no Camiño da Gorxa-rúa Arnela en Teis, 90 na Espedrigada, en Bembrive 35, en San Xoán Pouló 6, 30 en Candeán, en Coruxo 36, en Valladares 44, en Carballal-Candeán 195, na parroquia de Beade 86, en Gandarón-Lavadores 3, en Sampaio 58 e non lle falo da eliminación da eliminación de pluviais e da construción dos colectores que fagan falla.

Por iso agradézolle que me dea a oportunidade de poder explicar o que vostedes non foron quen de facer e o que nós estamos empezando a arranxar.

Imos votar que si, como non podería ser doutra maneira, a esta moción.

SR. COMESAÑA ABALDE: Moitas gracias por aceptar a moción pero lle teño que lembrar que non todo o que di vostede é certo.

Primeiramente, no noso goberno gastáronse 37 millóns de euros e non 15; en canto ó de don Uxío Fernández, que é a quen vostede se refería, foi coa Comunidade Económica Europea.

Todos eses proxectos que vostede me está citando quedáronlle enriba da mesa, Sra. Abelairas, algúns licitados e outros publicados no boletín. Iso non o digo eu, está aí.

Este que di vostede que fixo, que eu saiba no mes de maio vostede aínda non estaba no Concello e este proxecto é do mes de maio e entón alguén o deixou feito que sería o responsable daquela.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Corrobora vostede o que eu dixen: a diferenza de actuacións entre un goberno do Partido Popular e outro do PSOE-BNG: propaganda pura e dura e nós executamos.

SR. COMESAÑA ABALDE: Quedou claro. Moitas grazas por me aceptar a moción que coido que foi a única que se aceptou hoxe aquí.

(Están ausentes os Sres. Conde Gil e Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Comesaña Abalde, instando a execución do saneamento da Travesía de Numancia, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

12.- (12).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PROPOÑENDO MEDIDAS RELATIVAS A UNHA XESTIÓN MÁIS EFICIENTE DA RECICLAXE DOS RESIDUOS URBANOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de xaneiro de 2008, o concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr González Sagarra, formula a seguinte moción:

"Na cidade de Vigo ó longo destes anos leváronse a cabo numerosas xestións en relación á reciclaxe dos distintos tipos de residuos urbanos, co obxectivo de facilitar, mellorar e ampliar as liñas políticas de actuación de respecto e coidado do medioambiente.

Todas as medidas que desde o goberno local se poden e deben tomar son

necesarias ante a magnitude dos problemas a tratar, a súa evolución e valoracións, así como novas iniciativas que se acordan a todos os niveis, nacional, autonómico e finalmente local.

Por iso desde o Partido Popular estamos preocupados por posibles insuficiencias que poidamos detectar en cada momento concreto.

Así nos últimos meses podemos observar respecto aos residuos de aparatos eléctricos e electrónicos, coñecidos polas siglas RAEE (televisores, frigoríficos, radios, ordenadores, lámpadas, etc.), deficiencias na cidade de Vigo con respecto á recollida e reciclado deste tipo de residuos

Nesta cuestión o Real Decreto 208 aprobado en 2005, pretendía que os residuos de aparatos eléctricos e electrónicos, tiveran unha xestión adecuada e non acabaran no vertedeiro. De tal forma que ó comprar un produto, o consumidor paga un diñeiro para custear o reciclado, sen o saber en moitas ocasións porque non recibe a información suficiente sobre os seus novos dereitos e obrigas.

Estas carencias ocorren igualmente con outro tipo de residuos como son os trastes, residuos metálicos etc., apreciándose en moitos casos un claro descoñecemento por parte dos cidadáns respecto a súa xestión e ó procedemento a seguir para o seu reciclado. Por outra parte a empresa FCC, responsable da recollida e almacenamento intermedio, atópase saturada neste sentido.

En resumo temos constancia de que aproximadamente un 30% destes residuos (trastes, electrodomésticos, aparatos electrónicos, etc.) xerados no municipio de Vigo no ano 2007, é dicir preto de 570.000 Kgs, foron abandonados en lugares inapropiados e sen previo aviso.

Por tanto cremos necesario mellorar, consensuar propostas e avanzar cara unha xestión máis eficiente da reciclaxe dos RAEE, trastes e outros residuos, ante a magnitude dunha problemática que vai en aumento e a falta de información suficiente dos cidadáns vigueses.

Por isto o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno da Corporación Municipal de Vigo:

1.- Unha campaña de coordinación de todos os axentes implicados na xestión, para que actúen e comuniquen correctamente potenciando o servizo de reciclado, xunto aos distintos colectivos sociais (asociacións de veciños, culturais, etc.) co obxectivo de buscar a súa colaboración e implicación.

2.- Elaboración dun manual ou folleto informativo que permita aos cidadáns coñecer os servizos gratuítos que presta o Concello en materia de recollida e reciclaxe, ademais dos distintos xestores autorizados presentes en Vigo de residuos urbanos"

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión do 21 de xaneiro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. GONZÁLEZ SEGARRA: Esta moción refírese concretamente ó tema da reciclaxe de residuos catalogados como aparatos eléctricos e electrónicos por unha banda e ós residuos de trastes pola outra.

Esta foi unha iniciativa máis que se levou a cabo e que é bastante recente e logo da estudar durante varios meses e de analizar o que está ocorrendo o que propoñemos é unha serie de iniciativas para que se mellore a xestión destes residuos. Concretamente os aparatos eléctricos e electrónicos o Real decreto 208, aprobado hai un par de anos, pon categoría a estes residuos ata en dez apartados diferentes. Por exemplo aparatos eléctricos de consumo dentro dos que van radios, televisores, vídeo-cámaras, vídeos, cadeas de alta fidelidade, etc.; pequenos e grandes electrodomésticos, ferramentas eléctricas e electrónicas, sistemas informáticos persoais, é dicir, hai un grande número de categorías diferentes.

Ademais existe un plan nacional de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos para o período 2008-2015 cuxa finalidade non é nin máis nin menos que precisamente mellorar a reciclaxe destes residuos.

En canto ó tema dos trastes pasa exactamente igual, hai un procedemento a seguir que é a través dun teléfono que puxo ó dispor a empresa FCC encargada de facer a recollida, ese teléfono funciona pola mañá e a partir daí aténdense as demandas dos cidadáns.

O que nós pretendemos con estas iniciativas que vou explicar brevemente é que se melloren precisamente estas deficiencias que observamos. Sobre todo e fundamentalmente a falla de información por parte dos veciños, dos cidadáns vigueses con respecto a este tipo de reciclaxe.

En resumidas contas o que propoñemos é unha campaña de coordinación de todos os axentes implicados na xestión para que actúen e comuniquen correctamente potenciando o servizo de reciclado xunto ós colectivos sociais. Isto é porque en canto ós aparatos eléctricos e electrónicos, cando facemos unha compra deste tipo de elementos estamos pagando a súa reciclaxe, así como tamén a reciclaxe dos residuos históricos, chamados así no RD.

Polo tanto pensamos que primeiro as grandes superficies e os comercios deberían colaborar polo menos para informar ós cidadáns e facelos copartícipes. Por outra banda estamos seguros de que os colectivos sociais tamén estarían dispostos a

participar e a colaborar neste tipo de reciclaxe.

Por outra banda solicitamos un manual, un folleto informativo que lles permita ós cidadáns igualmente coñecer estes servizos que son gratuítos por parte do Concello e ademais no que se inclúa distintos xestores porque hai unha grande variedade de xestores diferentes para os distintos produtos, aínda que non en todos eles hai un método para os reciclar, por exemplo, non hai vertedoiro de inertes en Vigo. Polo tanto o que reclamamos é maior información para o cidadán.

Tamén mesmo se podería facilitar unha maior coordinación e colaboración entre a Policía e os departamentos de Medio Ambiente e Limpeza para evitaren casos como o que ocorreu sen ir máis lonxe hai dous semanas en Gandarón, onde se atopou un contedor cheo de vidro machucado. Sabemos que esa é unha irresponsabilidade cometida por algunha persoa ou empresa e que sinxelamente non se puido recoller porque pesaba moito. Tivérono que baleirar nuns plásticos e logo recollelo ós poucos.

Estas son as medidas que propoñemos, unha vez máis positivas e esperemos que as apoien.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Teño que lle facer un pouco de historia ó Sr. Sagarra porque este contrato do que fun responsable eu no ano 2003, atopeino exactamente igual a como o deixei.

Facer historia ás veces é complicado e eu entendo que vostede non estaba aquí pero llo deberon contar porque deste contrato nin sequera se revisou o IPC. Para a empresa ningún problema porque vai cobrar os intereses; para o Concello hai un problema grave porque ten que pagar máis cartos.

En todo este tempo nin sequera foron quen de se preocupar e buscar unha localización para que a empresa instalara un punto limpo como viña ofertando no contrato, cousa que estamos facendo agora; nin se molestaron, nin se preocuparon. Cando colocaron os colectores soterrados, sinto que non estea aquí o Sr. Figueroa que disto sabe bastante, nin sequera tiveron en conta á empresa de limpeza que ía facer a recollida e agora atopámonos con que non funcionan, con que non hai un contrato de mantemento e que están colocados tan lonxe da beirarrúa que o camiión que vai baleirar cústalle moito facelo.

Nin sequera asinaron o contrato con ECOEMBES, contrato que acabamos de asinar

nós e que nos vai permitir aumentar en 72 os colectores de papel cartón. Lembrarlles que quedaron 600 illas de reciclaxe, 450 nos distritos do centro e 150 no rural.

Lembrarlles que a recollida de trastes era unha vez á semana e dende hai un mes se recollen dúas veces á semana. Lembrarlles tamén que xa se están cambiando os colectores de pías que eran de plástico por uns de aceiro inoxidable que teñen unha duración maior.

Efectivamente, nese punto limpo se contemplarían todos estes aparellos electrónicos que son motivo de contaminación, pero quizais non saiba que se está facendo unha recollida porta a porta nas grandes zonas comerciais, tanto na rúa Areal, como en Camelias, Príncipe, O Calvario, etc. Tamén debería saber que o contrato contempla unha campaña de publicidade cada ano, cousa que estamos preparando.

A nosa preocupación pola reciclaxe e polo coidado do medio ambiente é tal que fomos os socialistas e o BNG os que a instalamos e puxemos en funcionamento. As campañas de aforro enerxético que comezaron no período 99-2003 co cambio das luminarias daquela por luminarias de baixo custo.

Imos votar en contra a moción porque o que non se pode é facer demagogia con algo que está funcionando e que pretendemos que funcione moito mellor. Seremos quen de instalar o punto limpo e non un só, os seis que contempla o Plan Xeral que vostedes non foron quen de aprobar.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Eu lin o Plan Xeral e contempla oito puntos limpos. Non se poden facer declaracións, primeiro acusándonos de que non fixemos nada, de que se estaba buscando o 18 de agosto do ano pasado, hai xa case cinco anos, o inicio das obras desta planta de tratamento na zona de Zamáns e alí non podía ser porque xa se mirou tratándoo cos veciños da zona. Posteriormente, o 5 de outubro xa o di vostede: "A parcela prevista dende hai anos en Zamáns para o punto limpo da concesionaria descartouse debido a que a cualificación que contempla o PXOM para esa zona non acepta este tipo de instalacións". Xa estaba consensuado cos colectivos da zona.

Efectivamente o convenio asinárono vostedes, coido que en agosto ou setembro, e púxose en marcha posteriormente polo anterior goberno do Partido Popular todo o

tema da reciclaxe de vidros, de papel e de envases. Por certo, tamén niso nos acusa do deixar todo ó chou e dicir que non se recolleu nada. Nese respecto hai unhas declaracións de seu, con datos que deu vostede e dixo que no primeiro trimestre do 2007 recóllense 6.400 toneladas de papel, máis envases, máis vidros e no segundo trimestre recóllense 4.668 toneladas. Iso non é bo nin malo, non pasa nada, hai que mellorar a situación e para iso hai que propoñer iniciativas.

Logo nós vimos que as chamadas que recolle FCC, en datos ó 31 de decembro ascenden a 21.632 e os puntos recollidos pola mesma empresa son 29.511, é dicir, hai case un 36% máis de puntos recollidos que de chamadas recibidas. Entón o que pasa é que os cidadáns non saben como proceder á reciclaxe destes residuos.

Nós non estamos propoñendo nada negativo, son iniciativas totalmente positivas e que deberían explicarnos aquí e agora por que non as queren aprobar. Ó mellor habería que ver máis "Barrio Sésamo" para saber o que é bo e malo, alto e baixo, etc.

Logo hai unhas etiquetas, Sra. Abelairas, que se acabaron. Esta moción é só de trastes e aparellos eléctricos e electrónicos, só se estaba falando diso; se quere falamos doutras cousas que eu teño aquí os datos ó 31 de decembro e non pasa nada porque do que se trata é de mellorar. Por certo, aí tamén vostede deu uns datos que baixo o meu punto de vista son errados porque dicía que no 2005 e no 2006 baixara a reciclaxe un punto e non é así exactamente; aí están incorporadas máis de 2.000 toneladas que se recolleron en Álvarez e están contabilizadas neses anos e polo tanto, se vostede desconta iso observará que a porcentaxe de recollida de todo este tipo de residuos, de papel, envases e vidro, que non é o motivo da moción pero que xa que o sacou o comentamos, non baixa, si que hai facer propostas para o mellorar pero non baixa.

Insisto en que nós propoñemos as mesmas medidas, hai unha moi sinxela porque hai unhas etiquetas que se apegaban nos colectores que son como esta que traio aquí que se acabaron e non se repuxeron. Nelas indícase "Non deixe ningún residuo fóra do colector" e pon o teléfono. Son medidas sinxelas.

Logo insisto en que se pode facer unha campaña conxunta cos actores implicados, coas grandes superficies e comercios porque eles están cobrando nos aparellos eléctricos e electrónicos. No punto de Santa Cristina só se recollen os electrónicos, hai un colector que se puxo; non se puido buscar outro punto limpo porque estaba



pendente do PXOM, entón nese punto limpo de Santa Cristina só se recollen os electrónicos e non é que estea saturado, cada vez que se enche o colector se chama á Xunta e a través de Cespa o envían a reciclar ó Ferrol, a Sogarixa concretamente. Como dicía, cando mercamos un aparello electrodoméstico, unha neveira, un microondas, etc., estamos xa pagando a reciclaxe e o que nós propoñemos é que as grandes superficies, os comercios colaboren e participen para informar, nada máis. Logo facer unha coordinación cos departamentos de Medio Ambiente e Limpeza e tamén se lle podería solicitar á Xunta un colector a maiores para grandes electrodomésticos.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Ten moitos datos, Sr. González Sagarra, pero lle falla dicir que 7.779 kg de trastes se recolleron sen ningunha chamada previa. Tamén lle falla dicir que neses cumprimentos que tiveron vostedes, estiveron dous anos sen asinar o contrato con SOGAMA e non quero pensar que non o fixeron porque era o Partido Socialista quen estaban alí e o PP quen estaban aquí. Por certo, pagaban as facturas, cousa que estamos arranxando nós.

En canto a reciclaxe, leccións as mínimas porque eu preguntaba cando estábamos en campaña polo camión de recollida, ese punto limpo móbil, preguntaba onde estaba porque non o vía e quedaba contemplado de que ía estar en determinadas zonas da cidade onde os cidadáns podían baixar a neveira, o teléfono móbil e que directamente se lles ía recoller, hoxe estaría en Coia, mañá nas Travesas, etc., e por certo agora vai saír, pero, onde estivo durante os catro últimos anos? Esixiron vostedes á empresa que cumprira os termos do contrato? Por iso lle votamos en contra.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Nada máis insistir en que se pode mellorar, que entrou en funcionamento a recollida de trastes e aparellos eléctricos e electrónicos a primeiros do 2007, é mellorable e facemos propostas para o mellorar e para que beneficien a todos os cidadáns vigueses.

(Están ausentes os Sres. Conde Gil, Figueroa Vila e Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas

Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e dez votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Fidalgo Iglesias, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. González Sagarra, propoñendo medidas relativas a unha xestión máis eficiente da reciclaxe dos residuos urbanos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (13).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA A INSTAR Á CONSELLERÍA DE SANIDADE A CREACIÓN DUNHA UNIDADE ESPECIAL DE ATENCIÓN ÓS GRANDES LESIONADOS MEDULARES NO FUTURO HOSPITAL DA ÁREA DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de xaneiro de 2008, a concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. Porro Martínez, formula a seguinte moción:

"Na provincia de Pontevedra, máis de 400 persoas padecen lesións medulares que precisan dunha atención continuada e de coidados específicos para os que a maioría dos centros hospitalarios non están preparados. Na actualidade, o complexo hospitalario Juan Canalejo de A Coruña é o único hospital galego que conta cunha Unidade Especial de Atención aos grandes lesionados medulares.

Os familiares dos enfermos da provincia de Pontevedra que se tratan na unidade do Juan Canalejo atópanse en moitas ocasións coa necesidade de establecerse na cidade de A Coruña durante o período que dura a atención e recuperación médica. En moitos casos esas familias non poden facer fronte a este gasto. De aí a evidencia de que no sur da comunidade autónoma é necesario achegar este servizo aos usuarios.

As únicas alternativas de tratamento para os grandes lesionados medulares son a unidade do Juan Canalejo e o Hospital de Paraplégicos de Toledo, onde en moitas ocasións os enfermos se enfrontan a importantes esperas, ou simplemente son derivados para determinadas intervencións cirúrxicas aos hospitais da súa área de influencia.

Todo o exposto anteriormente evidencia a necesidade de contar con máis unidades específicas de tratamento destinadas a lesionados medulares en Galicia, e na provincia de Pontevedra en particular, onde atender a un número importante de persoas con estas lesións. O futuro hospital da área de Vigo, que será un centro punteiro na comunidade autónoma galega e terá un grande área de influencia, debería ter en conta a este colectivo de persoas.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Que o Pleno da Corporación inste á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia á creación, no futuro hospital da área de Vigo, dunha Unidade Especial de Atención aos grandes lesionados medulares."

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión do 21 de xaneiro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

*A Sra. Molares Pérez procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.*

DEBATE.- SRA. LAGO REY: As unidades de lesionados medulares son unidades altamente especializadas destinadas á atención na fase aguda de lesión medular. O principal obxectivo do tratamento inicial do paciente con lesión medular é acadar a súa supervivencia, previr toda perda adicional da función neurolóxica e se fose posible reducir os déficits neurolóxicos. A esta séguella unha fase na que o paciente recibe un tratamento de rehabilitación en unidades hospitalarias dedicadas monograficamente a esta patoloxía, nas que se pretende ofrecer ó paciente a potenciación e mellora das destrezas da súa musculatura, as axudas técnicas precisas, a fisioterapia e a terapia ocupacional axeitada, o apoio psicolóxico que precise e a reeducación vexical e intestinal para que poida conseguir o maior grao de independencia posible con vistas á súa alta hospitalaria e á súa readaptación social e familiar.

A seguinte fase, unha vez no seu domicilio, é o tratamento e a continuidade de coidados no hospital de referencia da lesión medular crónica e que vai depender das complicacións que cada paciente presente: problemas do aparato locomotor, adaptación á cadeira de rodas, epasticidade, úlceras por presión, complicacións no aparato urinario e gastrointestinais, deterioro neurolóxico, problemas respiratorios,

dor, rehabilitación e fisioterapia.

En España estímase unha incidencia de novos casos de 12,1 por millón de habitantes/ano e unha prevalencia de casos existentes de 350 persoas por millón de habitantes/ano. En Galicia as cifras son lixeiramente máis elevadas: o 60% dos lesionados medulares son tretraplémicos, o 40% son paraplémicos e só un 13% incorpórase á vida laboral.

O 50% das lesións medulares prodúcense por accidentes de tráfico e a outra metade corresponde a accidentes laborais, deportivos e por enfermidade.

O PP non ten lexitimidade para solicitar novas infraestruturas sanitarias para Vigo despois do estado de abandono no que deixou a esta cidade os moitos anos de administración do Partido Popular.

A xustificación para crear unidades asistenciais debe basearse en criterios técnicos de planificación sanitaria e non na instrumentación da enfermidade e no sufrimento dos pacientes con fins electorais.

É necesaria a existencia dunha masa crítica de pacientes que asegure a continuidade, estabilidade, calidade e seguridade dos servizos que se presentan. Non escapa a ninguén que o tratamento axeitado dos pacientes dunha unidade asistencial especializada require da experiencia, coñecementos e habilidades que proporciona o manexo cotiá dun número de ingresos suficiente para a implantación dun servizo e unha unidade altamente especializada e o único xeito de facer eficiente o sistema sanitario é garantir a calidade de atención e a seguridade dos pacientes.

No que respecta ós lesionados medulares existe en España un único hospital: o Hospital de Paraplémicos de Toledo. Na zona norte de España hai unha unidade de lesionados medulares no País Vasco, unha en Asturias e unha en Galicia que está localizada no Hospital Juan Canalejo da Coruña e que atende entre 120 e 140 pacientes/ano.

En Galicia prodúcense 2,2 lesionados medulares por ano cada 100.000 habitantes o que se traduce nuns 60,5 ingresos/ano dos que corresponderían á provincia de Pontevedra aproximadamente 20 ingresos/ano.

Estas cifras avalan a necesidade dunha unidade de lesionados medulares que é referencia para toda a Comunidade Autónoma e na que os pacientes permanecen dende que se produce a lesión ata á súa estabilización. O tempo medio de

permanencia dos pacientes nestas unidades é de seis meses aínda que a introdución de modernas técnicas de rehabilitación, robots, pode acurtar dita estancia ata a metade.

Unha vez superada a fase aguda comézase o programa de coidados na fase de lesión medular crónica que depende das complicacións que presenten estes pacientes e que persegue obxectivos de mantemento de rehabilitación para dotar ós pacientes da maior capacidade posible para as actividades da vida cotiá. Ditas complicacións trátanse en hospitais de referencia dos pacientes e requiren da colaboración dos distintos servizos especializados e de atención primaria.

O actual goberno da Xunta e a Consellería de Sanidade o que vai construír non é un cuarto hospital, como di o PP, senón o novo hospital de Vigo deseñado para prestar atención a todas as necesidades da área de Vigo, 600.000 habitantes, nalgunhas especialidades a toda a provincia e á rexión sur de Galicia.

Un novo hospital que ven substituír unhas estruturas obsoletas, unha obra imprescindible para Vigo e a súa área de influencia, é un deber de xustiza e de equilibrio territorial para os cidadáns desta cidade que o PP non realizou en todos estes anos en que estivo ó fronte da administración da Xunta.

Do mesmo xeito estase acometendo a construción de novos centros de atención primario, comezando polos de Navia e Bouzas, para tentar solucionar os problemas de saturación asistencial dos existentes e que o PP non afrontou.

O novo hospital supón un investimento de 370 millóns de euros dos que 90 son para equipamento. Estará dotado da máis moderna tecnoloxía de diagnose por imaxe e rehabilitación, servizos de alta especialización médica e cirúrxica e unidades de coidados mínimos intermedios para garantir a maior calidade de vida e recuperación funcional dos pacientes con lesión medular. Tamén contéplase na súa estrutura a existencia de habitacións especialmente adaptadas ás características destes pacientes.

De todos os xeitos ata a apertura do novo hospital estanse a mellorar as infraestruturas sanitarias actuais, estase a proceder á reordenación de toda a área e á rehabilitación do complexo hospitalario de Vigo, integrando todos os servizos nunha única área clínica e dotándoa de nova tecnoloxía. Comezaron as obras xa para dotar a Vigo da máis moderna tecnoloxía en diagnose por imaxe.

Polo tanto estanse a tomar todas medidas necesarias para que os coidados que

requiren os lesionados medulares da área de Vigo se poidan prestar nos servizos sanitarios da nosa cidade.

Por iso propoñemos unha emenda á moción presentada polo Partido Popular que queda como segue: “Que o Pleno da Corporación inste á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia á creación, no futuro grande hospital da área de Vigo, dunha unidade especial de atención ós grandes lesionados medulares no caso de que se cumpran as ratios necesarios que fagan posible a súa creación”.

SRA. MOLARES PÉREZ: A verdade é que menos mal que o leu rápido porque a Sra. Lago nos fixo un estudo amplo e claro do que consiste o tratamento dos enfermos medulares. Pero realmente coido que é moito máis sinxelo o que nos estamos presentando, que esas tres fases, a fase aguda, a de recuperación e a da adaptación, entre os corporativos hai algunha médica que seguramente o ten moito máis claro que os que non o somos, pero máis ou menos todos os que estamos aquí sentados, como os que están atendendo a este Pleno se poden dar unha idea do trauma que supón e o complexo que é para a persoa que sofre un accidente deste tipo e tamén para toda a súa familia.

Por iso dende o Grupo popular, atendendo ademais ás demandas da Asociación de Minusválidos comarcal que presentaron esta posibilidade de que nese novo hospital que vai ser referencia para o sur de Galicia e que por tanto nos afecta directamente pero non só ós veciños de Vigo, senón de toda a área de influencia, que se estuden realmente as posibilidades de ter esa unidade especial.

En ningún caso estase a falar de que non se lle poida dar agora un servizo, pero coido que de xeito claro puxemos de manifesto que ás persoas que teñen que sufrir, afrontar un tema coma este, tanto para elas como para as súas familias o estaren desprazados en Santiago, e falaba a Sra. Lago na súa intervención de seis meses como termo medio, pois calquera de nós pode sentir o que pode ser para unha familia estar seis meses na Coruña desprazado, separado do resto dos seus familiares e por suposto tamén o gasto económico que supón.

Sabemos que ademais esa unidade ten listas de espera e que ás veces nesa situación que hai que lle prestar un apoio tan rápido e tan directo hai familias e persoas que están realmente sufrindo esperas importantes.

Vostede aquí non só nos describiu o proceso médico dos medulares, senón que

aproveitou para nos facer unha memoria, menos mal que non sacou datos da Memoria do Sergas, pero fixo referencias a toda a política sanitaria que realiza en canto á creación dese novo hospital, os centros de saúde e ademais quedei asombrada porque ata agora a Xunta de Galicia lle botou a culpa do mal que funciona a primaria, que é a primeira vez na historia da sanidade galega que hai listas de espera na primaria porque ata agora iso pasaba coa especializada, de feito non se contemplan listas de espera na primaria, pero seguramente este Nadal os que estivemos algo malos podemos ver como para poder acudir a unha cita para unha gripe ou un catarro, tardaban en dármonos cita unha ou dous semanas, tanto para os adultos como para os que temos nenos en pediatría.

Pódolle asegurar que é a primeira vez que pasa, pero quedei asombrada de que agora a culpa a vai ter este grupo municipal porque non había centros de saúde suficientes. Por parte do goberno anterior se fixeron os trámites necesarios e precisos para poñer novos centros de saúde en funcionamento. Eses centros de saúde dos que xa vostedes nestes seis meses fixeron fotos, facendo o seguimento dos expedientes administrativos. Tamén lle lembro á Sra. Lago que o hospital tamén se puxo en marcha por iniciativa do Partido Popular, sendo Corina Porro alcaldesa da cidade.

De todos os xeitos esta moción non pretende ter protagonismos dun ou doutro partido, para o que estamos aquí precisamente é para atender unha necesidade que non demanda só o Grupo popular. O Grupo do Partido Popular faise eco dunha demanda que fixo a Asociación de Minusválidos Comarcal. Queremos estar pendentes dos cidadáns, dos problemas que presentan e á Sra. Lago pareceralle que é moi axeitado o tratamento que se lles están dando, pero iso non llo parece ás 400 ou 500 persoas que están sufrindo ese problema acotío.

A vostede pareceralle que hai que cumprir ratios, que realmente non paga a pena un investimento. O único que estamos pedindo nesta moción que ademais sei que esta petición tamén se lle fixo ó Sr. Alcalde en datas recentes, creo lembrar que no mes de novembro, é facérmonos eco e que nese estudo que se está realizando do novo hospital, cando se valore que áreas se poden poñer en marcha, que haxa un pedimento deste Concello de Vigo á hora do poñer en marcha. Ogallá non houbera accidentes de tráfico, non houbera lesionados medulares e ogallá nin na provincia de Pontevedra, nin en Vigo fose necesaria esta unidade porque as ratios non o

requiriran, ogallá.

Dende logo nós cremos que sobra a modificación que pretenden dende o Grupo municipal Socialista de que se cumpran unhas ratios porque se o estudo realmente demostra que non é necesario claro que non tería sentido.

Co importante que é a utilización eficaz e eficiente dos recursos públicos na sanidade, se en todas as áreas é importante que os recursos se utilicen dun xeito eficiente, dende logo que no tema sanitario os que o coñecemos sabemos que sobra en que gastar diñeiro. O mal que está funcionando a sanidade pública, para desgracia de todos, neste momento en Galicia e en concreto en Vigo, dende o Partido Popular apoiaríamos calquera incremento orzamentario para a sanidade pública de Galicia e de Vigo, porque nos afecta como políticos pero tamén a cada quen de nós coma persoas.

Polo tanto coidamos que tal e como se presenta: "Que inste á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a creación no futuro hospital da área de Vigo dunha unidade especial de atención ós grandes lesionados medulares", polas ratios que se manifestan está sobradamente demostrado que pode ser así, pero tampouco temos inconveniente en que se achegue algún tipo de valoración e que os estudos o avalen. Coido que falar de ratios nestes casos non ten sentido. Proporíamos "sempre que os estudos avalen esa necesidade".

De todos os xeitos neste momento o estudo do novo hospital está realizado. A Sra. Lago non nos contestou se por parte da Consellería de Sanidade o contemplaron ou non. Eu penso que non e polo tanto si que é necesario que lle instemos a que incorpore a creación desta área. Claro que se vai en contra dos estudos sería ridículo pero creo que tal e como está presentada é que por parte da Consellería non se pensou a necesidade de ter esta unidade.

Esta unidade témola que defender os que estamos preto da área sur porque está claro que as unidades específicas están no norte, pero para iso estamos aquí, para cambiar as cousas e para que tamén as unidades específicas estean no sur.

Sabemos que unha unidade destas é unha unidade moi especializada e específica, pero precisamente os cidadáns nos elixiron para que defendamos os intereses dos vigueses e coido que á Consellería de Sanidade lle corresponde dicir que pode haber outros usos máis eficientes dos recursos públicos e a nós como corporativos defender esta unidade de medulares na cidade de Vigo.



De todos os xeitos o noso posicionamento nesta moción non é como vostede comentaba de falla de interese mentres estivemos gobernando, senón pola contra de atender unha necesidade neste momento e instar á Consellería a que se poña en marcha. Coido que cantas máis matizacións lle poñamos, máis difícil será que a Consellería o poña en marcha porque se nós mesmos non cremos neste proxecto dificilmente a Consellería o vai ter en conta.

A Consellería, por suposto, ten que ter e manter os servizos en toda a Comunidade Autónoma. Somos nós, os corporativos de Vigo ós que máis nos interesa defendendo os intereses dos cidadáns que teñan a mellor asistencia sanitaria e neste caso pensamos que esta unidade pode ser moi interesante para esas persoas que sofren este problema.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sra. Molares, non lle queda claro á Presidencia se acepta a emenda, se fai unha contraproposta ou se propón aprobar a inicial.

SRA. MOLARES PÉREZ: Eu sería partidaria de que quedara como está porque coido que ten máis forza para o solicitar. De todos os xeitos coido que o máis importante, por iso dicía que non é un interese partidista, é que esta moción aprobémola os tres grupos por unanimidade. Se ó Partido Socialista lle supón tanto problema aprobala como está, nós aceptaríámola nese sentido pero como relatora desta moción coido que o máis correcto é deixala como está pero non queremos ter unha actitude totalmente intransixente ó respecto e non sei que opina o BNG.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Vostede é economista, non sabía que sacara a licenciatura de Dereito. Eu son médica, como ben dicía vostede, e como tal e ademais como persoa que fixo algo de planificación sanitaria, probablemente non tanto coma vostede que foi directora de Atención Primaria, ó mellor de planificación non sei tanto, pero me estraña tanto que todo isto que está dicindo veña da súa boca que realmente estou moi asombrada precisamente porque vostede nun momento determinado estivo no SERGAS e sabe o que é planificar, o que é utilizar os escasos recursos que hai en todos os sitios con eficacia e eficiencia; iso faise cando se fai planificación, Sra. Molares.

A planificación sanitaria da que vostede sabe é clave para que efectivamente eses

recursos cheguen a toda a poboación dun xeito eficiente e eficaz. O que me estraña moito é que vostedes neste momento, dalgún xeito utilicen o oportunismo político para presentar unha moción deste calibre da que xa lle digo que eu a nivel persoal diría determinado tipo de cousas.

Precisamente en base a eses criterios de eficacia e eficiencia que vostedes non utilizaron cando estiveron no poder durante dezaseis anos, fixéronse cousas como por exemplo dotar a todo o norte, A Coruña, Santiago, algo tan ridículo como poñer Unidade de Transplantes na Coruña, Unidade de Transplantes en Santiago e durante o dezaseis anos a nosa cidade defendida agora para unha unidade de lesionados medulares, en Vigo nin se pensou nin para facer un transplante de ril, cando temos a todo a Vigo facendo transplantes de ril na Coruña e en Santiago, nin para facer un transplante cardíaco, que xa temos a moita xente vivindo na Coruña polo tema dos transplantes cardíacos. Tantos anos para non pensar en todo isto!

Velaquí que agora pensan nunha unidade de lesionados medulares cando para todo o País Vasco, como ben lle dixó a Sra. Lago, hai unha unidade; cando para toda Asturias, por non se ter que trasladar ó País Vasco, hai unha unidade; a outra unidade está en Toledo. Non sei como están as ratios pola zona de Andalucía, coído que teñen unha unidade tamén, non estou segura, para min que van a Toledo. Velaquí que agora vostedes propoñen unha unidade de lesionados medulares.

Realmente a min determinado tipo de cousas parécenme oportunismo político.

Os sanitarios tamén estamos para dicir o que pensamos a respecto destes temas. Eu lembro, e niso entorno o “mea culpa”, cando estabamos na oposición e pediamos hospitais comarcais en todos os pobos. Claro, o alcalde da zona, entre os que ó mellor tamén estarían os do meu partido, aínda que como tiñamos poucos daquela non estaban, pedían un hospital comarcal en todos os sitios e iso non é eficiente, é utilizar mal os recursos. Estamos sacándolle á xente que verdadeiramente necesita recursos sanitarios a outros niveis para os distribuír inaxeitadamente.

Se hai un hospital xeral a menos de media hora non é necesaria a creación de hospitais comarcais. Fariámolo de xeito ineficiente se nós, por exemplo, os recursos os utilizamos en crear hospitais comarcais en troques de mellorar listas de espera, atención primaria, poñer as especialidades que si é necesario poñela nas zonas. Sería moi loable que as especialidades que están agora centradas no Hospital Xeral

e logo van estar no grande hospital de Vigo, non se trasladasen á zona do Morrazo, pois si, O Morrazo ten dereito a ter as especialidades pero non por iso ó mellor require dun hospital comarcal, ó mellor require doutro tipo de unidades, de recursos pero non precisamente deste tipo de recursos.

Por favor, unha chamada á sensatez malia que estean agora na oposición. Utilicemos os recursos axeitadamente e non con criterios de acudir a que cantidade de xente está demandando agora isto. Sra. Molaes, ó mellor foi vostede quen definiu políticas nun determinado momento no Sergas e non por quedar ben diante da poboación se poden pedir recursos ilimitadamente, recursos que nestes intre non serían para nada eficientes e nin sequera eficaces.

Con cento e pico persoas que se xeran para unha unidade de lesionados medulares, nestes momentos porque non sei que vai pasar dentro de seis anos, ó mellor resulta que non pasan as transferencias de Tráfico e temos catrocentas persoas lesionadas medulares en Vigo, entón ó mellor si que faría falla pedilo, pero nestes momentos sería utilizar de xeito ineficiente os recursos dos cidadáns con prexuízos graves para as cousas que verdadeiramente fan falla na sanidade.

SR. LÓPEZ FONT: Co ánimo de tentar acadar un acordo entre as tres forzas políticas vaia por diante en primeiro lugar o pronunciamento do Grupo municipal socialista da intención de aprobar esta moción pero cremos que a hai que concretar ben porque do texto que se propuxo, á intervención da Sra. Molaes entendo que hai algunha diferenza, fala máis de estudo que de creación como un mandato. Precisamente o que queriamos nós, ó mellor a redacción pódese facer doutro xeito e pódese suprimir a referencia á verba “ratios”, porque non é estritamente o que pretendemos, pero si é certo que a nosa intención é que haxa a mellor atención para estes lesionados próximos ó seu domicilio e á área sanitaria de Vigo, pero tamén o temos que combinar coa extensa intervención nese sentido que eu non vou repetir que acaba de facer a Sra. Méndez.

Temos que buscar unha eficacia da prestación do servizo sanitario e un equilibrio dentro do que é o conxunto de Galicia por unidades.

Polo tanto coido que o texto que presenta o Partido Popular valería pero non sería tanto instar á creación, senón ó estudo da creación. Fixéronse aquí bastantes referencias á situación en concreto da nosa área sanitaria, creo, modestamente que

é a mellor combinación do texto proposto polo Partido Popular e polo que nós pretendíamos, BNG e Partido Socialista, para que se entenda que a nosa intención é que dentro do contexto xeral de Galicia se estude se realmente ten unha eficacia en todos os sentidos que exista no hospital de Vigo esta unidade especial de atención.

Polo tanto, insisto, a contraproposta sería: “o estudo da creación no futuro grande hospital de Vigo”.

Coido que estamos de acordo e que é un pouco o espírito da redacción que lle déramos antes e non se trata dun termo economista estritamente referido a ratios, porque evidentemente hai unha realidade social moi complexa detrás disto, pero á vez si queremos gardar ese equilibrio de eficacia e eficiencia na rede sanitaria de Galicia. Propoñemos iso.

SRA. MOLARES PÉREZ: A verdade é que eu estaba na liña de aceptar calquera tipo de modificación que permitira ese obxectivo final de darlles unha mellor atención a eses pacientes, pero coa intervención da Sra. Méndez quedei francamente preocupada porque dixo dun xeito claro que non lle parece ben esta unidade porque tampouco llo parecen os hospitais comarcais que se puxeron en marcha e maxino que tamén estará en contra e terá algo que dicir en canto ós centros de saúde que se van facer nas diferentes áreas da cidade porque a descentralización leva de seu maior utilización de recursos pero para a xente que está ó carón do centro de saúde, nese contorno, beneficiaríalle. Xa sabemos que todo ten vantaxes e inconvenientes pero realmente o discurso que fixo me deixou desconcertada.

Non fun directora de Atención Primaria, fun directora provincial pero en todos os sitios que estiven tentei mellorar as cousas. Non quere dicir que o que xestionei fose como a min me gustaría, a min gustaríame que a sanidade se xestionara moito mellor antes e dende logo moito mellor agora porque lle podo dicir que empeorou de xeito notable e dígollo con coñecemento de causa porque é unha das áreas máis sensibles, que máis nos afecta. Noutras cousas podemos falar de servizos, de usos, pero aquí estamos falando da saúde e da vida e polo tanto é o máis importante.

Si que sé de planificación: vostede referíase a que sabe que teño un máster en xestión e administración sanitaria e polo tanto algo diso sei, pero realmente me

preocupa que como corporativos da cidade de Vigo nós non instemos a que os noso cidadáns teñan a mellor asistencia sanitaria. Tamén lamento que teña tan poucas esperanzas no Partido Socialista e que se non nos transfere o Tráfico crea que vai haber máis accidentes porque maximo que a todos nos ten que importar realmente que as medidas que se adopten neste sentido provoquen os menos accidentes posibles.

A nosa idea ó presentar esta moción non é atender sinxelamente a unha demanda sen máis, sobre algo que nos poñen enriba da mesa dicir que adiante, non podemos dicir que non, Ó mellor iso é o que facía vostede cando se pechaban as camas no Cíes no verán e presentaba a este Pleno unha moción dicindo que non era oportuno que se pecharan e sen embargo dende que gobernan vostedes, Bloque e PSOE, xa non volveron presentar esa moción no Pleno. Nese sentido ó mellor vostede cre que nós actuamos en goberno e oposición de diferente maneira por oportunismo, pero lle podo asegurar que ese non é o estilo do Partido Popular e tampouco o meu propio.

Polo tanto eu, con esa intervención tan pouco crible de facer un estudo para que nos digan que non, porque se os que estamos nesta Corporación non cremos que isto sexa viable, realmente mantémola tal e como está: “Que o Pleno da Corporación inste á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia á creación no futuro hospital da área de Vigo dunha unidade especial de atención ós grandes lesionados medulares”.

Vostedes, sobre todo vostede, Sra. Méndez, nesa intervención dixo claramente que non está de acordo con que se monte, que lle parece un uso dos recursos públicos sanitarios pouco eficiente. A nós parécenos que esas persoas que sofren este problema realmente merecen esa unidade. Esa ten que ser a nosa sensibilidade como Corporación de Vigo, independentemente de que sexan necesarios moitos máis recursos sanitarios.

Claro que son necesarios moitos máis recursos económicos para a área sanitaria. Se non poñen máis cartos na Xunta de Galicia na área sanitaria imos ter un problema todos os cidadáns porque esa Consellería está que racha e de verdade que llo digo de corazón, gustaríame dicir o contrario polo que nos toca, porque mañá desgraciadamente nos pode tocar utilizar ese sistema.

Coido que nas políticas sanitarias ten que haber a maior sensibilidade de todos os

grupos para que teñan os maiores recursos e dean as mellores prestacións. Penso que en Galicia e en Vigo hai bos, magníficos profesionais pero necesitan que dende a administración pública e os políticos apoiemos as políticas sanitarias con máis recursos e máis forza. Coido que nun novo hospital coma este, un hospital que realmente sexa unha referencia non só para Vigo, senón para Galicia, xa está ben de que leven todo cara o norte, tamén no sur os cidadáns necesitamos que nos respecten.

Temos que ser ambiciosos e pedir a creación desa unidade, se nos avalan con estudos, que o dubido, verase que poboación hai no norte e que poboación hai no sur. Non se trata de polemizar, trátase de defender os dereitos dos cidadáns e deberíamos estar todos de acordo en apoiar esta moción como fixeron noutros concellos da área.

Polo tanto, logo das intervencións, mantemos integramente este texto.

(Están ausentes os Sres. Conde Gil e Figueroa Vila).

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con catorce abstencións dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Fidalgo Iglesias, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez,

**ACÓRDASE:**

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. Porro Martínez, relativa a instar á Consellería de Sanidade a creación dunha unidade especial de atencións os grandes lesionados medulares no futuro hospital da área de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

14.- (14).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A CREACIÓN DUN SAMUR SOCIAL QUE ATENDA AS NECESIDADES DOS COLECTIVOS MÁIS DESFAVORECIDOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 21 de xaneiro de 2008, a concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

"No preámbulo da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, do 10 de decembro de 1948, considérase que a liberdade, a xustiza e a paz no mundo teñen por base o recoñecemento da dignidade intrínseca e os dereitos iguais e inalienables da familia humana. No artigo 3 defende que todo individuo ten dereito á vida, á liberdade e á seguridade da súa persoa.

O tema para o 2008, "Dignidade e xustiza para todos nos," reforza a visión da Declaración Universal dos Dereitos Humanos como compromiso coa dignidade e a xustiza a escala universal. Non se trata dun luxo nin unha lista de desexos. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos e os seus valores básicos, a dignidade humana inherente, a non discriminación, a igualdade, a equidade e a universalidade aplícanse a todos, en todos os lugares e en todo momento. É universal, duradeira e dinámica, e atínxenos a todos.

Na continuidade das propostas do goberno de Corina Porro co Plan Local de Drogas do ano 2006-2008, nas súas liñas xerais na área de incorporación social, móstrase como primeiro punto a resposta á marxinalidade e á exclusión social, potenciando programas e recursos de emerxencia social e redución do dano, facendo fincapé na cobertura das necesidades básicas. E dentro dos obxectivos específicos a creación dun dispositivo para facilitar a accesibilidade aos programas asistenciais e de incorporación social dos colectivos en situación de exclusión.

Consideramos polo tanto básica a creación dun SAMUR que garanta unha asistencia de calidade, xeneralizando a satisfacción de usuarios dos servizos e que atenda ás urxencias sociais de carácter individual, familiar e colectiva que se producen na nosa cidade. A asistencia inmediata ás persoas sen fogar, en situación de mendicidade, realizando a detección, o seguimento e a intervención.

A actuación debe ser coordinada con outros Servizos de emerxencia da cidade (Bombeiros, Policía, Ambulancias e Protección Civil...) para que a atención sexa eficaz e inmediata e debe desenvolverse as 24 horas e os 365 días do ano.

Por todo isto o GM do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Solicitar ó Goberno Local a creación dun SAMUR social que atenda as necesidades dos colectivos máis desfavorecidos como complemento e mellora dos servizos existentes."

As comisións informativas de Medio Ambiente e máis de Asuntos Sociais, en sesión do 21 de xaneiro de 2008, quedaron informadas do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, no seu artigo 3, deféndese que todo individuo ten dereito á vida, á liberdade e á seguridade da súa persoa.

Na continuidade coas propostas sociais do goberno anterior do Partido Popular, nas súas liñas xerais na área de incorporación social amósase como primeiro punto a resposta á marxinalidade e á exclusión social potenciando programas e recursos de emerxencia social e redución de dano, facendo fincapé na cobertura das necesidades básicas e dentro dos obxectivos específicos a creación dun dispositivo para facilitar a accesibilidade ós programas asistenciais e de incorporación social dos colectivos en situación de exclusión.

Coidamos polo tanto básica a creación dun SAMUR que garanta unha asistencia de calidade xeneralizando a satisfacción do usuario dos servizos e que atenda as urxencias sociais de carácter individual, familiar e colectivas que se producen na nosa cidade. A asistencia inmediata ás persoas sen fogar, en situación de mendicidade realizando a detección, o seguimento e a intervención. A actuación debe ser coordinada con outros servizos de emerxencia da cidade: bombeiros, policía, protección civil, para que a atención sexa eficaz e inmediata e debe desenvolverse as vinte e catro horas e os trescentos sesenta e cinco días do ano.

Por todo isto propoñemos ó Pleno da Corporación: “Solicitar do goberno local a creación dun SAMUR social que atenda as necesidades dos colectivos máis desfavorecidos como complemento e mellora dos servizos existentes

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Dende o goberno non imos facer anuncios, non imos convocar conferencias de prensa, nin imos dicir que imos xerar cousas porque vostedes ultimamente se dedican a coller o que sae nas conferencias de prensa e presentan unha moción nese sentido. Realmente as cousas non poden ser así, hai que ver as necesidades e a cobertura que hai, a necesidade de recursos, etc. Neste caso é o que pasa co SAMUR social.

Efectivamente, dende a Concellería de Benestar Social estase levando unha política de inclusión social, pero isto non é novo, estase a continuar co que se estivo a facer xa en anteriores ocasións e agora o que se pretende efectivamente é melloralala e dalgún xeito reprogramala e organizala.



Nese sentido a creación, non dun SAMUR social, senón de unidades de rúa, unidades de emerxencia, etc., está dentro dos nosos obxectivos e do noso programa electoral, pero tamén hai que ter en conta que ás veces hai determinado tipo de prioridades ou obxectivos que, se os poden cubrir outras administracións coas que hai que saber manter diálogo, cousa que ó mellor no anterior mandato non se soubo manter, para que lle saia menos caro á administración local, iso é o que hai que facer.

Nese sentido quérolles lembrar que precisamente no anterior mandato, alá polo 2005, a que fora concelleira de Benestar Social, Sra. Iglesias Bueno, mandara especificamente unha persoa cara Madrid para coñecer o que significaba o SAMUR social no goberno de Madrid e daquela se fixeron comparacións e estudos correspondentes para veren a equiparación coa cidade de Vigo. Viron que non era asumible porque se levaría a maioría do orzamento de Benestar Social. Hai determinado tipo de prestacións e servizos que se ofrecen á cidadanía que non é posible asumir por parte dunha administración local. Iso non quere dicir que negociando con outras administracións, neste caso a Xunta de Galicia, se poida conseguir que efectivamente esa realidade que vai ser para toda Galicia probablemente nun futuro moi próximo, tamén sexa unha realidade na cidade de Vigo sen que iso signifique detraer recursos doutras partidas que neste momento tamén son necesarias.

Nós estamos efectivamente porque hai que ir vinculando actuacións no seu conxunto en canto a termos de inclusión social, xa dixemos que cando se cre o centro de emerxencia social, o coñecido por albergue municipal, vai haber unha unidade de rúa que vai xa cumprir un pouco ese papel que vostede pide na súa moción.

Tamén dicir que nesa actuación conxunta incrementouse considerablemente nestes últimos dous anos a cantidade de orzamentos dedicada por parte da Vicepresidencia a este Concello para os programas de inclusión social. Probablemente traballando e investindo máis cartos nestes programas evitemos utilizar recursos, como dixen, en algo que dalgún xeito poden cubrir outras administracións.

Solicitar a creación dun SAMUR social cando vostedes tiveron catro anos na etapa anterior e non o crearon precisamente porque era un dispendio de recursos e non

hai recursos suficientes nesta Concellería nin neste goberno para o crear, non nos pidan por oportunismo político e en vésperas electorais que creemos nós o SAMUR social.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: O espírito que tiñamos anteriormente si que era dialógante. Evidentemente nós non tiñamos orzamento, como ben dixo, para levar a cabo o SAMUR social e entón a secretaria de Vicepresidencia, M<sup>a</sup> Jesús Lago, se comprometera a facilitar os recursos económicos necesarios para crear o albergue que tanto nos solicitan os distintos colectivos e crear o SAMUR social porque si hai necesidade nesta cidade e é un pedimento das diferentes asociacións e grupos de autoaxuda coas que me consta que tivo unha reunión.

Cremos que é necesario un pouco polos acontecementos que se están dando na nosa cidade, faleceron dúas persoas na rúa durante o mes de decembro e iso si que nos parece un factor a ter en conta para que, ademais das unidades de día que xa hai na cidade, se cre este SAMUR social.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Quizais me expresei mal. O que dixen foi precisamente que nós estamos buscando colaboración doutras administracións para que se cre o SAMUR social. Precisamente cando presentabamos o compromiso de Vicepresidencia de que se ía facer o albergue municipal de emerxencia social, falabamos de que nese albergue habería unha unidade de rúa e esa é precisamente o que vostedes están demandando, pero non un SAMUR social que xorde da nada e deste Concello. Vostedes din literalmente na súa moción: "Que se cre o SAMUR social dende o Concello". Evidentemente nós non estamos porque se cre un SAMUR social no Concello, senón que sexan outras administracións as que dalgún xeito cren este servizo para non utilizar recursos inaxeitadamente.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Non sabemos que o levaba vostede no programa, nós si o levábamos e xa había un convenio apoiado pola Xunta de Galicia e o único que lle solicitamos é que se leve a cabo porque é unha promesa que leva vostede ofrecendo dende o mes de xullo, volveu afirmar que se ía levar a cabo o mes de novembro e que no mes de xaneiro xa teríamos algunha resolución con respecto a este tema. Non temos nada e é algo a ter en conta pola urxencia da situación.

(Están ausentes os Sres. Conde Gil e Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Fidalgo Iglesias, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez e Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. García Míguez, instando a creación dun SAMUR social que atenda ás necesidades dos colectivos máis desfavorecidos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

#### 15.- (15).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA ÁS POLÍTICAS MUNICIPAIS DE EMPREGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de xaneiro de 2008, a concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. Molares Pérez, formula a seguinte moción:

"O pasado mes de decembro, aprobouse por unanimidade unha moción do Grupo Popular na que se instaba á Concellería de Economía e Emprego a presentar un novo Plan Municipal de Emprego 2008-2011.

Pasou xa un mes e aínda non se sabe nada sobre a elaboración, contidos e preparación por parte do Goberno, do novo Plan Municipal.

O que si sabemos é que finalizaron as contratacións dos técnicos do Departamento de Economía e Emprego deste Concello, enmarcados no anterior Plan de Emprego 2004-2007. Máis de 20 persoas da área de promoción económica deixaron de prestar os seus servizos: a Coordinadora do Plan Municipal, o Coordinador do CITIC, o Coordinador do Servizo de Orientación laboral e o Coordinador do servizo de Asesoramento de Emprendedores, quedando totalmente desarticulado dito departamento.

Xa que logo, o Departamento de Economía e Emprego non conta cos recursos humanos necesarios para dar un servizo adecuado aos cidadáns que demandan un novo emprego ou para os que queren poñer en marcha unha iniciativa empresarial.

Desde o Grupo Popular consideramos que no ámbito de emprego é necesaria a coordinación e a suma de esforzos das distintas Administracións Públicas para axudar a conseguir o pleno emprego.

Parécenos grave, e así o denunciámos aos medios de comunicación, que o Concello de Vigo perda unha subvención de 136.622 euros da Xunta de Galicia para financiar a contratación de 6 traballadores destinados a desempeñar tarefas no departamento municipal de Promoción Económica e Emprego, que se atopa baixo mínimos.

Este Goberno amosa, unha vez máis, que non só é incapaz de poñer en marcha novas iniciativas senón que tampouco é quen de aproveitar as xa existentes.

Por todo o exposto, o GM do Partido Popular insta ao Goberno Municipal

1.- A que en ningún caso renuncie ás subvencións ou axudas das Administracións Públicas que se concedan a este Concello no ámbito de emprego, posto que é unha materia na que participan no financiamento as distintas Administracións autonómicas, estatais e europeas.

2.- Que o goberno municipal asine un convenio de financiamento en materia de Emprego que faga realidade os numerosos anuncios que o conselleiro de Traballo ven de realizar para a cidade de Vigo."

A comisión informativa de Participación Cidadá, en sesión do 21 de xaneiro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

*A concelleira Sra. Molares Pérez procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.*

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: A Sra. Molares reitera algunhas cuestións e falando do Plan municipal de emprego quizais non teña información porque ó mellor non ten que lla conte pero non se preocupe que este goberno presentará un plan municipal de emprego en tempo e forma e consensuado porque se está a traballar nel, tema que vostede coñece ben porque antes foi concelleira de Emprego, entre outras cousas das moitas actividades que desenvolvía.

Vostede atopouse cun plan de emprego feito pero durante todo o seu mandato non se preocupou absolutamente nada nin de asistir ás xuntanzas de seguimento dese

Plan Municipal de Emprego, nin tampouco de ir analizando as distintas situacións que se ían producindo neses catro anos, que foron moitas e boas afortunadamente, no mercado de traballo cunha rebaixa importante do número de desempregados e un aumento moi importante das contratacións indefinidas e seguiu co seu mesmo plan, é dicir, non fixo ningún tipo de análise para o axeitar nese tempo.

É máis, na propia Concellería vostede, que hoxe fala aquí de que está desmantelada, ten unha advertencia do ano 2006 de Persoal á Xunta de Goberno Local na que se fala da problemática que se atopa con determinadas contratacións e vostede non fixo nada. Repítolle o que lle dixen no anterior Pleno, dixo que se seguía no goberno xa o arranxaría e se non seguía, o que viñera apandara.

De todos os xeitos pódolle dicir que na Concellería de Emprego hoxe hai o triple de funcionarios dos que tiña vostede. Está falando de contratacións, de que tiña unha concellería no ar, con contratos de obra e servizo; iso é o que vostede tiña.

En canto a ese desmantelamento do que fala, dígolle que se está a traballar e ademais se está a mellorar a efectividade dese traballo. Non polo número ou por ter máis xente se fai máis e mellor traballo.

Ademais, fixo referencia nos xornais a que xa denunciou nos medios de comunicación algunhas cuestións, dixo que o conselleiro de Traballo investía menos do que anunciara anteriormente e a seguir di que se perdeu unha subvención. Pois é unha contradición porque eles si respondían precisamente, mesmo en número máis elevado, á contratación dos axentes de desenvolvemento local.

Neste sentido eu quérolle dicir tamén que me agrada moito a súa preocupación agora que está na oposición, a preocupación do Partido Popular pola estabilidade do emprego, algo que non fixeron vostedes nin dende o goberno central, nin dende o da Xunta de Galicia. É máis, vostedes á hoxe Consellería de Traballo chamábanlle de Interior, Xustiza e Relacións Laborais, non sei que lles pasaba pola cabeza cando mesturaban esas tres cuestións. Esa era a importancia que lle daban vostedes e en base a esa importancia os números de desempregados e de contratos en precario eran os máis elevados.

Afortunadamente hoxe con datos na man podemos dicir con toda a tranquilidade que no ámbito do Estado melloráronse con claridade todas esas cifras que vostedes non foron quen de acadar en oito anos de goberno e podémoslles dicir que a taxa de desemprego baixou do 11% ó 7,95%, ou que os parados de longa

duración se rebaixaron do 35,60% ó 24,64%. Iso é preocupación polo emprego.

Tamén hai algo moi importante: as mulleres ocupadas tamén se incrementaron en máis de 1.300.000 neste oito anos de goberno.

Así mesmo temos que dicir que en Galicia temos uns datos do máis positivos e xustamente o último trimestre do ano 2007, moito mellores que os do ámbito do Estado onde temos a taxa de estabilidade por riba do 70% por primeira vez dende o ano 93.

Polo tanto as políticas que se están a facer dende o goberno de España co Partido Socialista e dende o goberno de Galicia co Partido Socialista e do BNG, son unhas políticas efectivas, cousa que non fixeron vostedes e ímolas facer tamén no Concello de Vigo.

Falan vostedes de que se chegue a un acordo coa Xunta de Galicia única e exclusivamente para o Concello de Vigo, cousa que nunca trataron coa anterior administración do PP que gobernou aquí durante moitos anos e mesmo coincidiu con vostedes, non se lles ocorreu, ocórreselles hoxe. Dáme a impresión de que esquecen unha cuestión, non tiñan costume nin no Estado nin aquí de chegar a acordos cos axentes económicos e sociais. Non o fixeron e esquecen que hoxe hai un diálogo social permanente e que imos ter un pacto territorial polo emprego aquí en Vigo e na súa área onde todos os axentes económicos, sociais e os propios concellos imos definir onde e como, en que sitios se farán esas políticas activas de emprego, é dicir, a maior participación.

Polo tanto entendo que vostedes queiran hoxe facer aquí un novo discurso dicindo que se preocupan do emprego cando nunca o fixeron. Hoxe aproveitan para meter algunha moción e ir cubrindo o seu espazo, pero aquí non nos van dicir a nós que facer co emprego.

En todo caso vostede ven aquí a quedarse coa anécdota das contratacións; contratacións que vostede provocou e non foi quen de resolver e non ven con ningunha cuestión de fondo. Polo tanto, sobre todo polo segundo punto da moción que presenta porque o outro xa é reiterativo, lle imos dicir que non a esta proposta de seu.

SRA. MOLARES PÉREZ: Pedinlle no anterior Pleno ó Sr. Alcalde que lle deixara a vostede sen vacacións de Nadal porque tiña que traballar e facer un plan de

emprego. O meu compañeiro, Sr. Figueroa, daquela dicía que lle deixara vacacións: debeunas tomar e segue aínda de vacacións porque por moito que diga que xa ten un plan de emprego e que non me preocupe, é que non só estou preocupada eu, están os propios traballadores do departamento e estano máis os parados que respecto ó mes anterior xa lle podo dicir que aumentaron. Utilizando datos do INE en novembro había 18.439 a 31 de decembro 18.452, co que dende o Pleno anterior mesmo aumentaron. Paréceme que vostede esta fin de semana debeu estar moi ocupado porque non viu as novas a nivel nacional.

Se o Partido Popular non se ocupou do emprego, o Partido Socialista recoñece que hai 117.000 parados máis no 2007, segundo datos da EPA aumentaron un 6,46% e neste momento o número de parados chega ós dous millóns, polo tanto vostedes non poden dicir que en materia de emprego teñan uns bos resultados, cousa da que non me alegro, por suposto, porque o importante é que todos os cidadáns teñan dereito a un emprego.

Faime gracia que me diga que que vostede non ten persoal e que botaran a 20 persoas do marco do Plan de Emprego anterior. Xa me pode dicir a que xuntanzas non fun porque asistín a todas agás á de contratación de persoal que a delegaba nos técnicos porque quería que a fixeran con criterios rigorosos e técnicos e polo tanto eu non tiña nada que opinar, pero sempre había un representante no meu lugar.

Ese Real Decreto polo que vostede fai mención ás contratacións, que maxino se refire á perda da subvención que tivo porque non quixo vostede contratar a seis traballadores logo de facer un pedimento á Xunta de Galicia e ó INEM de traballadores e logo de facer mesmo un anuncio público; polo menos non gastara no anuncio nos medios de comunicación para contratar a máis xente ou que lle mandaran a máis xente da que lle mandaba o INEM, que non sei por que. Gastou nun anuncio, pediu a subvención e o máis sorprendente é que a vostede lle parece unha cousa menor perder a contratación de seis traballadores. Maxino que o fixo por referencia a ese Real decreto lei 5/2006, dos traballadores que non podían continuar.

Ese Real decreto aprobárono vostedes, non me bote a culpa a min e se quere que lle resolvera nos catro anos de goberno, que levara as políticas que me tocaban e que tamén dende a oposición lle sega levando o tema, se me avisa lle podo botar

unha man pero dende logo a responsabilidade e de seu, non vou resolver dun e doutro lado. Agora fago o que me corresponde que é facer oposición e mes a mes dicirlle a vostede que traballe e faga as cousas, esa é a miña obriga.

Pero me sorprende máis que me diga que triplicou o persoal funcionario, será a praza de administrativo que cubriu, o meu compañeiro o Sr. Guerra non ma quería cubrir e vostede fíxoo, pero a praza de administrativo porque funcionarios só ten un técnico, un administrativo e outro máis, triplicouno, son tres, pero había vinte contratados no marco do plan municipal, dez do programa BIAL que colaboraba co departamento de Vías e Obras que maxino que os botará algo en falla a Sra. Abelairas e vostede segue sen presentar ningunha proposta.

Dixéronme que estea tranquila, que non me preocupe, que van a modiño pero que van. Pois si, preocúpome porque me preocupa que haxa máis parados, que vostede teña a responsabilidade de ter un plan municipal de emprego dende o 1 de xaneiro de 2008 e que neste momento a Concellería estea totalmente desmantelada. Non sei que servizo lle poden dar ós emprendedores cando non hai ninguén que os reciba para os apoiar, non sei que servizo poden dar á hora dunha busca de emprego cando non hai ninguén a quen facer referencia e que asesore porque teño o listado do persoal co que conta a Concellería.

Recrimineino nos medios de comunicación e quéroo facer neste Pleno porque é moi grave que seis persoas que poderían estar contratadas non se contrataran e ademais porque vostede lles dixo que tiña que aforrar para non sei que indemnizacións. Por favor, unha vez feita a selección de persoal, é algo que non ocorreu nunca neste Concello que unha subvención de 136.000 euros se rexeitara. O conselleiro do ramo claro que se ten que cuestionar se vai apoiar ou non á cidade, pero que vostede me diga que son incoherente porque por unha banda dígolle que non apoia e por outra o apoia, dánlle 136.000 euros e pérdeos e por riba di que que bo é o conselleiro que me deu 136.000 euros. Pero se esa convocatoria é a de todos os anos!

Lémbrolle que para o Sr. Alcalde o paro é fundamental. Non me vou reiterar respecto ó Pleno anterior porque son as dúas da tarde, pero o Sr. Alcalde lembrou que o paro será historia nesta cidade, foi en campaña pero o segue considerando unha prioridade. Vostede moito empeño en que esta promesa se cumpra non pon.

En marzo, por parte da Xunta de Galicia se dicía: "A Xunta de Galicia destina 167



millóns para elevar o emprego en Vigo ata 2009". Iso volveuno manter o conselleiro na primeira visita institucional que fixo á cidade de Vigo o día 18 de xuño, o primeiro luns de goberno, o conselleiro D. Ricardo Varela estivo aquí en visita institucional co Sr. Alcalde. Nun medio de comunicación se di: "A primeira promesa en marcha. 167 millóns para o pleno emprego". Isto foi o 19 de xuño.

Pero a miña preocupación chega o 10 de xaneiro onde sae outro titular que di: "Traballo gastará 75 millóns para rebaixar o paro en 4.000 persoas en dous anos". Dígolle a vostede, Sr. Alcalde, que non mande vir máis aquí ó conselleiro a ningunha visita porque como veña en xuño xa non nos dá nada; se en seis meses rebaixou o orzamento de 167 a 74,8, como veña nuns meses xa nos dá 32 e como vexa o ben que xestiona os recursos que lle dá o Sr. Rodríguez Díaz, dende logo que ten todos os motivos para non nos dar nada, pero os pobres cidadáns que están no paro non teñen a culpa de que vostedes o xestionen así de mal.

Se xa baixou de 167 a 75 millóns firmen xa, que non veña pero que os firme, que llo mande por correo, fax ou email pero que mande ese convenio, que o firme o Sr. Alcalde e vostede xestione os 75 millóns con ese triple de funcionarios que ten, que son tres.

Como non vou estar preocupada? E máis que tería que estar, pero sobre todo máis preocupado tería que estar o Sr. Alcalde porque ve como pasan os meses e da súa principal promesa electoral non se fai nada de nada.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Xogaron xa varias veces coas cifras que aportou aquí o conselleiro de Traballo. Sra. Molares, unha das primeiras declaracións que fixo aquí o conselleiro é sobre un plan cuadrienal, de catro anos, e este de xaneiro é un plan bienal.

Ademais hai que engadir que cando gobernaban vostedes na Xunta sacaban subvencións que en moitos casos se esgotaban cando alguén as ía solicitar porque xa estaban dadas. Isto son realidades, son orzamentos transparentes e para seren efectivos na mellora do emprego.

Vostede xoga coas cifras do desemprego e eu repítolle que estes últimos catro anos no Estado e estes dous últimos en Galicia foron os mellores anos en canto á diminución do número de desempregados e os mellores anos en canto ó incremento da contratación indefinida. A taxa que temos na provincia de

Pontevedra é do 7,54% á data de hoxe, iso era impensable na súa etapa na que era do 13 ou do 14. Polo tanto esas políticas que se están a facer, repito que dende o Partido Socialista no goberno do Estado e dende o goberno da Xunta do Partido Socialista e BNG, estanse a demostrar efectivas.

Agradezo ademais que de súpeto lle veña ó Partido Popular esta preocupación, paréceme moi ben.

Vostede fala de que aquí botamos ós traballadores. Non se botou a ningún traballador do Concello senón que lles remataron os contratos. Ademais vostede como funcionaria pública que é e como concelleira sabe que estamos obrigados a cumprir e facer cumprir a lei. Polo tanto menos demagogia cos traballadores.

O que temos que facer é reforzar a Concellería con persoal do Concello, que entre como ten que entrar calquera traballador no Concello, por convocatoria pública, respectando o mérito, a publicidade, a capacidade e non estar a xogar con contratos en precario para dicir que se fixo unha xestión marabillosa.

Vostede mesma reconece que non foi quen de cubrir nin de xeito interino unha vacante que tiña, o seu goberno non foi quen do facer e esa é a demostración do interese que vostede tiña por iso, quizais prefería ter os contratos doutro xeito.

Dígolle que hoxe, tanto en orientación, como en atención a emprendedores, estase facendo o traballo e de xeito eficaz, reitérolle, non polo número de xente é máis ou menos eficaz un traballo, importante neste caso, que se está dando e ademais que o imos reforzar.

Vostede poderá facer todos os meses unha moción sobre emprego que eu lle agradeceréi moito porque nos vai poder permitir tamén ter esta cuestión nun lugar de atención para os cidadáns; xa o teñen na súa casa moitos deles, pero polo menos tamén publicamente, máis aló tamén doutras actividades.

Agradézolle moito que siga presentando estas mocións, que se preocupe ademais de que poidamos ter estes debates como mínimo cada mes para poñer esta preocupación en primeiro lugar e a ver se o seu partido, á parte de facer declaracións de publicidade, que diso saben bastante, nalgún momento tamén puxa para que ese número de desempregados sexa cero e colaboren vostedes un pouco.

SRA. MOLARES PÉREZ: Vostede espera que eu siga presentando unha moción en

materia de emprego todos os meses; espero que non porque me queda D. Xabier Alonso, D. Santiago Domínguez, o Sr. López Font e ata o Sr. Rivas que se librou ata agora de que lle presentemos algunha moción pero lle tocará, hai que repartir, non vou ir sempre contra vostede porque vai parecer que temos algo persoal e xa sabe que eu o aprecio.

Pero, como me pode dicir iso? Dígame que espera ter para o próximo Pleno un plan de emprego aquí, que o poidamos debater, pero non mocións para que lle sega tirando das orellas porque para min non é apetecible facer isto, gustaríame máis aplaudirle e dicirlle que ten un plan de emprego fantástico pero non podo.

A verdade é que o que non me dixo é por que perderon esa subvención de 136.000 euros para contratar seis traballadores. Divagou pero non me dixo por que esas persoas que vostede solicitou, que houbo unha convocatoria que ademais coido lembrar que pasou por Xunta de Goberno para contratación de seis axentes locais de emprego, solicitou xente ó INEM que coido que lle mandaron a dezaioito persoas, non lle deberon gustar porque pediu a través de anuncio público que acudira máis xente: logo seleccionaron a seis e non lles fixo o contrato. A verdade que iso é grave. Esa xente quedou na rúa logo de xerarlle unha expectativa de que ía ter unha oportunidade dun emprego e vostede nin se inmuta, nin dá unha explicación neste Pleno.

Do financiamento do que lle falei do conselleiro D. Ricardo Varela, eu adoito ser puntillosa coas cifras porque como dicía a Sra. Méndez son economista aínda que case xamais exercín pero os números gústanme, é a miña parte forte. Cando veu o concelleiro á cidade, ese día non fixen nada, critiqueino a vostede por perderen a subvención pero non fixen referencias ás achegas do Sr. Conselleiro. Logo si que busquei documentación, analiceina e o Sr. Conselleiro eses 167 millóns referiunos ó marco “finais 2009”, ó mesmo marco ó que se referiu o pasado 10 de xaneiro cando veu á cidade, non estamos falando de períodos distintos.

Polo menos así foi a referencia que fixo o 19 de xuño de 2007 e leo textualmente: “O conselleiro de Traballo, Ricardo Varela, anunciou onte que o seu departamento investirá 167 millóns de euros ata o 2009 co obxectivo de acadar o pleno emprego na cidade olívica”. O 10 de xaneiro saíu nos medios: “Traballo gastará 75 millóns para rebaixar o paro en 4.000 persoas en dous anos”. E sigo lendo: “Nos próximos anos a Xunta de Galicia gastará 74,8 millóns de euros. O principal obxectivo é

reducir o paro en máis de 4.000 persoas. Se así fose Vigo rexistraría 14.300 desempregados a finais de 2009". Estamos falando de dúas cifras totalmente diferentes, cunha diferenza de 92 millóns de euros referenciadas a finais do ano 2009.

Eu xa lle digo que cos 75 me conformo, pero que o asine, que non veña máis porque cada vez que ven nolo resta.

Xa o comprobarei cando transcriban o Pleno pero eu non lle estou dicindo que vostedes botaran a vinte persoas, se o dixen rectificoo; rematou o contrato no marco do Plan de emprego 2004-2007, non podían seguir nin un día máis. Precisamente por iso o día 1 de xaneiro de 2008 tiñan que estar eses ou outros contratados. O servizo de asesoramento empresarial, o do orientación laboral tiñan que estar en perfecto funcionamento. Vostede non me pode dicir que o servizo a emprendedores estase dando correctamente cando se dá por cita porque eu coñezo xente que pediu cita e non lla deron porque só hai dúas persoas, unha estaba de baixa e non sei se se deu de alta, xa me poden dicir como poden atender a calquera emprendedor. Deixámoslle un edificio para que o inaugure e ese edificio morre de asco porque realmente non vai ninguén alí porque non teñen persoal, cando un vai tomar café teñen que pechar porque é o que hai.

Xa lle digo que non me gusta mirar cara atrás, coido que nas áreas que levei xa demostrei o que fixen e está aí, ademais os cidadáns xa o valoraron nas votacións das municipais anteriores, agora tócalles traballar a vostedes, pero lles lembro que nese Plan anterior de emprego 4.500 persoas se beneficiaron del, sobre todo mulleres. Agora o ten que demostrar vostede.

Respecto ó persoal da concellería, que non fun quen de que o meu compañeiro o Sr. Guerra cubrira un posto de administrativo, non pasa nada, conseguín moitas outras cousas, non se pode conseguir todo na vida, hai que ser dialógan e unhas veces se gana e outras se perde e se gañaba outras cousas tamén gañamos que no IMD houbera máis persoal. Se levaba sete áreas non podía gañar en todas, pero está claro que esa persoa non se contratou a través da oferta pero si a través dunha subvención da Xunta de Galicia. Ademais o seu compañeiro, Pedro Borrajo, teño que dicir que atendeu ben a área que levaba, non lle notei que tivese problemas porque eu fose doutro partido e conseguín as subvencións que Vigo necesitaba e tamén o digo aquí publicamente.

Se a min non me trataba mal, a culpa é de seu porque a vostede o terá que tratar moito mellor, dálle subvencións e pérdeas.

Como me pode dicir vostede que ademais non me vai votar a favor esta moción? Pola contra tería que votala a favor e poñer as medidas para que eses seis traballadores que perdeu e que a Consellería de Traballo lle concedeu, recuperalos. Sobre todo insisto en que o máis importante desta moción non é perder aquí o tempo, todos temos moitas cousas que facer; é que eses cartos que o conselleiro anunciou de xeito reiterado que veñen á cidade, que se asine ese convenio, se é con 167 millóns mellor que con 75, pero que veña, que asine o convenio de financiamento e, o máis importante, que logo vostede sexa quen do gastar porque se asinamos o convenio de 75 millóns de euros e logo os devolvemos, mal nos vai. Para iso lle aconsello que dalgún xeito cubra as necesidades de recursos humanos que ten a concellería, eu non lle vou dicir como, pero vostede ten que dar unha resposta ó emprego porque ademais, xa non o di a oposición, dio o seu alcalde que tamén é o meu; é prioritario.

Lémbrolle un titular: “O paro será historia”. Por favor, faga historia do paro na cidade de Vigo.

(Están ausentes os Sres. Conde Gil e Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Fidalgo Iglesias, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez e Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. Molares Pérez, relativa ás políticas municipais de emprego, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (16).- ROGOS E PREGUNTAS.

- \* PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. LARRIBA LEIRA, RELATIVA Á APERTURA DUNHA AULA DA UNED DE VIGO.

SRA. LARRIBA LEIRA: A miña pregunta está en relación coa apertura dunha aula da UNED en Vigo. Permítanme unhas breves consideracións para contextualizalas.

O modelo de ensino superior a distancia da UNED descansa en boa medida no papel que se lles outorga ós centros asociados. Estes centros son esenciais para o normal funcionamento da Universidade ó teren lugar neles as actividades fundamentais dos seus estudantes: matrícula, titorías, exames, etc.

O centro asociado da UNED en Pontevedra é un dos 61 centros repartidos por toda a xeografía española que forman parte da súa estrutura académica.

A tecnoloxía dixital introduciu nos últimos anos cambios revolucionarios no campo do ensino a distancia, isto levou á Xunta de Goberno da UNED a aprobar no ano 2000 a creación das aulas de ensino superior a distancia. Con esta nova estrutura a Universidade facilita por unha banda a titorización das carreiras que imparte a UNED e pola outra a potenciación das actividades de ensinos non regulados que se viñan desenvolvendo polos centros asociados e que agora poden ter iniciativa dende as aulas a distancia. Deste xeito as poboacións nas que as aulas están localizadas e todo o seu contorno vense favorecidos tanto na súa actividade cultural como no intercambio con outras poboacións do resto da provincia.

O Grupo popular é coñecedor da reclamación que os alumnos da UNED de Vigo veñen facendo ós responsables da Universidade co obxecto de acadar a concesión dunha aula destas características na cidade.

No Centro Asociado da UNED de Pontevedra hai aproximadamente uns 4.800 alumnos matriculados en ensino formal e regulado dos que case 3.000 son cidadáns de Vigo. A estes hailles que engadir unha cifra sen determinar de alumnos de formación continua na Fundación UNED, cantidade que tamén debe ser considerable ó seren esta Universidade unha da que máis cursos ofrece en todo o País.

A UNED instalou aulas en Lalín, Tui e Vilagarcía, aulas que dan cobertura a unha

poboación de moito menor rango en termos cuantitativos que o que lle corresponde á cidade de Vigo o que fai moi razoable a petición que estes alumnos trasladaron ó Reitorado da UNED en Madrid.

Entendemos que o goberno local debe xogar en favor dos intereses de Vigo e dos seus cidadáns, non só evitando que se teñan que desprazar cara Pontevedra, senón coa vista posta no caudal de recursos educativos e culturais que se poderían derivar da presenza dunha aula da UNED na cidade. Xa que logo o Grupo municipal do Partido Popular faille ó goberno local a seguinte pregunta: En que situación se atopa a apertura da aula UNED en Vigo e cal foi a contribución do goberno local en favor da consecución deste servizo universitario para a cidade.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Realmente satisfaimos esta preocupación porque é certo que eu recibín na miña Concellería moitas solicitudes de alumnos para que unha aula da UNED puidera ser instalada en Vigo polas necesidades que vostede acaba de describir, pola cantidade enorme de alumnos e alumnas que desa Universidade hai nesta cidade. Pareceume que era moi importante, posto que son a concelleira de Educación todo o que ten que ver con ela é importante para min e por suposto comunicándolle ó Sr. alcalde estas peticións, coidamos esencial abrir unha ou varias aulas en Vigo correspondentes á UNED para poder dar cobertura a todas esas necesidades que se presentan.

Penso que é importante e só estaba un pouco pendente dun espazo axeitado porque a cidade é grande e a cantidade de alumnos tamén. Penso que todo iso está resolto, só queda pendente a relación que estableza o Sr. alcalde e o Sr. reitor da UNED para chegar ós acordos correspondentes. Coido que en todo momento debemos sumar para atender axeitadamente esta petición.

A PRESIDENCIA: Sra. concelleira, débolle informar persoalmente que ás dúas da tarde tiña concertada unha entrevista co responsable territorial da UNED dende Ponferrada que se aprazou para as dúas e media e polo tanto o vou ver dentro de cinco minutos.

\* PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR,

SRA. LARRIBA LEIRA, RELATIVA Ó CUMPRIMENTO DE MOCIÓN APROBADA NO PLENO DO 24 DE DECEMBRO SOBRE A ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS.

SRA. LARRIBA LEIRA: O pasado día 24 de decembro o Grupo Popular presentou ó Pleno da corporación unha moción para a súa aprobación na que se instaba ó goberno local a que aportase solucións integrais ós problemas da Escola Municipal de Artes e Oficios, reabrir a sa de lectura da biblioteca e a dispor todos os recursos necesarios para que os alumnos afectados pola demora no comezo das clases poidan inicialas de contado.

Temos coñecemento de que os traballos de catalogación dos fondos da biblioteca e da hemeroteca reemprendéronse pero non así a solicitada apertura da sa de lectura que parece quedou aprobada naquela data.

Así mesmo seguen sen se poñer en marcha solucións ó conxunto de problemas que denunciabamos nesa ocasión, especialmente ó que afecta á grande parte dos alumnos da EMAO: o comezo das clases en boa parte das materias que se imparten na escola.

Os responsables da EMAO prometeron repetidamente ós alumnos o inicio inmediato das clases para logo lles anunciar sucesivos atrasos. Empezou o ano, segue sen haber unha data definitiva para o comezo das clases e xa estamos á metade do curso.

A Concellería de Educación centrou o problema na contratación dalgúns profesores que imparten docencia na EMAO, actuando claramente contra o interese dos alumnos que son en definitiva os primeiros destinatarios da súa acción.

A desaxeitada solución proposta pola Concellería, por tardía e provisional, manifesta que non se souberon artellar medidas para a contratación de profesores en tempo e forma nas materias ofertadas dende o comezo do curso, que tampouco hai profesores para substituír as baixas prolongadas que se producen na escola. Hai por exemplo materias das que só se impartiu un día de clase e xa pasaron catro meses dende entón. Moito menos enténdese que noutras materias, tendo profesorado en activo, non se poidan estar impartindo esas clases.

Reiteramos a esta Corporación que non abonda xustificarse con que os problemas veñen de antigo, o goberno ten a oportunidade e a obriga de vigorizar a EMAO e



para isto resulta inescusable a elaboración dun proxecto estratéxico que a sitúe como referente nos programas educativos da cidade.

Ó final a grande prexudicada é a propia Escola, unha das institucións máis antigas e prestixiosas de Vigo, traxectoria que non parece estar suficientemente valorada polo goberno local que si se amosa, pola contra, propicio á creación de novas escolas de dependencia municipal como é a recentemente anunciada escola de pintura.

Polo exposto o Grupo municipal do Partido Popular traslada ó goberno local a seguinte pregunta: Cal é a data definitiva de inicio das clases en todas as materias ofertadas para o presente curso académico na Escola de Artes e Oficios e que aínda non comezaron. Insisto en que non de todas a teor da nova que reflicten os xornais de hoxe.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Esta resposta suporía moito tempo. Coido que o mellor que podo facer é darllo todo por escrito para a súa información correcta, pero adiantar que hai 700 alumnos dende o día 17 de outubro que reciben clase sen ningunha inconveniencia, hai 300 que o iniciarán o día 1 de febreiro e unicamente queda o problema da Escola Municipal de Música e Folk que é o que implica máis tempo por razóns de contratación.

De todos os xeitos mandareille por escrito toda a información para que vostedes teñan as razóns que nos levan a esta situación.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás catorce horas e vintenove minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

**DILIXENCIA:**

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xaneiro de 2008. Consta de 67 folios da serie A numerados do 2141109 ó 2141175, e números do 2 ó 68. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2008.

Vigo, a 31 de marzo de 2008  
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda